



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 55

**Sesión Plenaria**  
20 de decembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 3. Proposicións non de lei**

#### **3.1 17087 (10/PNP-001290)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

#### **3.2 19755 (10/PNP-001466)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao grupo Ferroatlántica-Ferroglobe do mantemento en Galicia de todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación de silicio solar, así como a realización das actuacións necesarias para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

#### **3.3 20696 (10/PNP-001541)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

#### **3.4 20810 (10/PNP-001552)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

#### **3.5 20917 (10/PNP-001563)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avéspera *velutina* en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

**3.6 20958 (10/PNP-001566)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, rede-señando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

**3.7 20971 (10/PNP-001567)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun tramepo masivo contra a avespa *velutina*, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

**3.8 21008 (10/PNP-001570)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespa *velutina*, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

**Punto 4. Interpelacións****4.1 19155 (10/INT-000629)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

**4.2 20422 (10/INT-000676)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

**4.3 20946 (10/INT-000701)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e dous deputados/as máis**

Sobre a protección do medio ambiente e o lindano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 223, do 05.12.2017

## **Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **5.1 21410 (10/POPX-000064)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a responsabilidade do presidente da Xunta na resolución dos problemas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

### **5.2 21413 (10/POPX-000065)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre os obxectivos que debe ter a Comunidade Autónoma de Galicia na revisión do sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

### **5.3 21424 (10/POPX-000066)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

## **Punto 6. Preguntas ao Goberno**

### **6.1 20190 (10/POP-002401)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis**

Sobre a realización na actualidade pola Xunta de Galicia dalgunha análise dos niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos e elementos traza nas augas e sedimentos dos encoros nas zonas afectadas pola recente vaga de lumes forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

### **6.2 20307 (10/POP-002413)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

### **6.3 16918 (10/POP-002128)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento das competencias profesionais e a formación necesaria para a adquisición do título de técnico ou técnica superior en Electromedicina Clínica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**6.4 19596 (10/POP-002337)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e nove deputados/as máis**

Sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Mariña dende a entrada en funcionamento do sistema de Estruturas de Xestión Integrada, EOXI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

**6.5 20721 (10/POP-002461)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a situación da infraestrutura e a dotación de persoal de enfermaría no Hospital Comarcal de Monforte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 223, do 05.12.2017

**6.6 21406 (10/PUP-000132)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da relación existente entre os beneficios e os riscos das vacinas que se usan no Programa galego de vacinación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

**6.7 21414 (10/PUP-000128)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

**6.8 21419 (10/PUP-000130)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre os mecanismos de coordinación institucional e de intercambio de información existentes entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para que o Goberno galego continuase anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

**6.9 21420 (10/PUP-000131)****Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando ao sector do mar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.201

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a responsabilidade do presidente da Xunta na resolución dos problemas de Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os obxectivos que debe ter a Comunidade Autónoma de Galicia na revisión do sistema de financiamento autonómico.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

*O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria que consiste en que a interpelación que figura en segundo lugar será debatida en primeiro lugar.* (Páx. 29)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 30.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 37.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 38.) e *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 40.)

*O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 42.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao grupo Ferroatlántica-Ferroglobe do mantemento en Galicia de todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación de silicio solar, así como a realización das actuacións necesarias para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 48.), *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 50.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 51.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 53.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 56.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 59.) e *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 62.)

*A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 64.)

**Proposición non de lei do G. P de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 67.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 69.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 71.)

*Nova intervención do señor Lago Peñas (EM).*(Páx. 73.)

*O señor presidente anuncia o debate acumulado de tres proposicións non de lei.* (Pax. 74.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avespa *velutina* en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie.** (Punto terceiro da orde do día.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun trampeo masivo contra a avespa *velutina*, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento.** (Punto terceiro da orde do día.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespa *velutina*, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei.* (Páx. 75.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 75.), Sr. Pérez Seco (S) (Páx. 78.) e Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 83.)

Os señores Rivas Cruz (BNG) (Páx. 86.) e Pérez Seco (S) (Páx. 87.) e a Sra. Quinteiro Araújo (EM) interveñen para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 88.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, redeseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 90.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 90.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodríguez Barreira (P) (Páx. 96.) e Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 97.)

O señor Fernández Leiceaga (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 98.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela: *aprobada por 67 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao grupo Ferroatlántica-Ferroglobe do mantemento en Galicia de todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación de silicio solar, así como a realización das actuacións necesarias para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo: *aprobada por 67 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Pax. 100.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados: *aprobada por 67 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública: *rexeitado por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avéspera *velutina* en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie: *rexeitada por 29 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun trampeo masivo con-

tra a avésa *velutina*, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento: *rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quintero Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avésa *velutina*, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores: *rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, rediseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *aprobado por 67 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 103.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 106.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 111.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 113.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 121.)

**Interpelación de D. Marcos Cal Ogando e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a protección do medio ambiente e o lindano.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 123.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 126.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 131.)

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a realización na actualidade pola Xunta de Galicia dalgunha análise dos niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos e elementos traza nas augas e sedimentos dos encoros nas zonas afectadas pola recente vaga de lumes forestais.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 135.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 137.)

**Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Mariña desde a entrada en funcionamento do sistema de Estruturas de Xestión Integrada, EOXI.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 139.)

Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 141.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da infraestrutura e a dotación de persoal de enfermaría no Hospital Comarcal de Monforte.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 144.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 146.)

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da relación existente entre os beneficios e os riscos das vacinas que se usan no Programa galego de vacinación.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 148.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 149.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 150.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 151.)

*O señor presidente (Calvo pouso) anuncia o debate acumulado de tres preguntas. (Páx. 152.)*

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo. (Punto sexto da orde do día.)**

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os mecanismos de coordinación institucional e de intercambio de información existentes entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para que o Goberno galego continuase anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo. (Punto sexto da orde do día.)**

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando ao sector do mar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención dos autores: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 152.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 154.) e Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 155.)*

*Contestación da Xunta: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo) (Páx. 156.)*

*Réplica dos autores: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 158.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 159.) e Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 160.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 161.)*

*Remata a sesión ás sete e corenta minutos do serán.*

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 5 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a responsabilidade do presidente da Xunta na resolución dos problemas de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Señor Feijóo, este ano despídese con malas noticias para a economía das familias galegas. Temos o gasóleo e a gasolina máis caros de todo o Estado, e iso cunha refinería na entrada da Coruña. Temos a factura da luz máis cara de toda Europa, a pesar de que somos un país excedentario e que exportamos enerxía eléctrica. E soportamos unhas peaxes que son unha auténtica estafa legalizada e que, por riba, o ano que vén o señor Rajoy nolas vai subir un 4 %, o dobre que a media do Estado. Non me estraña que o IPC estea disparado en Galiza, e non quero pensar o que vai pasar en xaneiro cando se faga efectiva esta subida das peaxes da AP-9. E isto, ademais, nun país que está á cola en salarios.

Pero esta realidade non é o froito dunha casualidade, é consecuencia da súa irrelevancia, á que nos conduce a estratexia de subordinación política que vostede ten con Rajoy. Unha irrelevancia que non só o arrastra a vostede, está arrastrando a toda Galiza. Pagamos esta irrelevancia con máis retrasos no AVE e con menos investimentos do Estado. Pagamos esta irrelevancia tamén cun ferrocarril que, excepto no tramo A Coruña-Vigo, no resto é absolutamente decimonónico. Pagamos esta irrelevancia coa exclusión do corredor atlántico de mercadorías e con esa candidatura pantasma para acoller un laboratorio que ía desaparecer.

Señor Feijóo, ¿vostede vendía fume ou simplemente se están burlando de vostede? Aclárenolo, porque en calquera destas dúas circunstancias sae moi mal parado. *(Aplausos.)*

Pero, mire, permítame que me deteña na situación das peaxes da AP-9, aínda que só sexa porque vostede dentro dun par de horas vai acudir a un acto do ministro de Fomento. E, por dignidade e por respecto aos galegos e galegas, pídolle que actúe como presidente de Galiza e que lle traslade que este país non está para soportar máis discriminación; tampouco para seguir engordando os beneficios multimillonarios de Audasa, e moito menos cando a nosa xente ten uns salarios que non lle permiten chegar á fin de mes. Nós supoñemos desde o BNG que vostede aproveitará este encontro para trasladarlle o cabreo dos galegos e das galegas ante esta tomadura de pelo, e fágolle tres propostas para este encontro. En primeiro

lugar, parar a subida das peaxes e, pola contra, empezar xaneiro con bonificacións e descontos, como teñen todas as autoestradas. Segundo, exixir que sexa o Estado ou Audasa quen asuman o custo de ampliación desa infraestrutura. E, en terceiro lugar, reclamar que se levante o veto á transferencia.

Por unha vez, señor Feijóo, aporte solucións e deixe de buscar culpables. Durante todos estes anos os seus culpables sempre foron Zapatero, o Bipartito... Agora, nos últimos tempos, saca un novo comodín, ten o *procés* e o cupo vasco. Pero así non se solucionan os problemas deste país.

Por iso, señor Feijóo, pregúntolle se considera que vostede, como presidente da Xunta, pode solucionar algún problema deste país ou simplemente vai seguir buscando culpables. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, o tempo dos mitins xa rematou hai un ano e medio, como mínimo. E nese tempo dos mitins os galegos souberon descifrar cal é a responsabilidade de cada grupo e de cada candidatura. E por iso vostede segue aquí dando un mitin e eu sigo aquí intentando descifrar exactamente que é o que me pregunta. Pero con moita honra vou intentar responderlle.

Mire, señoría, o ano acaba cun acordo sindical importante porque vai crecer un 30 % o salario mínimo interprofesional nos próximos catro anos. O ano acaba cun acordo importante porque a economía galega vai seguir crescendo este ano, xa consolidado, un 3 %; e levamos tres anos crescendo un 3 % de forma acumulativa. O ano non acaba mal desde o punto de vista do paro, porque temos menos paro que no ano 2008, cando vostedes gobernaban, en época de bonanza económica. O ano non sei como vai acabar desde o punto de vista das infraestruturas, pero o certo e verdade é que seguimos sendo a segunda comunidade autónoma de maior investimento por habitante en infraestruturas.

En definitiva, señoría, o que se intenta é corrixir os problemas que atopamos cando chegamos; por exemplo, o corredor atlántico. Vostede daquela non dixo nada, pero Galicia quedou fóra do corredor atlántico na negociación do Partido Socialista no ano 2011 en Europa. Vostede calou, como calou, por exemplo, cando o Partido Socialista pactou con Audasa un incremento das peaxes para este ano no ano 2011, publicado no *Boletín Oficial do Estado* 48 horas antes de votar. E vostede tamén calaba.

Eu non calei, señoría; nin calo agora nin calei antes. E por iso probablemente os galegos, cando remataron os mitins, foron votar e agora eu estoulle respondendo a vostede e vostede simplemente estame falando do que lle peta. Ten vostede todo o dereito, pero dáme a sensación de que eu non teño, dende logo, ningún ánimo de lembrar o señor Zapatero, e moito menos o señor Bipartito, pódollo asegurar. Aquelas épocas son para esquecer, sen dúbida.

Pero pola insistencia na que vostede persiste e insiste cada vez que me fala das cousas, ten vostede que entender que, se vostede me pregunta polo incremento da peaxe da autoestrada, teño que recordarlles a todos os galegos —que son moi intelixentes— que a peaxe da autoestrada se incrementa porque vostedes —que apoiaban daquela incondicionalmente o señor Zapatero— estiveron calados cando o señor Zapatero pactou que os galegos paguemos as obras da autoestrada en forma de peaxes. Vostedes, daquela, *mutis por el foro*.

Mire, señoría, o seguidismo irresponsable do nacionalismo catalán e do nacionalismo vasco correspóndelles a vostedes. A min o que me corresponde é contarlles aos galegos a verdade. Cando vostedes queren un sistema de financiamento igual que o cupo vasco teño que dicirlles aos galegos que ese sistema supón para Galicia perdas importantes. Os expertos cífranas, como mínimo, en 1.000 millóns de euros menos de investimento e de financiamento cada ano. Pero vostede, como lle interesa ser nacionalista a calquera costa, con independencia de Galicia, por iso vota.

Pero nós, señoría, imos seguir traballando, pódollo asegurar. Vou seguir asumindo todas as miñas responsabilidades, como, por exemplo, denunciar as petroleiras porque temos o gasóleo non o máis caro de España pero si o terceiro máis caro de España, tendo aquí unha refinería. De cando vostedes gobernaban non recordo ningunha denuncia ao respecto. Como ve, cando nós gobernamos denunciámos as petroleiras. E no recibo da luz, señoría, o recibo da luz en Galicia é igual ca no resto de España, cunha diferenza: que agora as empresas eléctricas aboan un canon eléctrico —e levamos recadados 130 millóns de euros— que cando vostedes gobernaban simplemente llelo condonaban; é dicir, nin llelo exixían; é dicir, nin llelo impuxeron.

Por iso me sinto, señoría, moi satisfeito de intentar defender os galegos, ás veces con éxito e ás veces con menos éxito, pero nunca con mentiras.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, señor Feijóo, vostede non falla e, efectivamente, hoxe sacou todos os comodíns do público aos que nos ten afeitados con tal de non asumir nin unha das súas responsabilidades. (*Aplausos.*)

E, mire, vostede efectivamente ten a responsabilidade de gobernar e non de facer de oposición da oposición, como fai continuamente. E vostede ten a responsabilidade de gobernar e de defender os intereses deste país, e non o seu servilismo a Rajoy, que nos está saíndo por un ollo da cara a todos os galegos e a todas as galegas.

Eu fíxenlle tres propostas en relación coa AP-9, dado que vostede vai ter hoxe ou vai asistir hoxe a un acto que organiza o ministro de Fomento. ¿Vai vostede trasladarlle o cabreo dos galegos e das galegas por esta enésima tomadura de pelo coa subida das peaxes?, ¿si ou non?

(Aplausos.) ¿Vai vostede reclamarlle ao ministro que, en vez de subir as peaxes, se apliquen descontos e rebaixas como teñen todas as autoestradas do Estado? ¿Si ou non, señor Feijóo? Díganolo. Porque, mire, vostede sabe, igual que sei eu e sabe calquera persoa minimamente informada, que, se ao Goberno do señor Rajoy lle parecía tan prexudicial ese convenio que asinou o Goberno de Zapatero, ¿por que non o modificou? E se todo era tan sinxelo ¿por que, en vez de cambiar ese convenio, o que fixeron foi aprobar outro no ano 2013 que o que fai é duplicar a subida que xa se prevía?

Está claro, señor Feijóo, que o problema é que, mentres esta infraestrutura dependa do Estado, o que imos ter os galegos e as galegas son peaxes e máis peaxes, porque están defendendo os intereses de Audasa pero non os intereses dos galegos e das galegas. Esta é unha infraestrutura que está amortizada e requeteamortizada. E o que é importante neste momento é o que vai facer vostede, señor Feijóo. Porque, mire, o BNG criticou todos os abusos desa concesionaria, gobernara quen gobernara. Si, si, si, señor Feijóo. E, cando queira, imos aos diarios de sesións e vemos o que votaba cadaquén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si. ¿Quere que lle recorde quen vendeu a AP-9? ¿Quen vendeu a AP-9? O señor Aznar cando vostede era conselleiro de Política Territorial. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Quere que lle saque as declaracións do que dicía vostede nesta tribuna cando o interpelaba o BNG contra esta estafa a este país? Dicía que non había ningún problema, que era un bo negocio para Galiza que se vendera por 1.500 millóns de euros a AP-9. Pero ría, porque mentres vostede ri, señor Feijóo, os galegos e galegas que teñen uns salarios que non lles permiten chegar á fin de mes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...van ter un 4 % máis de peaxes.

Vostede tamén se ría dos galegos e das galegas cando lles dicía que era un bo negocio vender a AP-9 a prezo de saldo. E hoxe o máis grave, señor Feijóo, é que está vostede convertido nun auténtico monicreque do señor Rajoy *(Murmurios.)* e que a súa ambición política non lle permite defender os intereses deste país porque cre...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que lle pode ir mal no futuro, e prefire facerlle a ola a Rajoy que defender os intereses...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...deste país. E mire, a min o que me dá pena...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate xa, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...é que vostede nos está conducindo á irrelevancia política. E non me preocupa por vostede, preocúpame por Galiza, porque nos está facendo perder oportunidades. E ese é, señor Feijóo, o problema de fondo e ao que vostede non quere enfrontarse.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, o *Diario de Sesións* é unha boa testemuña e por iso non teño ningún inconveniente en que se revise o *Diario de Sesións*. ¿Votos a favor da transferencia da autoestrada? A señora Pontón, non —*Diario de Sesións*—. ¿Votos a favor da transferencia da autoestrada? Grupo Parlamentario Popular, todos si —*Diario de Sesións*, a historia de Galicia, señora Pontón, a historia de Galicia—. (*Aplausos.*)

Segundo negocio da señora Pontón e do seu grupo: convenio coa señora Magdalena Álvarez para levantar a peaxe de Rande e da Barcala. ¿Votos a favor de que Galicia pague o 50 % do custo do levantamento da peaxe dunha autoestrada estatal? Os da señora Pontón e o seu grupo. ¿Votos en contra? Grupo Parlamentario Popular na súa totalidade. Esa é a historia, señoría, e a realidade. (*Aplausos.*) Esa é a historia que os galegos teñen que coñecer e esa é a historia, señoría, da autoestrada do Atlántico.

Mire, señoría, cando vostedes gobernaban era algo increíble conseguir nada máis e nada menos que o 8 % do presuposto do Estado. Agora gobernamos nós, conseguimos o 11 % do presuposto do Estado e é unha calamidade —nacionalistas *dixit*—.

Prosigamos. Temos 341 euros per cápita en investimentos. A media de España está en 185 euros per cápita. Resulta que temos case o dobre que o resto dos españois e isto é un desastre. Sigán vostedes con eses desastres, señora Pontón, pero os desastres do seu partido.

Mire, señora Pontón, non vou defender eu o incremento das peaxes, por suposto que non. Para iso xa está o Partido Socialista, que o subscribiu. Pero o que dende logo non vou ignorar é que, cando vostedes gobernaban no ano 2007, a peaxe subiu igual que agora. Señora Pontón, escoite, a peaxe no ano 2007 subiu o 3,72 % (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E daquela non había un quilómetro de obras que había que pagar. (*Murmurios.*) Non, señora Pontón. Non confunda vostede os galegos, que sabemos sumar e restar. (*Aplausos.*) No ano 2009, señora Pontón, no ano 2009, a peaxe da autoestrada volveu subir un 4,35 %, e daquela non había que pagar un só quilómetro de obra de ampliación da autoestrada. E lamento que vostede non lles diga aos galegos que no ano 2015 a peaxe da autoestrada subiu cero, que no ano 2016 a peaxe da autoestrada subiu cero, e o próximo ano subirá o 4 %. É dicir, en tres anos a peaxe da autoestrada subiu un 4 %, o mesmo que subía no ano 2009 ou no ano 2007 cando vostedes si estaban de acordo co señor Zapatero. Pero, dende logo, non conte comigo para bendicir este incremento da peaxe, en ningún caso, e moito menos conte comigo para non explicar de ningún xeito por que o Goberno socialista pactou con Audasa ese contrato —na miña opinión, absolutamente favorecedor da concesionaria— 48 horas antes de votar nas eleccións do ano 2011.

En todo caso, señora Pontón, vostede fai cousas moi simpáticas. Primeiro pregúntame por que cito o señor Zapatero e o Bipartito constantemente, e despois quéixase de que lle con-

teste aludindo ao señor Zapatero e ao Bipartito constantemente. Exactamente, señora Pontón, ¿que é o que teño que facer? Defender os intereses de Galicia sempre, pero empezo a entender a súa estratexia. Señora Pontón, cada vez criticáanos menos polo que facemos aquí e máis polo que fan outros noutros lugares. E iso é un bo indicador.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os obxectivos que debe ter a Comunidade Autónoma de Galicia na revisión do sistema de financiamento autonómico**

**O señor PRESIDENTE:** Señor Leiceaga, cando queira.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Señor Núñez Feijóo, esta pregunta ten un precedente hai un ano, cando xa falamos disto neste Pleno. E espero que non se converta nun clásico e que poidamos celebrar o ano que vén un modelo de financiamento autonómico máis favorable para Galicia.

Hai que dicir que despois da pregunta fixemos un esforzo e acordamos en xaneiro, ou febreiro, do ano 2017 xa neste Parlamento apoiar que as necesidades de gasto fosen o centro do sistema, que a nivelación fose total, que o avellentamento e a dispersión tivesen máis peso, así como outros elementos centrais do modelo. Pero houbo unha discrepancia importante que non fomos capaces de resolver. A discrepancia central é sobre o volume de recursos ao que deberíamos aspirar que a Administración xeral do Estado achegase ao modelo, para cubrir as deficiencias que tivo este durante a crise e que deron lugar a un axuste en variables importantes. E tampouco fomos capaces de chegar a un acordo sobre o que aspiraba a obter Galicia dese incremento. ¿Onde debería situarse Galicia? Vostedes non quixeron entrar neste tema. Dicían que non era o momento.

Con posterioridade, funcionou unha comisión de expertos que deu lugar a un ditame no mes de xullo. E, ademais, vostede reuniuse en distintas ocasións con outros presidentes autonómicos e asinou un protocolo que entra nestes temas. En ambos casos establécese a necesidade da nivelación vertical, de que achegue recursos a Administración xeral do Estado. Nós estamos de acordo con iso. Por exemplo, na comisión de expertos faise unha estimación e dise que, para compensar o que deixaron de percibir as comunidades autónomas nestes anos, debería achegar a Administración central entre 8.700 e 16.000 millóns para o conxunto do sistema. Iso di a comisión de expertos, lea vostede o informe. En todo caso, iso debería ser suficiente para colocar a posibilidade de satisfacer as necesidades autonómicas nos servizos básicos ao nivel previo á crise.

E no punto 3 do convenio que asinou con Asturias e Castela León vostede di que a corrección dos déficits de financiamento nos servizos que presenta o modelo vixente dotando o sistema de maiores recursos é unha necesidade. É dicir, está abundando no mesmo. E tamén se diagnostica que existe un déficit en dependencia, en gastos sociais, en sanidade e na educación. Nós estamos de acordo con iso.

Nese convenio, ademais, vostede fai unha defensa do *status quo*, que tamén significa que a Administración central ten que achegar novos recursos ao modelo, porque é o que permite que ningunha comunidade perda. Por tanto, está vostede de acordo co que nós dicíamos que había que facer, en xaneiro do ano pasado, e que vostedes non foron capaces de votar.

Pero desde xullo non sabemos nada, hai un apagón informativo. Este Parlamento non sabe qué é o que está pasando. Está negociando o conselleiro de Economía, o director xeral, co Goberno central, igual que outras comunidades autónomas, pero o Parlamento non está informado. O primeiro que reclamamos é transparencia, pero reclamamos tamén algo máis, reclamamos que nos diga cales son os seus obxectivos, cal é o nivel mínimo do que debe achegar a Administración central para que as comunidades autónomas teñan capacidade de prestar os servizos básicos en boas condicións. ¿Cal é a súa opinión? ¿Onde pon vostede o límite? E, en segundo lugar, ¿cal é o nivel de exixencia mínimo de Galicia en relación con eses fondos adicionais? ¿Que porcentaxe debe aspirar a captar?

Esas son as cuestións que debe responderlles aos cidadáns se quere actuar con transparencia, se quere actuar facendo un exercicio de firmeza e se quere, por tanto, manifestar a súa capacidade de liderado. Eu creo que esa é a súa función como presidente da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, efectivamente, hai un ano preguntábame vostede, en termos moi parecidos, sobre como ía o modelo de financiamento. E vostede daba un consello que eu anotei. Decía literalmente: «O que ten que facer» —vostede dicía— «é tecer complicidades, complicidades externas, complicidades internas, políticas e coa sociedade civil». Como ve, señor Leiceaga, tomei nota das súas propostas.

Efectivamente, tecemos complicidades. A primeira, levar á Conferencia de Presidentes a postura de Galicia e conseguir que se aprobara. É dicir, facer fincapé nun principio básico, que é o custo efectivo dos servizos, e facer algo importante por primeira vez: que se inclúa nese acordo da Conferencia de Presidentes unha proposta de Galicia para facer fincapé de forma específica no gasto da sanidade; dous obxectivos conseguidos que, como vostede sabe, non foron fáciles, porque había algún presidente que non estaba de acordo con que constasen estes dous principios.

O segundo que fixemos, no de tecer complicidades externas, foi o acordo que vostede acaba de sinalar, un acordo cun presidente do Partido Popular en Castela-León e un acordo cun presidente socialista en Asturias. Iso é tecer complicidades, señor Leiceaga.

E o segundo que fixemos son as complicidades internas: pactar con vostedes o experto, o experto que represente os intereses de Galicia nesa comisión nacional de expertos de comunidades autónomas que elabore unha proposta que posteriormente será tida en conta polo Goberno de Madrid. E, en segundo lugar, pactar criterios básicos. E vostede e eu pactamos, vostede e o seu grupo pactamos criterios básicos que están no *Diario de Sesións* do Parlamento. Deses criterios básicos non me vou apartar nin un ápice. Polo tanto, señor Leiceaga, non creo que iso non sexa ser coherente coas súas propostas e coas nosas respostas.

Se vostede me di que temos que seguir transparentando, eu comprométole que no seguinte período de sesións —acaba hoxe este— o Goberno vai comparecer en comisión para explicar con concreción cales son os criterios que o Goberno traslada ao Ministerio de Facenda, para que vostede poida comprobar que eses criterios que vostede e nós acordamos seguen en pé.

É moi importante o matiz que vostede introduciu na súa pregunta. Dixo: «¿Será, felizmente, o próximo ano o ano do financiamento autonómico?» Depende moito do Partido Socialista, señor Leiceaga. Si, si, moitísimo. Vostede sabe que, sen vostedes, non vai haber sistema autonómico de financiamento. Depende moitísimo. E, na medida das súas posibilidades, tamén depende incluso de vostede como presidente, nada máis e nada menos, do Partido Socialista en Galicia. Señor presidente do Partido Socialista en Galicia, ¿vostede está de acordo co señor Iceta ou non? ¿Vostede está de acordo con que se condone a débeda que os gobernos centrais trasladaron ás comunidades autónomas rescatadas ou, pola contra, está de acordo co Goberno galego en que iso non se pode condonar? ¿Verdade, señor Leiceaga, que temos moitas cousas que falar? Esa é a nosa proposta.

Por certo, se hai un goberno constitucionalista en Cataluña é moi probable que haxa un sistema de financiamento. Se, pola contra, hai un goberno independentista, é practicamente imposible que haxa un sistema de financiamento. Sería moi importante —a partir do xoves saberémolo—. O señor Iceta non está en ningún caso a favor de votar a calquera candidato constitucionalista para que sexa presidente da Generalitat pero si estaría disposto a presidir un goberno da Generalitat apoiado por Esquerra Republicana de Cataluña e por Podemos de Cataluña. Comprenderá, señor Leiceaga, que para falar de financiamento hai que falar tamén de compromisos políticos co Estado. Nós temos un compromiso político, en primeiro lugar, con Galicia... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e tamén co conxunto do Estado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, señor presidente, vou ter que reclamarlle un turno de comparecencia neste Pleno para poder explicarme. Pero, en todo caso, efectivamente, eu

estou tamén preocupado polo que sucede co asunto da débeda. Recentemente publicou Fedea un estudo que está asinado polo experto proposto polo Ministerio, que está tendo un papel central na negociación do modelo. E fíxese no que nos di ese estudo. Dinos dúas cousas: que, de acordo co modelo do 2009, entre 2012 e 2016 Galicia estaba financiada en termos de habitantes axustados —é dicir, tendo en conta xa a dispersión, o avellentamento e todas estas variables— por riba da media. Non era tan malo o modelo do 2009. O modelo do 2009 tiña un problema, que se tivo que desenvolver nun momento en que había unha crise brutal dos ingresos do Estado en xeral. Pero, en cambio, en si mesmo o modelo non era tan malo para Galicia —por riba da media—.

E despois están os mecanismos extraordinarios de financiamento, aos que vostede aludiu na súa contestación á miña pregunta, que puxo en marcha o señor Montoro a partir do ano 2012. E ¿que din os cálculos deste experto do Ministerio en relación con este tema? Pois que houbo algunhas comunidades, entre elas Cataluña, pero non só, que tiveron un resultado moi favorable de acordo con este modelo de financiamento extraordinario de Montoro. Para Cataluña isto supuxo cinco mil e pico millóns de euros de financiamento adicional nestes cinco anos, cinco mil e pico millóns. ¿Sabe canto supuxo para Galicia? 29 millóns. Algunhas comunidades, 140 euros por habitante e ano; Galicia, un euro, a peor tratada de todas as comunidades autónomas.

E, claro, ¿sabe o que pasa? Que, se temos en conta os dous mecanismos, o mecanismo habitual do sistema e o mecanismo extraordinario posto en marcha con Montoro, resulta que no ano 2015 Galicia xa ten un financiamento por habitante axustado por debaixo da media do sistema. Vostede é o presidente da Xunta que, por primeira vez na historia, ten o triste papel de ver como a súa comunidade autónoma está por debaixo da media, por primeira vez na historia da autonomía. E, sobre todo, ten o triste papel de ter sucedido isto sen dicir nada, sen dicirlle nada ao señor Montoro, sen dicirlle: Isto é inaceptable, están vostedes facendo algo que non é aceptable para o conxunto da sociedade galega, porque están financiando máis as comunidades incumpridoras fronte as que cumpren, porque están financiando máis aquelas comunidades que teñen máis recursos, como a Comunidade Autónoma Vasca, fronte ás comunidades como Galicia, que teñen máis necesidades de recursos.

E esa é a súa responsabilidade, señor Feijóo. Dígame vostede o que pensa facer. E, seguramente, se é unha acción efectiva, eu estarei disposto a acompañalo ata o final neste camiño. Pero ten que dicirme, como presidente, non me traslade a pregunta, que agora non lle podó contestar, non me traslade a pregunta, dígame o que ten pensado facer para solucionar este tema.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Porque isto vai condicionar o futuro da negociación autonómica, e temos que conseguir entre todos a ese escenario, que é un escenario moi gravoso para Galicia, torcerlle o pulso e conseguir que os nosos obxectivos sexan cumpridos no futuro. Espero contar con vostede, señor Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Interesantísimo, señor Leiceaga, o que acaba de dicir. Vou pedir copia do *Diario de Sesións* para levalo ao Consello de Política Fiscal e Financeira. O que di o Partido Socialista en Galicia é interesantísimo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, agradézollo.

O que ocorre é que, igual esqueceu que este é o meu discurso dende o ano 2013, do ano 13, do ano 14, do ano 15, do ano 16, do ano 17. (*Murmurios.*) Si, señoría, déixolle aquí todo o resumo de prensa, se vostede ten interese, todo o resumo de prensa. Pode ler o que queira. Non estamos de acordo co sistema de débeda, non estamos de acordo coa condonación dos intereses, denunciámos absolutamente que as comunidades incumpridoras teñan mellor trato que as comunidades cumpridoras, non aceptaremos en ningún caso que ás comunidades socialistas —Valencia, por exemplo, Andalucía, por exemplo, Castela-A Mancha, por exemplo— se lles condonen os intereses da débeda e os galegos teñamos que seguir pagando. ¿Non recorda, señoría, que durante cinco anos estiven mantendo esta postura e agora resulta que vostede me vén dicir qué é o que fixen? Señoría, seguir denunciando este tipo de cuestións e non aceptándoas.

Lamentablemente, o que non pode ocorrer é que o seu partido estea de acordo coa condonación da débeda. E vostede vén aquí agora a dicirlles aos galegos que vostede non é do Partido Socialista para estes efectos. Pero o Partido Socialista, o señor Pedro Sánchez, dixo que estaba de acordo coa condonación da débeda porque había comunidades autónomas —Valencia, Cataluña— que estaban infrafinanciadas. E ¿vostede vén dicirme aquí que non está de acordo coa condonación da débeda? Señor Leiceaga, ¿de que estamos a falar, de temas serios ou de temas de broma cos galegos?

Eu non vou cambiar de opinión: non estou de acordo coa condonación da débeda, non estou de acordo coa condonación dos tipos de interese, vou defender os intereses de Galicia diante deste Goberno e de calquera outro. Por iso, señor Leiceaga, é posible entendernos. Pero é posible entendernos se vostede plantexa un discurso serio. Porque nalgunha ocasión escoitei a vostedes dicir que a condonación, se se fai de forma correcta, podería ser interesante. Agora, esta mañá, dime que en ningún caso se pode condonar a débeda.

Entón, señor Leiceaga ¿con quen está vostede? Nós temos clarísimo con quen estamos: cos intereses de Galicia. Se coinciden co Goberno central, aliñámonos; se non coinciden, rexeitámolo. E por iso nós estamos plantexando algo con absoluta lealdade, con absoluta firmeza. Imos seguir plantexando os criterios obxectivos, o custo efectivo dos servizos —que está na Conferencia de Presidentes— e o importante peso da sanidade pública no sistema de financiamento, porque supón o 40 % dos recursos das comunidades autónomas —que está na Conferencia de Presidentes—. E, seguindo as súas sabias propostas, tecemos unha rede de complicidades internas e externas. E convén, señor Leiceaga, para seguir falando no futuro, que vostede, o Partido Socialista Obreiro Español en Galicia, nos diga se está a favor ou non da condonación da débeda pública e se está a favor ou non da condonación dos intereses da débeda ás comunidades autónomas incumpridoras. Esa é a clave para ter unha postura

común. Nós estamos en contra. Se o Partido Socialista está en contra, seguiremos avanzando.

Pero, señor Leiceaga, temos un problema: que Galicia perdeu, dende que subscribimos o acordo ata agora, máis de 77.000 habitantes. Ese é o principal problema que temos neste momento, e, como vostede sabe, perder poboación supón dificultades para manter financiamento. Vostede sábeo perfectamente, pero, sen dúbida, nós imos seguir traballando.

E a miña pregunta é ben fácil: ¿súmanse vostedes ao manifesto asinado con Castela-León e Asturias ou non? Señor Leiceaga, non podemos concluír que para min é máis fácil entenderme co Partido Socialista de Asturias que co Partido Socialista de Galicia. E como sigo esperando e sigo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...optimista coa capacidade de entenderme co Partido Socialista de Galicia, imos comparecer para explicar exactamente a nosa postura. E nesa comparecencia seguro que vostede me vai poder aclarar a postura do Partido Socialista Obreiro Español. Por certo, daquela xa saberemos con quen goberna o Partido Socialista en Cataluña, se cos independentistas ou cos constitucionalistas. Iso será moi importante para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia**

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, en materia de saúde, como en tantos outros temas, enganou vostede os seus votantes, porque non lles dixó que era un presidente separatista. E iso é o que é vostede, un presidente separatista. Porque a reforma sanitaria —cuxo proxecto aprobaron no medio dunha ponte, de forma covarde, para que a xente non se entere— separa os pacientes dos hospitais, e, en sanidade, a distancia mata.

A saúde é un dereito fundamental básico de todas as persoas, e o acceso a este dereito ten que estar garantido mediante unha estrutura territorial cun Sergas ao servizo da cidadanía que garanta a igualdade e o acceso en equidade aos servizos sanitarios; é dicir, o acceso á saúde nun tempo razoable. E o presidente separatista, sen embargo, empéñase en agrandar as distancias para que a xente chegue tarde. Coa supresión das áreas sanitarias do Salnés, do Barco, de Monforte ou da Mariña empeora vostede a saúde da xente, que agora ten que ir a se operar a Lugo, a Ourense ou a Pontevedra cando antes podía facelo moi cerca da súa casa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, falamos diso agora, se queren.

A modificación da Lei de saúde tamén consolida o devalo da atención primaria, desaparecida nesta reforma. A xente vai ao médico e decátase do seu separatismo: non se cobren baixas, retráanse as atencións e finalmente as urxencias acaban colapsadas.

Debilitando a estrutura territorial do Sergas, o presidente separatista debilita a capacidade asistencial, co que será imposible cumprir os prazos da Lei de garantías, desviándose unha parte aínda máis importante dos recursos públicos á sanidade privada, algo que xa vén sucedendo coa implantación das EOXI. Coa redución da actividade das áreas comarcais disparou vostede as listas de espera e, con esta desculpa, a derivación de pacientes á privada, que o sistema público podía atender perfectamente. Esta tendencia consolidada agora coa supresión das áreas sanitarias.

Pero xa o colmo da súa prepotencia e do seu separatismo é que vostede se cre con poder para decidir sobre a vida e a saúde da xente, trazando unha liña divisoria entre a vida e a morte cun horario de oficina. Negouse vostede a establecer un servizo de hemodinámica 24 horas en Lugo, vostede separa os que sofren un infarto despois das 3 da tarde nada menos que 80 minutos da posibilidade de sobrevivir. (*Murmurios.*) ¡Home!, ¡que barbaridade!, efectivamente. O tempo óptimo de atención son 90 minutos, o máximo recomendable son 120. E, logo das 3 da tarde, un infartado na zona da área sanitaria de Lugo tarda de media en ser atendido 160 minutos. Preguntámonos quen cre que é vostede para decidir desta maneira sobre a vida da xente. ¿Deus? Terá maioría absoluta, pero non pode condenar a provincia de Lugo a un maior risco de mortalidade por infarto pola súa prepotencia. ¿Por razóns médicas? ¡Non!, por razóns económicas. Porque os médicos din o contrario, e así o manifestan o presidente da Sociedade Española de CardioloXía ou o propio xefe de CardioloXía do HULA. En definitiva, todos os que non teñen intereses económicos e só empregan criterios médicos consideran imprescindible un servizo 24 horas.

Pero a cidadanía de Galicia non nos resignamos a esta situación, estamos vacinados contra o seu separatismo. A xente das áreas sanitarias —tamén a que votou o PP— padeceu os recortes de atención primaria, as listas de espera e as derivacións a máis de 100 quilómetros de distancia. Quitar médicos vacinou a xente contra o Partido Popular, porque a xente non os votou para que lles quitase o médico nin para que os mandase a Lugo, a Ourense ou a Pontevedra para unha atención que ata agora a tiñan cerca da súa casa. Agochou o seu separatismo sanitario e a xente non llo perdoa, porque sufriron os recortes.

Por iso, durante este outono..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...a xente saíu á rúa de forma masiva —si, cos seus votantes á cabeza e con algún alcalde díscolo—, fartos de que poña en perigo as súas vidas e a súa saúde.

E a pregunta é clara: ¿cando deixará de practicar o separatismo sanitario? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.



Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Por un momento pensei que hoxe era o día dos Santos Inocentes, señor Villares. *(Risos.)* Non sei se vostede agora se fixo constitucionalista, pero non se preocupe vostede polo meu separatismo. Eu son un demócrata que acepto as leis. E se non aceptase as leis, non tomaría posesión de deputado. Hai outros que non aceptan as leis, pero, sen embargo, utilízanas para poder estar nesta Cámara. E hai outros, incluso, que tiñan a obriga de cumprilas e facelas cumprir e, polo que se ve, nin cren en nada. Son un absoluto despropósito desde o punto de vista constitucional, estatutario e dende calquera punto de vista. Agora ben, alá vostede e a súa conciencia, señor Villares.

Mire, nós o que imos seguir facendo é mellorar a sanidade pública do noso país. Non o digo eu, o barómetro sanitario, o último, de febreiro do ano 2017, di que en atención primaria o 84 % dos galegos cren que estamos igual ou mellor; en hospitais, o 68 % dos galegos, igual ou mellor; en asistencia hospitalaria, o 71 % dos galegos cre que estamos mellor ou igual; e, por exemplo, en urxencias, o 62 %.

Pero se vostede quere seguir as porcentaxes de galegos que prefiren a sanidade pública sobre a sanidade privada, pois en Galicia moitos máis prefiren a sanidade pública que a privada. En Galicia o 83 % prefiren a atención primaria pública, e en España o 69 %. E, en hospitais, en Galicia prefiren a pública o 68 % e en España o 57 %.

Vostede pode seguir dicindo o que lle pete, ¡que máis lle dá! ¡Que máis lle dá o que vostede diga en sanidade se non ten ningunha responsabilidade do que di, e a maioría do que di nin sabe o que significa! *(Murmurios.)* ¡Se lle dá exactamente igual! ¡Non lle importa nada!

Di vostede que é deputado por Lugo. Se é deputado por Lugo, ¿por que non dá unha volta polos hospitais de Lugo para concretar o que estamos a facer en Lugo? Por exemplo, entregáronnos un edificio baleiro en plena crise económica e convertémolo, con 45 millóns de euros nun ano, nun dos mellores hospitais de España. Por exemplo, un hospital onde non había medicina nuclear nin había radioterapia nin hemodinámica, e agora vénme vostede dicir que a xente morre. ¿Que quere dicir?, ¿que cando gobernaba o Bipartito toda a xente que tiña estas patoloxías morría na provincia de Lugo porque non existían estes servizos? Pero, señor Villares, ¿¡que disparate lle corresponde a vostede dicir nesta Cámara, ao dicir que ao Partido Socialista e ao BNG, polo feito de non poñer a hemodinámica ou a medicina nuclear ou a radioterapia mataban a xente en Lugo, por non haber estes servizos!? Agora resulta que a responsabilidade é nosa por poñelos. Siga vostede insistindo nestes disparates, que vai vostede chegar ao disparate final.

Hospital da Costa, área... Mire, señoría, non sei o que significa o que vostede me di. Si sei que neste momento o Hospital da Costa o estamos ampliando, cun investimento de 12 millóns de euros. É moi difícil dicir que hai que desmantelar un hospital e, adicionalmente, facer o dobre de hospital do que había anteriormente.

No Hospital de Monforte non había quimioterapia. Agora hai quimioterapia. Non estaba a unidade de endoscopias dixestivas e agora está a unidade de endoscopias dixestivas. E agora resulta, señoría, que estamos diminuindo a atención en Lugo.

Mire, señoría, non hai por onde coller o que vostede acaba de dicir. Agora vostede converteuse nun cardiólogo, nun cardiólogo. Vostede sabe de todo, que é unha gran vantaxe. Os cardiólogos de Galicia están nunha comisión para seguir a avaliación dos infartos de miocardio, todos os cardiólogos sentados na mesma mesa. Imos facer o que nos digan eses cardiólogos, non o que diga vostede, por suposto, por responsabilidade. Pero en Lugo atendéronse 5.000 pacientes nese servizo que vostede di que non existe, ¡5.000 pacientes!, que antes non se atendía ningún.

A porcentaxe óptima de mortalidade por infarto de miocardio non debe subir do 5 %. Nin en Lugo nin en ningún lugar de Galicia sobe do 5 %.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Imos facer o que nos digan os cardiólogos, señor Villares. ¿Vostede non acepta nin sequera o que propoñan os cardiólogos e interésalle máis a súa ideoloxía? A min non, señoría. Por riba de calquera ideoloxía está a saúde dos enfermos, a saúde da xente. E por iso dunha das cousas das que me sinto máis orgulloso é de que este Goberno fixo máis hospitais ca ninguén e está apostando máis pola saúde ca ninguén, e en Lugo de forma moi especial.

Señor Villares, algún día recordarase o que fixo este Goberno pola sanidade pública de Lugo. E, sobre todo, recordaremos as barbaridades que di vostede coa sanidade de Lugo e en xeral.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Mire, intervencións e especialidades que se deixaron de facer na Mariña nos últimos tempos, dende que vostede goberna, dende a implantación das EOXI, as especialidades máis graves que se deixaron de atender: a cirurxía de otorrino, a imposición de marcapasos, as fimoses, as cataratas, e non se fan nin se planifican resonancias magnéticas. E a consecuencia é que agora hai máis lista de agarda e máis desprazamentos. Son datos dos médicos da Mariña, non son de En Marea, son da Mariña.

Fala vostede de que vai facer o que digan os cardiólogos, que son os que saben. ¡Alegrámonos de que vaia facer vostede o que din os cardiólogos! Mire o que di González Juanatey: «Todo o que se tarde en poñer en Lugo a hemodinámica 24 horas será tempo perdido». «O xefe de cardiología do HULA reclama a hemodinámica 24 horas.» «O presidente da sección de hemodinámica e cardiología intervencionista da Sociedade Española de Cardiología, Ramiro Trillo, di que o máis efectivo é que a hemodinámica funcione en Lugo as 24 horas.» Faga

vostede caso do que din os cardiólogos, os especialistas, e, polo tanto, poña de forma inmediata hemodinámica 24 horas en Lugo para asegurar a calidade de vida dos pacientes de todo o oriente do noso país.

Fala vostede de cumprir a lei. Pois si, claro que hai que cumprir a lei, efectivamente. Entón non veremos, como dicía o señor Abel Losada, os de «Soto del Real Corporation», os que están alí, que non están cumprindo a lei neste momento. Aos tribunais tamén lles parece que vostedes non cumpren a lei con certa frecuencia. E falamos tamén en termos sanitarios. Falamos en termos sanitarios porque vostedes teñen neste momento, mantendo as súas responsabilidades gobernativas, dúas persoas, dous altos cargos do Sergas, investigadas por prevaricación e por homicidio imprudente por denegar medicación a oito enfermos de hepatite C que necesitaban esa medicación para sobrevivir.

Claro que serán vostedes recordados pola súa política sanitaria, claro que serán vostedes recordados polo que fixeron en materia de sanidade, como, por exemplo, denegar vacinas que a xente necesitaba, que os nenos e nenas necesitaban. (*Protestas.*) ¡Si!, ano 2015, Partido Popular, a ministra Mato... Non sei se lles soa. (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¿Sóalle a ministra Mato ao señor presidente da Xunta? «*Mato restringe la vacuna de la varicela a espaldas de los médicos.*» Decisións do Ministerio... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Señora Prado, silencio, por favor! Quen vai respostar, por favor, é o presidente da Xunta, que, ademais, nestas cuestións sabe máis...

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¿Cal foi a consecuencia en Galicia dese desabastecemento e desa falta de previsión nos calendarios de vacinación? Tamén o sufriron todos os galegos e galegas: «*Cientos de gallegos cruzan a Portugal por falta de vacunas contra la meningitis*».

Pero isto non quedou aquí. Neste propio Parlamento o Partido Popular de Galicia dixo, por boca da súa deputada Rodríguez-Vispo: «A vacina contra a meninxite B non está na folla de ruta do calendario de vacinacións», a pesar das recomendacións das sociedades médicas de pediatría. Isto supuxo sacalas do calendario, isto supuxo non financiarlas e isto supuxo un gasto para as familias —á parte de ter que desprazarse nun primeiro momento a Portugal— de máis de 106 euros por cada unha das vacinas —das que se recomendaban tres—. Co cal trasladouse un gasto ás familias que tiña que ser asumido polo sistema público, ese que di vostede que pasará á historia durante a súa xestión. Claro que pasará á historia, pero pola desatención e pola separación, polo separatismo que vostede fixo entre a xente e os seus dereitos sanitarios básicos. Soamente por iso. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Turno de peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, a min gustárame que vostede me preguntara sempre pola sanidade nas sesións de control (*Risos.*), ou polo menos unha vez ao mes, se lle parece.

Acaba vostede de inventar a carteira de servizos do Hospital da Costa —xa está no *Diario de Sesións*—, todas esas patoloxías, incluída a fimose, que parece ser que non facemos no hospital. ¡E vostede queda tan campante!, e di que non se fai iso no hospital e xa está. Mire, déixeme valorar as patoloxías que vostede acaba de referir, porque non vai ter desperdicio. Non quero, en ningún caso, improvisar, pero o que vostede acaba de dicir do que non se fai no Hospital da Costa é algo sorprendente.

Mire, o que se fai no Hospital da Costa é potenciar as urxencias, contratando máis enfermería. O que fixemos no Hospital da Costa é ampliar a unidade de endoscopias dixestivas, contratando especialistas e enfermería. O que estamos facendo no Hospital da Costa é poñer quimioterapia, un hospital onco-hematolóxico de 14 postos de tratamento de quimioterapia. Porque antes, señoría, había que ir a Lugo, e agora faise na costa. E o que estamos facendo no Hospital da Costa é ampliando ese hospital —xa llo dixen— con 12 millóns de euros, e vén vostede aquí a dicir que desmantelamos o Hospital da Costa. ¿Pero de que costa está falando vostede? ¿Da costa dalgún lugar de Venezuela ou da costa realmente galega? (*Aplausos.*) ¿Exactamente de que está falando vostede cando fala de sanidade?

Mire, señoría, ¡se a vostede lle dá exactamente igual! Agora fálame vostede do que di un cardiólogo. Eu fállolle do que firman os cardiólogos nas actas. (*Murmurios.*) Non, señoría, o que asinan os cardiólogos na acta da Comisión de Seguimento dos Infartos de Miocardio en Galicia. Eu falo deses cardiólogos, do que asinan diante dos seus compañeiros. Non falo de declaracións de prensa, falo das actas da Comisión de Infarto de Miocardio en Galicia, remítome a esas actas. E faremos o que os cardiólogos propoñen.

Por certo, señoría, supoño que Ourense tamén ten os mesmos dereitos que Lugo, ¿verdade? ¿Ou é que acaso Ourense para as Mareas non existe? Porque o que está ocorrendo en Lugo é exactamente o mesmo que ocorre en Ourense. E, por certo, tamén, tamén, existirá Pontevedra. ¿Ou é que iso a vostedes aínda non lles chegou?

Mire, a súa intervención é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) para nota, efectivamente. (*Risos.*) Por fin fala de vacinas o señor Villares. (*Risos.*) Iso é importantísimo, señor Villares, que vostede me fale de vacinas. (*Aplausos.*) Señor Villares, ¿de verdade que quere rachar definitivamente o seu grupo ou non? (*Risos.*) ¿Quere despedirse desta sesión rachando co seu grupo? Señor Villares, ¿vostede está de acordo coas propostas do seu grupo no Parlamento Europeo que cuestionan a capacidade terapéutica das vacinas ou non? Porque agora resulta que vostede quere rachar co seu grupo —sobre todo co que ten ao seu lado— e vénme falar das vacinas. E en Europa cuestiona que se vacine por intereses económicos ou por intereses das farmacéuticas.

Mire, señor Villares, non hai forma de tomalo en serio, e dígollo en serio. Neste Parlamento reivindica a sanidade do Goberno de Venezuela con camisetas: «*Maduro te lo juro, te vota-*

mos», «*Chaves, te lo juro, votaremos a Maduro*». É certo, era moito mellor o slogan voso que o meu. E, en segundo lugar, no Parlamento Europeo resulta que cuestionan as vacinas.

Mire, os profesionais sanitarios están vacinados contra En Marea. Sabemos exactamente o que opinan, sabemos as súas contradicións, sabemos que disto tocan de oído. Nunca houbo tantas prestacións, nunca houbo tantas infraestruturas, nunca houbo tantos compromisos e nunca, por lei, se blindaron os hospitais comarcais.

Vostede cre na sanidade das cidades. Nós cremos nas cidades e nas comarcas, e por iso os hospitais comarcais están blindados na lei...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...por primeira vez. Non pode haber ningún goberno en Galicia nunca que elimine un hospital comarcal, porque está blindado pola lei do Parlamento, e para facer iso hai que modificar a lei. E por iso, señoría, parece que vostedes son os señoritos das cidades e falan do que lles contan nas cidades. Hai que ir a Monforte, hai que ir a Burela, hai que ir ao Barco, hai que ir a Verín, hai que ir a Vilagarcía, e comprobar como 230.000 persoas desas comarcas non tiveron que ir ás cidades para a asistencia sanitaria, senón que son os médicos os que se aproximan aos pacientes e non os pacientes os que se aproximan aos médicos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Villares, siga valorando vostede as vacinas, é moi importante. Vacine o seu grupo contra a demagogia, é moi importante. E, se é posible, vacine o seu grupo a favor da unidade da sanidade pública en Galicia. É moi importante.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, rematou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero, señor Villares, deséxolle a mellor Navidad posible, e vacínese vostede contra todo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

**O señor PRESIDENTE:** Antes de pasar ao punto 3 da orde do día, que é o de proposicións non de lei, vou comunicar unha alteración da orde do día, que é que a interpelación que figura en segundo lugar será debatida en primeiro lugar —a interpelación do señor Díaz Villoslada—.

E agora comezamos co punto terceiro, o de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do de En Marea.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 17087 [10/PNP-001290].*

*Emenda de substitución.*

*Substituír o punto 1 polo seguinte texto:*

*«Reclamar do Ministerio de Fomento que se faga efectiva en 2018 a supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, para liberar de tráfico pesado e de paso os núcleos urbanos de Chapela e Teis.»*

*Emenda de adición.*

*Engadir no punto 2 o seguinte texto:*

*«Elaborar, en colaboración cos concellos de Redondela e Vigo e co Ministerio de Fomento, un estudo sobre a transformación en vía urbana do acceso pola AP 9 a Vigo desde as Torres de Padín.»*

*Emenda de adición.*

*Engadir no punto 5 o seguinte texto:*

*«Demandar que esta actuación se execute no primeiro semestre de 2018.»*

*Emenda de adición.*

*Engadir despois do punto 10 os seguintes puntos:*

*«11. Demandar do goberno do Estado a non aplicación da suba do 3.81 % das peaxes no ano 2018, así como a renegociación dos convenios asinados con AUDASA polo Ministerio de Fomento nos anos 2011 e 2012. Solicitar que non se reciban as obras de ampliación da Ponte de Rande en tanto non se executen as obras de mellora comprometidas nas parroquias de Trasmañó e Chapela.*

*12. Esixirlle ao Ministerio de Fomento e á concesionaria a realización no ano 2018 dun plan de actuación para compensar o impacto negativo das obras da ampliación da ponte de Rande nas parroquias de Trasmañó e Chapela:*

- *Reposición de bens e servizos e ampliación da ponte de acceso á parroquia de Trasmañó, garantindo as condicións de seguridade e accesibilidade para vehículos e peóns.*
- *Desenvolvemento do Plan Chapela de actuación integral para a mellora da calidade de vida e a minimización do impacto das infraestruturas viarias nesta parroquia, coas seguintes actuacións*
- *Aprobación dun proxecto para a transformación da estrada N 552 nunha rúa urbanizada, primando nela a seguranza viaria, a accesibilidade, a mobilidade e permeabilidade peonil.*
- *Axilización dos trámites para a construción do novo centro escolar da Igrexa, de xeito que estea rematado para o inicio do curso 2018-2019.*
- *Suspensión da apertura do carril de acceso á AP 9 en dirección Rande mentres non se faga o traslado do colexio.*
- *Aprobación do proxecto para a construción dunha escola infantil nos terreos do lugar de Cidadelle onde está prevista a construción do novo colexio da Igrexa.*
- *Mantemento do servizo de correos na ubicación actual mentres non sexa posíbel o seu traslado a outro local na parroquia.*
- *Aprobación do proxecto de construción dun novo vial entre a Pousadoura e As 4 Pontes, para mellorar a mobilidade nesta zona da parroquia.*
- *Recuperación de regatos contaminados ou afectados polas obras, así como elementos do patrimonio etnográfico, e estudar a creación de sendas peonís para conectar os núcleos e equipamentos públicos da parroquia*
- *Acondicionamento dos espazos públicos de centralidade parroquial como o comprendido entre a autoestrada e a igrexa parroquial e entre o camiño da Igrexa e o camiño do Piñeiral.*
- *Urbanización de espazos libres derivados das obras de ampliación da autoestrada.*
- *Corrección do impacto dos grandes muros de formigón conforme as recomendacións da Guía de estudos de impacto e integración paisaxística.*
- *Acondicionamento do camiño que dá acceso ao multiusos e ampliación até Pasán.*
- *Reposición do firme e mellora de todos os viais afectados polas obras.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001290, documento número 17087).*

*Emenda de modificación do punto 2.*

*Débase modificar o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«2. Demandar ao Ministerio de Fomento que analice a viabilidade da apertura de saída, xa construída, coñecida como Torres de Padín, situada na parroquia de Teis, no termo municipal de Vigo.»*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«10 bis. A demandar do Goberno de España que asuma o custo polos investimentos realizados nos últimos anos, tal como a construción de novos carrís no tramo de circunvalación de Santiago de Compostela e no tramo Vilaboa – Teis, ca ampliación da ponte de Rande; e consecuentemente deixe sen efecto o aumento extraordinario que se aplicará as tarifas no futuro como compensación das inversións nestas obras.»*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:*

*«10 ter. Instar ao Goberno de España a levar a cabo a rebaixa da liña de afección da AP-9 na parroquia de Chapela ao mínimo legalmente posible.»*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«10 quater. Instar a Xunta de Galicia a reverter os terreos actuais do Colexio Igrexa ao Concello de Redondela unha vez este sexa trasladado á súa nova situación.»*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«10 quintus. Esixir a empresa concesionaria a realización das melloras necesarias para garantir un futuro acceso a parroquia de Trasmañó, coas condicións de seguridade viaria e comodidade adecuadas; construíndo unha nova ponte que una a estrada N-552 e a parroquia de Trasmañó sobre a autoestrada AP-9.»*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 17087 (10/PNP-001290).*



*Emenda nº 1, de substitución.*

*Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:*

*«1.- Esixir do Ministerio de Fomento que durante o 2018 se leve á práctica a eliminación da peaxe entre Redondela e Vigo, en ambos sentidos, co obxectivo de liberar de tráfico pesado este tramo da estrada nacional e permitir a igualdade de trato á veciñanza afectada.»*

*Emenda nº 2, de adición.*

*Débense engadir, ao final da parte resolutiva os seguintes puntos:*

*«11.- Que estableza un calendario inmediato de elaboración destas reivindicacións.*

*12.- Dirixirse ao Goberno central para demandar os compromisos orzamentarios necesarios para a realización das actuacións recollidas na presente proposta que son da súa competencia.*

*13.- A inmediata elaboración dun plan especial de seguimento da seguridade e saúde das obras de ampliación da AP-9, con especial incidencia sobre as xornadas de traballo, os traballos de especial risco e a subcontratación»).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, señor presidente.

Porque, despois de intervir onte sen luz, ter que intervir hoxe sen son xa me parecía un exceso. *(Risos.) (Aplausos.)* Entón, imos intentar facer unha intervención correcta, porque a ocasión o merece.

Eu quixera comezar esta intervención saudando os nosos invitados. Hoxe acompañánnos o alcalde de Redondela e parte da súa corporación, que leva case sete anos pelexando para que a Chapela se lle dea o que a Chapela lle corresponde. E tamén están aquí e acompañánnos os representantes da que primeiro foi Plataforma de Afectados polas Obras da AP-9 e, agora, a Asociación de Afectados pola AP-9, que levan dez anos loitando para que se lle dea o que lle corresponde a Chapela. *(Aplausos.)* E eu quero ese recoñecemento para eles, que levan ¡dez anos! traballando por isto. *(Aplausos.)* Non, dígoo porque hai outros que se sumaron posteriormente e nós agradecemoslles que se sumen e agradecemos o seu apoio. Pero hai que saber quen leva dez anos pelexando por isto, quen coñece perfectamente o *iter* de todo o que ten ocorrido coa AP-9 en Chapela.

Hoxe traemos unha PNL que o que pretende é que se tome unha serie de medidas paliativas e correctoras das inxustizas que leva sufrindo demasiado tempo Chapela, en particular, e Redondela, en xeral.

Hai que coñecer cales son as orixes dos problemas de Chapela. Chapela ten problemas causados por dúas cuestións: a primeira é a súa situación xeográfica. Chapela é a parroquia máis

grande e urbana de Redondela e está situada xusto a carón de Vigo, a carón de Teis, e esa cercanía con Vigo todos sabemos que ten vantaxes e inconvenientes: os inconvenientes fundamentais son que Chapela se ve afectada por todas as vías de comunicación que necesariamente precisa e de que hai que dotar unha cidade da importancia de Vigo; a cuestión xeográfica dificilmente podemos solventala a estas alturas —non temos intención de trasladar Chapela—.

A outra orixe dos problemas de Chapela é unha especie de mal fado que ben poderíamos chamar a maldición zurda: é a maldición que lle toca a Chapela cada vez que nalgunha das institucións que lle afectan hai un goberno de esquerdas. E ese goberno de esquerdas, cada vez que chega, sistematicamente maltrata Chapela. Eu, escoitando algunhas cousas que se dixeron aquí onte, creo que hai que facer un breve repaso da historia. Ano 2006, Goberno bipartito dos señores socialistas e do Bloque Nacionalista Galego, Goberno presidido polo señor Touriño —tan respectado no seu grupo, hoxe, cando xa abandonou a política, non imos falar do pasado, ¿verdade?—, que chega a un acordo co Ministerio de Fomento, presidido por dona Magdalena Álvarez —coñecida por acabar co Plan Galicia, coñecida pola súa reprobación, que evitou o Bloque Nacionalista Galego, e coñecida por estar hoxe no banco do que poderíamos denominar a Despeñaperros Corporation, ¿verdade, señor Losada?—. Pois eses señores no ano 2006 tomaron unha decisión que foi a eliminación da peaxe no tramo O Morrazo-Vigo. Nós, se se trataba de tomar solucións para mellorar a viabilidade do Morrazo, a nada temos que aludir.

Respecto do modelo que se elixiu, xa podemos ser máis críticos: primeiro, porque ese modelo supoñía que a Xunta asumía 7 millóns de custo anuais dunha peaxe nunha vía titularidade de Fomento, o cal era unha cuestión certamente curiosa. Afortunadamente, xa lle puxemos fin grazas a unha negociación que vai supoñer 400 millóns de aforro. ¡Si, si, 400! Non eses cento e pico, porque, claro, o que asumimos é a metade da peaxe; e, como vostedes saben, a peaxe vai aumentando, sobre todo grazas aos amigos que se sitúan á dereita do señor Bará, á miña esquerda.

Miren, a outra cuestión que criticamos daquela decisión é a excepción, porque, curiosamente, hoxe, que veñen vostedes preocuparse da peaxe que inxustamente sofre Rande, esquecense de quen lle impuxo esa peaxe: ¡foron vostedes! ¡Vostedes, señores do bipartito! Vostedes decidiron eliminar o pago da peaxe en todo un tramo cunha única excepción: a excepción de Redondela. ¿Por que? É algo que aínda non nos explicaron. ¿A quen se lle ocorre semellante cousa? Pois a vostedes.

E vostedes, para solucionar un problema ao Morrazo, cáusanlle un problema a Redondela. Porque para Chapela —evidentemente, como dicía antes, a cercanía con Vigo ten vantaxes e inconvenientes—, con esta decisión o que fixeron foi manter todos os inconvenientes e as vantaxes que derivaban da cercanía a Vigo, e desapareceron por unha evidente perda de competitividade. A verdade é que é unha cuestión certamente curiosa, nestes momentos en que falamos da área metropolitana, ¿verdade?, esa na que intentou dar un golpe de Estado o señor Caballero, afortunadamente parado polos tribunais. É que permanentemente, desde Vigo, parece que se intenta atacar sistematicamente Chapela, e sempre o temos dito, ¿verdade? Pretenden cobrarnos un párking de maneira discriminatoria respecto dos vigueses.

Prohíbeselle á xente de Chapela o acceso ao bus urbano en condicións de igualdade, como se produciu toda a vida. E incluso agora, pois a base de bailarlle a auga, tamén pretenden meternos a nós un problema de auga, de Vigo, e ademais pretenden que outras administracións lles solucionen os problemas que teñen que solventar vostedes, que presumen de que o problema é supramunicipal, porque lle ceden a auga a Redondela, como se os redondeláns non lle pagásemos a Vigo esa auga, porque cobrar, cobran, pero as obras que as fagan outros. En fin, cuestións certamente curiosas.

Pero, seguindo coa maldición zurda, para afondar neste problema, chegamos ao ano 2011: o señor Zapatero, o Goberno do que era ministro de Fomento don José Blanco, que vostedes recordarán. Pois ben, don José Blanco, corenta e oito horas antes dunhas eleccións xerais, toma a decisión de ampliar a ponte de Rande, entre outras obras. E non só toma a decisión; aproba e asina o decreto. Porque agora din vostedes «¿Por que non se negociou?» ¡Porque o deixaron vostedes asinado, señorías, do puño e letra do señor Blanco! Iso si, tomou unha precaución certamente interesante: a subida da peaxe —o 1 % anual durante vinte anos— ocultouna ata despois das eleccións; nin unha palabra, ¡nin unha! Diso xa falaremos despois de que falen as urnas.

E, claro, hai que ler ese decreto, e nese decreto podía meterse algunha medida paliativa, por exemplo, a eliminación da peaxe. Nada diso. ¿Medidas paliativas ou compensatorias para Chapela? ¡Ningunha! Nin medidas de ruído, nin o colexio, nin gardarías, nin humanizacións, nin vías alternativas, nin ningunha das propostas que hoxe fan vostedes nas emendas. Pero, claro, no paso do Goberno á oposición vostedes son como Paulo de Tarso: teñen de repente unha clarividencia sorprendente, caen do cabalo e corrixen todas estas cousas; ben, todas non, porque unha das propostas que facemos é a apertura das Torres de Padín e a semana pasada, no Parlamento español, resulta que se aprobou unha iniciativa, presentada por En Marea, onde se propoñía a apertura das Torres de Padín, e, novamente, os socialistas votaron en contra —non sabemos por que, porque en nada prexudicaba Vigo—. Pero alguén que ten fío directo cos deputados de Vigo resulta que chamou e impediu —votouse en contra— esa apertura.

O caso é que non se preocupou por isto o Bipartito, non se preocupou por isto Zapatero, tam pouco se preocuparon por isto os gobernos tripartitos e bipartitos de Redondela, que conseguiron cero euros de compensación. E, afortunadamente, estes señores que hoxe nos acompañan —veciños e Goberno— conseguiron, á base de negociación con Audasa, que hoxe as compensacións para Chapela, que están a punto de concretarse, cheguen á cantidade de 7 millóns de euros. Vostedes, cero; os actuais gobernos e os veciños, 7 millóns.

Agora teñen solución para todos, agora pretenden que asuma o custo das obras —das obras que vostedes aprobaron— o Ministerio. Non as asumiron vostedes cando tiñan 21.000 millóns de orzamento —o señor Blanco— e pretenden que as asuma agora, con 7.000 millóns de orzamento, o señor De la Serna —un terzo do que dispoñían vostedes—. Pero agora o lóxico é asumilas; entón non, era repercutírllelas aos galegos. Agora queren que asuma o Goberno a peaxe que vostedes negociaron e ocultaron. Agora preocúpalles a liña de edificación que afecta Chapela, que, afortunadamente, nesas comisións, estes señores que nos acompañan xa acordaron que se manteña —non que se reduza, porque hai que saber falar

coa xente que leva traballando nisto unha década—, para que non se vexan máis afectados do que xa estaban. Agora preocúpalles o viario de Trasmañó, que está practicamente a punto de iniciar a súa construción, no que, durante dez anos de goberno dos socialistas, absolutamente nada se fixo ao respecto.

Pero chega a tal punto o atrevemento e a mentira que onte eu escoitei aquí cousas que realmente a un o poñen colorado. O señor Bará afirmou onte que a solución para Chapela era que no seu momento nas obras se optase polo soterramento. ¡Home!, eu estou de acordo. Tan de acordo estou que trouxemos a este parlamento unha proposta para que se fixese exclusivamente cando era inevitable a obra da ponte e se adiasen o resto das obras á espera dunha mellor conxuntura, para ver se así se podía facer o soterramento en Chapela, en Teis. Vostedes votaron en contra, señor Bará, ¡vostedes! Vostedes, que onte falaban do soterramento, neste Parlamento votaron en contra. ¿Non lle parece un pouco vergonzoso vir aquí tomarlle o pelo á xente? ¡Eu creo que si que é bastante vergonzoso!

Como mentiu vostede onte, dicindo que nós non apoiáramos a proposta que vostede trouxo a esta Cámara. ¡Falso! Eu, que intervíñ nesa proposta, díxenlle que a aprobabamos ¡integramente! E vostede negouse: primeiro, aceptando unha emenda do Partido Socialista —que xa lle dixemos que non iamos aceptar, pero vostede aceptouna— e, despois, negándonos a posibilidade de votar por puntos, para aprobar ¡integramente! a súa proposta. Pero vostede preferiu un bo titular antes que preocuparse dos problemas dos veciños de Chapela. ¡Esa é a realidade! (*Aplausos.*)

Mire, nós traemos aquí unha serie de propostas, eu creo que bastante razoables: que se propoña na comisión mixta a eliminación da peaxe de Rande; que se demande a apertura das Torres de Padín; que se avance na construción do novo colexio —por certo, teño que agradecer á Xunta que xa se produciu a reclasificación dos terreos da Finca da Ginaria que o posibilitan—; creo que tamén que se cumpran os compromisos que alcanzamos en materia de corrección de ruídos; que se garanta —que case está a punto de concretarse—...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...a oficina de Correos e o mantemento da oficina de Correos; que, evidentemente, se cumpran todos os acordos, que inclúen ese mantemento das liñas de atención á construción do acceso a Trasmañó e a mellora dos accesos en Chapela; e unha cuestión que nos parece importante tamén: que se intente compatibilizar a apertura dese novo carril co traslado dos alumnos do colexio á nova ubicación.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Espero a aprobación destes puntos, gustaríame por unanimidade.

E, a poder ser, hoxe non mintan, porque esta xente si sabe do que estamos falando e igual se pode ofender. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Dicía o BNG onte —e saúdo as persoas que están aquí representando as institucións e o Concello e a veciñanza de Chapela— que o BNG presentou onte unha moción na que propuña un plan de actuación para Chapela, o Plan Chapela, e o Partido Popular votou en contra. (*Aplausos.*) Votou en contra e, ademais, fíxoo por segunda vez xa neste Pleno ao Plan Chapela. Que era converter ese desastre, a desfeita das obras da ampliación da autoestrada —á que o BNG se opuxo desde o primeiro momento, non coma outros—, nunha oportunidade para minimizar os impactos brutais que ten esa infraestrutura. Para iso era, e o Partido Popular votou en contra, onte, desa moción do BNG, e o BNG vai votar hoxe a favor da moción do Partido Popular, porque somos consecuentes, porque somos coherentes e porque non facemos xogos de trileiros, como fan vostedes con estes asuntos. (*Aplausos.*) Imos votarlle a favor; e imos votar a favor, ademais, aínda que non nos acepten as nosas emendas, que entendemos que son emendas moi positivas e que farían máis eficaz esa proposición non de lei.

Porque, claro, vostedes votaron en contra, en abril, desa iniciativa do BNG, e queremos sacarlles a máscara, porque mire vostede por que votaron en contra: por un capricho infantil. Nada máis e nada menos que por un capricho infantil seu, señor Pazos, porque a vostede gustáballe a moción do BNG, pero non lle gustaban dúas emendas que presentou o Partido Socialista, que dicían, nada máis e nada menos, que non se abrise o carril de acceso, que causa un impacto brutal no colexio, mentres non se trasladase o colexio, e que se fixese a ponte de acceso a Trasmañó. Iso era o que lle molestaba a vostede desas emendas do Partido Socialista e foi a razón pola que vostedes votaron en contra, para non aprobarlle dúas emendas ao Partido Socialista, que a nós nos pareceron razoables. E por iso pedimos a votación da moción na súa totalidade, no que a vostedes lles parecía ben e no que aportou de positivo o Partido Socialista. Porque diso se trata no Parlamento: de negociar, de falar e de mellorar as iniciativas.

E, claro, neste tema, vostedes foron sempre a recú das mobilizacións veciñais. E todo o que fixeron foi para intentar calmar e responder a esas mobilizacións, que, realmente, son as que teñen o mérito do pouco que se avanzou ata que chegamos aquí. Pero, se traen vostedes aquí esta iniciativa, é para constatar tres fracasos: en primeiro lugar, o fracaso do goberno municipal do Concello de Redondela, que foi incapaz, a través desa comisión de seguimento, de conseguir nada. E, claro, vostede fala do convenio do 2011. Se conseguiran algo, non o traerían aquí, ao Parlamento, para intentar agora aquí, a través dos primos de Zumosol, conseguir algo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Que pasou, Paula Prado del Río? Que estás enferma, non te alteres. (*Murmurios.*)

Claro, fala vostede do convenio de 2011, que foi un convenio, non foi un decreto, como dixo vostede; foi un convenio. E no 2012 a señora Pastor fixo un protocolo e no 2013 fixo un convenio, e puido cambiar as condicións dese convenio —¿estame escoitando?— do señor Blanco e incluír nos convenios que fixo o Partido Popular coa concesionaria, no 2012 e no 2013, todas esas melloras para Chapela, e estaría o asunto resolto. Pero vostedes non só

aplaudiron o convenio do Partido Socialista, senón que o incrementaron con novas compensacións a Audasa, que imos pagar agora para o mes que vén cun novo incremento das peaxes. Esa foi a realidade.

En segundo lugar, é a constatación dun fracaso do Concello de Redondela e da Xunta de Galiza en todo o que ten que ver coa tramitación lentísima do traslado do colexio de Chapela, porque o convenio coa concesionaria se asinou en marzo do 2015. Pasaron xa máis de dous anos, dous anos e medio, e non se moveu unha pedra. Podía estar o colexio feito, e resulta que agora o alumnado, o profesorado, teñen un auténtico muro da vergoña colocado a un metro do colexio, cando nese convenio se dicía que debía garantirse o mantemento da actividade do centro escolar en condicións de seguridade en tanto non se procedese á entrega do novo centro escolar.

É a constatación, en terceiro lugar, do fracaso da Xunta, que ten unha comisión bilateral de seguimento con Fomento e que non conseguiu nada nesa comisión bilateral, que só se reuniu unha vez. E se esa comisión servise para algo non viñan vostedes aquí traer unha proposición non de lei para conseguir todas estas cousas, que deberían xa hai moito tempo estar conseguidas. E ademais teñen vostedes un as na manga, que é non recibir as obras da ponte de Rande, que só lle interesan á concesionaria por ánimo de lucro, mentres non se corrixan todos estes impactos negativos na parroquia de Chapela, mentres non se faga o Plan Chapela...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...mentres non se cumpran os compromisos e mentres non se faga o novo colexio da Igrexa. Ese é o as da manga, a baza que teñen que utilizar desde Fomento, desde a Xunta de Galiza, desde o Concello de Redondela e desde o Partido Popular. Esa é a solución. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Bará. *(Aplausos.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señor Pazos.

Quero saudar tamén os representantes institucionais, o alcalde de Redondela e o resto dos representantes dos veciños.

Señor Pazos, eu quería recordarlle unha cuestión cronolóxica que creo que é relevante. Levan vostedes gobernando seis anos en España e oito anos en Galicia. Falou vostede da ponte de Trasmañó, de que se vai —literalmente— comezar a construción. Eu, cando vou pola circunvalación de Santiago, vexo como as pontes que tiveron que modificarse pola ampliación dos carrís xa están construídas; tamén se van poñer os paneis antirruído, que tampouco están colocados. E, por certo, en Chapela e en Teis, os veciños, xa sen 3 carrís, levan sufrindo un nivel de ruído por encima de 50.000 vehículos diarios verdadeiramente difícil de soportar.

O Grupo Socialista vai votar tamén a favor desta iniciativa. Eu, de todas as maneiras, imaxino que o punto —non se posicionou sobre as emendas— sobre a ponte de Trasmañó o aceptará; estase xa practicamente a punto de comezar a construción. En todo caso... —¿Está incluído? Ben.— Polo tanto, imos votar a favor, independentemente de que se acepten as emendas.

Eu só quero recordar o BOE do 5 de febreiro do ano 2000, a cláusula décimo sexta. No ano 2000 gobernaba o Partido Popular en España. No BOE recóllense fundamentalmente as decisións do Goberno español, e na cláusula décimo sexta di: «*Se establece como fecha final del plazo de la concesión el día 18 de agosto del año 2048.*»

Este prazo é o que limita e dificulta fundamentalmente as negociacións coa concesionaria en termos tanto monetarios como de negociación estrita, porque, indubidablemente, o hipotético lucro cesante é moito maior cando se amplían os prazos da concesión, e dá a sensación de que foi de carácter máxico-milagroso. E non o foi. Foi unha decisión política e económica dun goberno do Partido Popular de, primeiro, ampliar a concesión ata o límite posible e, despois, privatizala. E xa sei que o Goberno do señor Zapatero e o Goberno de Touriño foron espantosos e que fixeron todo tipo de agravios comparativos a Redondela nunha conxura xudeomasónica. Pero quen alongou o prazo ata o límite e quen vendeu a AP-9 foi a dereita, porque, se non, claro, contamos aquí só unha parte da realidade.

Eu comparto con vostede que a peaxe de Redondela, no contexto da mobilidade da área urbana de Vigo, sobre todo unha vez que se suprimiu a peaxe no Morrazo, é discriminatoria e non ten ningunha xustificación. Recoñézoo, compártoo e díxeno en público e en privado. É, efectivamente, así, e entendemos, ademais, que iso facilitaría moito a mobilidade e os vínculos entre o concello de Vigo e o concello de Redondela.

Olvidouse vostede tamén doutra cuestión importante. Efectivamente, a xeografía non axuda a parroquia de Chapela e a parroquia de Teis, no sentido de que as propias curvas de nivel ou a pendente cara ao mar e a necesidade das conexións todas do eixo norte-sur da cidade de Vigo necesariamente teñen que pasar por aí. ¿Que houbo cousas que probablemente se puideron facer mellor por parte de todos os gobernos? Seguro. O cambio do proxecto do tren de alta velocidade do eixo atlántico do señor Blanco, do túnel das Maceiras, eses 8 quilómetros de túnel que permitiron evitar que o tren de alta velocidade cruzara Chapela e Teis foi un avance significativo fundamental para a parroquia de Chapela. E iso non significa que estean solucionados todos os problemas, dende logo, pero foi un avance fundamental; eu dicíao onte e dígoo agora. Calquera que vaia, lamentablemente, a Arcade, ve o que significa unha liña de alta velocidade ou de velocidade alta atravesando un casco urbano, o que significa en termos de cortes de mobilidade e de ruptura do que é un tecido urbano. Polo tanto, eu creo que hai que recoñecer o traballo dos gobernos e tamén recoñecer os erros que puideron existir.

En relación cos recursos, falan vostedes continuamente deses 21.000 millóns de euros que tiña o señor Blanco e dos 7.000 millóns de euros que ten o actual ministro De la Serna. O ministro De la Serna ten 7.000 millóns porque unha parte importante tivo que retirala para o rescate das autopistas radiais de Madrid, que todos sabemos tamén quen as construíu, quen as concesionou, etc., e non foi tampouco un goberno socialista, señor Pazos. Seguro

que o sabe, seguro que sabe que se inauguraron practicamente todas simultaneamente en vésperas das eleccións xerais do ano 2004 por parte do Goberno do señor Aznar. Polo tanto, eu creo que aí habería fondos máis que suficientes para poñer eses paneis acústicos, que, sen ningunha dúbida, son imprescindibles en Chapela e en Teis. E, por certo, non só en Chapela e en Teis, tamén en Cabral, no ramal que vai cara...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...—remato— ao alto de Puxeiros, onde tamén hai vivendas que están a menos de 50 metros do límite da autopista.

Polo tanto, insisto, nós imos apoiar a iniciativa. Nós entendemos que o tema de rebaixar a liña de afección —ou, polo menos, iso é o que nos trasladan os veciños— é posible solicitalo, porque hai, de feito, moitas vivendas que quedan aí nunha especie de limbo xurídico. E logo hai outro tema ao que xa fixo referencia o señor Bará, o tema do traslado do colexio Igrexa. Eu creo que leva un certo atraso, porque todo o mundo sabía que ía haber tres carrís no tramo da ponte de Rande e a bifurcación de Peinador —¿ou non?—. E, polo tanto, se hai tres carrís en cada sentido, significa que hai que ampliar fisicamente o espazo e, polo tanto, a autoestrada íase pegar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...claramente ao colexio.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Está ben que vaian facer todo isto, e nós ímolos apoiar; pero, insisto...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas...

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...seis anos de goberno en España e oito anos de goberno en Galicia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Un saúdo para as veciñas de Chapela e os representantes do Concello que nos acompañan hoxe neste debate.

Como xa comentaron algúns dos voceiros que me precederon, esta iniciativa chega moi tarde, e xa temos debatido neste pleno e temos debatido en comisión sobre a situación de Chapela,



sobre a inxustiza e a aberración na que está vivindo Chapela dende hai uns anos, xa dende a propia construción da autoestrada. O Partido Popular ata o momento vén votando en contra das iniciativas que vimos traendo para mudar esta situación, mesmo votaron en contra onte, como xa comentou o voceiro do BNG, por unha cuestión meramente partidista. É curioso que veña vostede aquí dicir que nós hoxe nos posicionamos en contra por cuestións partidistas cando vostedes en abril se posicionaron en contra por unha cuestión partidista, e, se non, agora, na súa réplica, saia aquí e explique por que estaba en contra das emendas que presentaba o Partido Socialista en abril, que son as emendas coas que vostedes non estaban de acordo para votar en contra en abril. Se ten algún motivo, por favor, explíqueo aquí agora, na súa réplica; se non, quedará demostrado que vostedes votaron en contra de maneira totalmente partidista.

Traen hoxe unha serie de medidas que, evidentemente, nós tamén imos apoiar, porque queremos que isto se resolva, se solventa dunha vez, e a ver se cunha resposta unánime do Parlamento se poden axilizar todas estas cuestións; cuestións que xa tiñan que estar feitas. Como xa ben lle dixeron tamén os voceiros que me precederon, vostedes levan no goberno de Galicia oito anos, levan no goberno do Estado seis anos; deberían estudar que estiveron facendo durante todos estes anos para que todas estas cuestións non estean xa solventadas. Vostedes ata o momento estiveron sendo totalmente cómplices con Fomento na súa falta de actuación, totalmente cómplices con Audasa. Aínda esta fin de semana o señor Puy, nunha entrevista, dixo que Fomento se portaba fantásticamente ben con Galicia. Dá igual que estea reducindo os investimentos, dá igual que o ano pasado executara tan só o 40 % dos orzamentos executados, dá igual a situación na que están as infraestruturas en Galicia, o abandono por parte de Fomento, que o Partido Popular de Galicia fai de *chico de los recados*, fai de voceiro e en vez de facer de militantes de Galicia, que queda moi ben nos discursos, volven facer de militantes do Partido Popular, de militantes de Audasa.

Teñen un lío importante tamén á hora de presentar as súas propostas dentro da parte resolutiva: nunhas instan a Fomento, noutras instan a Audasa directamente, noutras instan a Xunta de Galicia para que inste a Fomento, noutras piden que se formulen dentro da comisión mixta; o cal demostra a falta de consistencia á hora de elaborar as súas propostas. Unhas propostas que, como vostede ben dixo xa na comisión mixta —que, por certo, non se reúne dende febreiro— eran para avanzar en todas estas cuestións, porque entendemos que estaban vostedes tamén xa preparando toda esta posta en escena.

Ontes falamos xa un pouco e profundei na conivencia do Partido Popular con Audasa, unha empresa que está ganando 46 millóns de euros netos cada ano cun ben público. Vostedes saberán cales son as contraprestacións e cales son os acordos que vostedes teñen con Audasa e canto desa parte vai para a súa caixa, cantos deses 46 millóns van para a caixa B do Partido Popular. E hoxe dicía que vostedes non poden ser a solución a este problema, porque vostedes forman parte desta trama e vostedes forman parte desta situación. Vostedes provocárona e vostedes saberán como se están beneficiando dela, porque non vemos ningún tipo de belixerancia contra esta auténtica inxustiza. Xa lle dixen onte que estamos falando da autoestrada do Estado con maior sinistralidade, da que máis reclamacións ten do Estado, da que menos traballadores por quilómetros ten, da que ten a concesión máis longa, e a vostedes todo isto lles parece fantásticamente ben, mentres a empresa está roubando aos galegos e ás galegas 46 millóns cada ano.

Pero deberíamos profundar no propio modelo de autoestradas por peaxe, que supón unha auténtica anomalía e que hai que ir liquidando canto antes. Precisamos unha rede de estradas integrada, e non unha rede de estradas que se poñan ao servizo do interese privado, para beneficio privado unha parte delas. É unha cuestión estratéxica. As infraestruturas son unha cuestión totalmente estratéxica e non se poden utilizar para negocio duns poucos. Polo tanto, tamén temos que profundar en por que o Partido Popular segue empeñado en facer este tipo de vías; vías que tan só se fixeron na Ditadura, no franquismo. Nos últimos anos do franquismo impulsáronse as primeiras vías de peaxe, e o segundo momento no que se impulsan vías de peaxe é co Goberno de Aznar. Durante o resto do tempo téñense feito moitísimas vías de alta capacidade, pero sen este modelo de peaxes; un modelo que serve fundamentalmente para o lucro do negocio privado, en contra dos intereses da cidadanía.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Eu esa expresión...

Señor Cal, por favor, esa expresión de: «Iso vai á caixa B do Partido Popular» é considerado delito e, polo tanto, pídolle que o retire.

**O señor CAL OGANDO:** Bueno, pois non sei se vai para a caixa A ou B, pero o que está pasando e o que están dicindo os corpos de seguridade do Estado...

**O señor PRESIDENTE:** Si, pero está nun debate concreto...

**O señor CAL OGANDO:** ...sospeitamos que é posible que vaia para...

**O señor PRESIDENTE:** Pero vostede está nun debate concreto e dunha empresa concreta, e iso é un asunto que é delito. Polo tanto, pídolle que o retire.

**O señor CAL OGANDO:** Non o vou retirar.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Non o vai retirar? Chámoo á orde.

**O señor CAL OGANDO:** De acordo.

*(Aplausos.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, señor presidente. Non se preocupe, xa estamos acostumbrados á permanente difamación á que nos somete o señor Cal. Non é a primeira nin vai ser a última.

Por certo, debería aclararnos unha cousa. Se nos financiamos nós a través de Itínere, é curioso, porque debe ser que agora os ex-secretarios xerais dos gobernos socialistas que pre-

siden Itínere son os que financian o Partido Popular. É unha cousa curiosa. O que pasa é que, claro, vostede non pode atacar os socialistas porque, se non, igual lles quitan algún goberno deses municipais que lles valen para financiar os abaixo firmantes. (*Aplausos.*)

En fin, mire, señor Bará, vostede vén aquí hoxe presumir do Plan Chapela, que é unha invención súa para limpar a cara ante os seus continuos incumprimentos, e para iso despreza o Plan de traballo de Chapela, que é o que hoxe se presenta aquí e que —quero que o saiba— é froito da negociación cos veciños, deses veciños. (*O señor Pazos Couñago sinala coa man cara á tribuna de convidados.*) (*Murmurios.*) Os que conseguiron esas compensacións son eses señores que están aí arriba, e non vostede, que vén agora aquí inventar un suposto Plan Chapela que xurdiu unha tarde na que vostede tería un oco entre Sudoku e Sudoku. Por certo, veciños aos que o seu goberno, o Goberno de Redondela, bipartito, se negaba a recibir. ¡É que votedes non os recibían, e agora vén aquí dicir que se preocupan polos veciños de Chapela! ¡Non os recibían, señor Bará, que non se entera!

E miren, as emendas socialistas. Pedíanme que explicara por que non aceptamos as emendas socialistas a aquela proposta do BNG que queríamos votar e vostede non nos deixou, pois porque, mire, supoñían que os mesmos que causaron os problemas en Chapela, os mesmos que a atacaron, os mesmos que a humillaron, viñeran agora poñerse as medallas polos éxitos logrados, por eses veciños que están aí e polo Goberno municipal, que foi o único que os acompañou. (*Aplausos.*) Hai que ter un pouco de memoria ou un pouco de vergoña, e está claro que a vostedes unha desas dúas virtudes non os alumea, non sei cal das dúas.

Fala vostede do fracaso do Goberno de Redondela. Os terreos da Ginaria, pagados por Audasa. O seu goberno quería pagar dous millóns das arcas municipais por iso, e pagounos Audasa, terreos libres para Redondela. O colexio, que tanto lles preocupa —colexio, por certo, no que estaban condenados a seguir *ad aeternum* os alumnos porque a vostedes lles daba igual o colexio—, resulta que o vai facer Audasa, pagado integramente por Audasa. Os viais, que agora tanto lles preocupan e que vostedes non contemplaban ningún, agora resulta que os está facendo Audasa. As pantallas antirruído, que non estaban contempladas, vainas poñer Audasa. O firme especial antirruído, que xa está posto e que vostedes non negociaron, xa o puxo Audasa. A seguridade, que tanto lles preocupa, no colexio xa está tomada mediante muros de contención que fixo Audasa. ¿Isto foi un fracaso? Entón, ¿que fixeron vostedes? ¿O seu que foi? Goberno actual, sete millóns en compensación; Goberno bipartito de Redondela, cero. ¿Como se atreve a vir aquí falar de fracaso? E agora proponnos unha ilegalidade: que non recibamos as obras. As obras recíbense nos termos que están explicitados no decreto que firmou o señor Blanco. Hai ler, señor Bará.

Mire, claro que se ampliou ata o 2048 a concesión da autovía, diga por que, por que foi, por que se financiaba así o tramo Ferrol-Fene e o tramo Vigo-Tui, que tiña que construír e pagar integramente Audasa. ¿Por que non conta iso, señor...?

E xa que recoñece a discriminación, eu púxenlle unha pregunta, unha pregunta sinxela: ¿por que, se recoñece a discriminación da peaxe de Chapela, cando eliminaron a peaxe do Morrazo-Vigo, mantiveron exclusivamente esta condena para os veciños de Redondela? Porque

seguimos, dende hai once anos, esperando unha explicación, e non nola dan vostedes. Non o sabemos.

**O señor PRESIDENTE:** As emendas, por favor, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** As emendas non podemos aceptalas por unha cuestión de xustiza.

**O señor PRESIDENTE:** Pois, grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Eu non podo darlle ao señor Bará un tratamento distinto ao que o señor Bará nos deu a nós, porque sería minusvalorar a súa postura.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** E, por ultimo —e remato xa—...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...eu o que pediría é un pouco de rigor, incluíndoo a vostede, señor Cal. Hai que respectar un pouco o traballo da xente, incluído o dos veciños. Lea vostede a proposta, que, volvo repetir, hai que lela: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia...». E a partir de aí, todo o demais. Só instamos a Xunta de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Léaa vostede, que ler cura moitas das ignorancias que logo estamos vendo nesta tribuna. *(Aplausos.) (Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao grupo Ferroatlántica-Ferroglobe do mantemento en Galicia de todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación de silicio solar, así como a realización das actuacións necesarias para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

*(O señor presidente do Parlamento dirixe un saúdo cara á tribuna do público.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Por favor! É un saúdo só, non lle fixen ningún xesto de aprobación nin de reprobación.

Señora Presas, cando queira.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Voulle botar un cabo, señor Santalices. Eu comezo tamén saudando os traballadores (*Aplausos.*) que nos acompañan para escoitar esta iniciativa hoxe.

Centrándonos xa no tema, señorías, hoxe o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego trae a debate nesta Cámara un asunto que para nós é de vital importancia. Falamos dunha situación de incerteza provocada polo risco de deslocalización dunha produción industrial no noso país, a ameaza de Ferroatlántica-Ferroglobe de levar para fóra de Galiza a transformación do silicio solar que se desenvolve a día de hoxe no polígono de Sabón, en Arteixo. Polo tanto, falamos de postos de traballo, falamos de investimento, falamos de industria, pero tamén falamos dunha cuestión que é estratéxica: do modelo de desenvolvemento económico e de explotación de recursos naturais que queremos para o noso país e de se como Parlamento imos estar ou non á altura das circunstancias e defender unha posición de país para que os nosos recursos se exploten en beneficio da nosa sociedade ou de se, pola contra, imos resignarnos a envorcar o país nun modelo depredador e desregulado no que o poder político non se implique para evitar que a nosa riqueza sexa espoliada a cambio de nada ou a cambio de moi pouquiño.

Nós, desde logo, desde o grupo nacionalista, témolo claro. De hoxe as nacionalistas e tamén os traballadores que nos acompañan —a quen lles agradecemos enormemente o seu esforzo mobilizador e que se teñan desprazado até aquí—agardamos por parte dos grupos parlamentarios que sexamos quen de enviar unha mensaxe de unidade cara a fóra; unha posición conxunta, porque cada vez que unha empresa quere marchar do noso país, esa debера ser a actitude, e máis aínda neste caso, cando non falamos nin dunha empresa calquera nin dunhas circunstancias calquera. No caso que traemos hoxe a esta Cámara para pór enriba da mesa é certo que temos un risco evidente, pero non é menos certo que temos moitísimas fortalezas que poden facer que isto non aconteza. Explicarei por que.

Estamos a falar dun sector industrial que é punteiro e futuro, que é punteiro e futuro nunha parte fundamental precisamente pola materia prima. Comezando por esta cuestión, cómpre recordar, señorías, que unha das moitas minas que hai no noso país é a coñecida como mina de Serrabal, situada entre Vedra e Boqueixón, a uns poucos quilómetros deste Parlamento. Unha de moitas, pero tamén hai que dicir que non unha calquera. É unha das máis importantes, xa non só de Galiza ou da Península, senón de toda Europa. A través dos recursos naturais que se explotan nesta mina obtense un cuarzo de altísima calidade de silicio de grao solar moi valorado.

A concesión mineira foi obtida xa en 1978 por rochas, arxilas e minerais e na actualidade é explotada polo Grupo de Ferroatlántica xa desde o ano 2000. Da man da empresa coñecida popularmente como Silicio Ferrosolar, o material é transformado nun po de silicio de altísima calidade, cunha pureza próxima ao cen por cento, algo que sitúa a Galiza e a esta empresa a nivel mundial nunha posición de auténtica vangarda. Obtense a mellor calidade do produto, favorecendo que o seu uso sexa completo; polo tanto, debido a esta excepcionalidade, podemos atrevernos a afirmar sen ningún tipo de rubor que este material é a xoia da coroa para esta empresa. Achega rendibilidade, achega valor engadido e, o que é máis im-

portante, achega tamén unha importante perspectiva de futuro, pois a enerxía fotovoltaica, malia todos os empeños do Estado español e do Goberno central en poñerlle pexas, está chamada a ter un futuro inmediato no presente e a longo e medio prazo que é inevitable. É inevitable que teñamos que camiñar cara a unha transición enerxética, é inevitable que teñamos que camiñar cara a unha progresiva descarbonización e, polo tanto, é inevitable que a fotovoltaica teña cada vez máis protagonismo, máis aínda cando por debates que se están a dar no ámbito europeo é posible que teñamos que ir cara a un cambio de modelo regulatorio en cuestións como o autoconsumo.

Polo tanto, sen entrar máis nesta cuestión, quero poñer o acento, en nome do BNG, en que o punto de partida é cualitativamente importante porque temos un material excepcional e, polo tanto, debemos reivindicar que os nosos materiais non se extraian a cambio dun prezo pequeno.

Polo tanto, desde o BNG pensamos que se o impacto está en Galiza, un impacto que, como verán, coa industria mineira non é menor a nivel económico, a nivel ambiental e a nivel social, temos que reivindicar e ter todas esas ferramentas na man para que ese impacto se traduza nun beneficio no noso país.

Fíxense vostedes que é un material tan excepcional que aínda co que gasta en enerxía eléctrica unha industria deste tipo —quere, ademais, a casualidade que esteamos nunha semana de poxa, dese disparate que é a interrompibilidade, e aínda así, cunha empresa deste tipo, que nun 40 % depende a súa factura eléctrica do resultado desa subasta—, aínda así, é moito máis rendible para esta empresa pagar esa alta contía en electricidade no polígono de Sabón desde hai máis de dez anos que levar a produción a outros puntos de Europa onde tamén se traballa esta tecnoloxía, como, por exemplo, a propia Francia, cara a onde derivan os excesos que non son quen de absorber aquí.

E isto é así non por altruísmo do señor Villar Mir ou porque de repente sexa benefactor do polígono de Sabón, senón porque continúa a ser altamente competitiva e beneficiosa. Porén, malia as circunstancias, como xa saberán vostedes, como se relata na iniciativa, como xa foi confirmado polos traballadores e traballadoras e como xa foi recollido pola prensa local e nacional, a empresa ten a intención de deslocalizar a produción, a transformación deste material, a máis de 800 quilómetros do noso país; unha decisión que nós entendemos que é contraria aos intereses de Galiza, na que quedaríamos simplemente co buraco de onde se extrae ese material extraordinario, pero non teríamos o valor engadido, non teríamos os postos de traballo e non teríamos unha posición do sector a nivel internacional, que é contraria —tamén hai que dicilo— a toda lóxica económica. Pensemos só no exemplo que comentei da electricidade: de quedar no noso país a produción eléctrica, o custo iría en fábrica, e, se vai para Puertollano, tería que ir ao *pool* que toque cada vez. Tamén é obvio que o desprazamento, loxicamente, dun material tan pesado ten un importante custo en materia de carburantes e demais, e tamén se abre unha incógnita en que facer con eses refugallos que quedan despois do proceso de transformación.

Como digo, estas dúas cuestións a todas luces incrementan os custos operativos e deben ser un factor desincentivador, un hándicap para Puertollano, pero unha oportunidade tamén

para que nós poñamos o acento sobre as cuestións positivas que ten o noso país, xa non só para manter a actual produción, senón tamén para reivindicar que se recupere todo o departamento de I+D+i que foi desmantelado nos últimos anos.

Preocúpannos neste contexto non só as intencións da empresa, senón tamén a actitude absolutamente pasiva que está a ter a Xunta de Galiza. Isto que está acontecendo non é sorprendente. Xa o 28 de xullo deste mesmo ano o señor Pedro Larrea, nunha entrevista en *La Voz de Galicia*, despois de que Augas de Galiza dous días antes confirmara que non era favorable á segregación e venda das centrais do río Xallas, este señor xa dicía que estaba no punto de mira o proxecto do silicio.

Semanas despois, o 7 de novembro, vimos como o señor presidente de Castela-A Mancha —García Page— facía, era partícipe, dun anuncio de máis de 70 millóns de investimento e 150 postos de traballo en Puertollano, que irían correlativos á redución tamén no noso país.

Vai acabar o ano, e dende o BNG pensamos que é hora de que a Xunta de Galiza se poña a traballar con seriedade neste asunto, e que ademais o faga co respaldo do Parlamento, e máis aínda porque o señor Feijóo xa se ten atribuído a capacidade de poder facer isto. Recordarán vostedes —porque todas e todos os deputados e deputadas que estabamos aquí estabamos de campaña electoral— que xa en setembro de 2016, cando a empresa anunciou un investimento para Sabón, o señor Feijóo se fixo partícipe deste mérito, e vou citar literalmente unhas declaracións súas do 20 de setembro de 2016, que agardamos que continúe a defender —o señor Feijóo— e que, polo tanto, todos os grupos, tamén o maioritario, voten a favor desta iniciativa.

O señor Feijóo dicía: *«Temíamos que deslocalizasen Sabón, pero les hicimos ver que el yacimiento de silicio más importante de Europa está aquí y que entenderíamos con dificultad que se lo llevaran a Puertollano.»*

Un ano despois, e agardando, como digo, que esta sexa a mesma posición, traemos esta iniciativa aquí. Entendemos que urxe situar o Parlamento tamén cunha posición unitaria neste debate: primeiro, en defensa de todos e cada un dos postos de traballo que implica esta cuestión. Segundo, porque, aproveitando que hai un elemento clave neste debate, que é a materia prima, que sexamos quen de poñelo en valor e de exixir que esa riqueza teña un retorno no país. Terceiro, tamén por unha cuestión que engado e que non é menor: ao longo de todos estes anos, esta empresa beneficiouse de apoio económico de diversas institucións, da Xunta de Galiza, do Estado español, incluso de fondos europeos como os programas incluídos nos Feder. E tamén, hai que facer valer que leva un importante capital en materia de coñecemento que é intanxible, difícil de medir economicamente, pero que é importante tamén, porque durante todos estes anos estes proxectos, esta empresa, estiveron colaborando co noso tecido investigador e universitario.

Polo tanto, desde o BNG, desde o nacionalismo galego, que cremos nun modelo industrial no que o esforzo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...teña un retorno para Galiza —e vou rematando xa, señor presidente—, sobre todo cando falamos de compensar o impacto dun sector tan agresivo como o mineiro, do que o 82 % dos seus beneficios emigran para fóra do noso país, pois cremos que, diante dese modelo que nos leva ao neocolonialismo, sexamos quen de aproveitar esta ocasión, non só para demandar o mantemento deses postos de traballo, senón para demandar que o ciclo produtivo enteiro se peche no noso país, para así tamén ter no noso país o valor engadido, ese valor engadido que xera postos de traballo de calidade e que sitúa Galiza no sector a nivel non só estatal, senón tamén internacional.

Polo tanto, é unha cuestión de país, tamén de dignidade, e non só de postos de traballo, e pregamos que todos os grupos parlamentarios nos dean hoxe o apoio para dar unha mensaxe unánime cara a fóra e cara a esta empresa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, quero comezar saudando os traballadores de Ferroglobe.

Como na anterior intervención sobre Redondela se falou sen ningún problema por parte da Presidencia de «*Despeñaperros Corporation*» e logo non se podía falar de caixa B, a vantaxe de falar de OHL é que si se pode falar de caixa B. (*Aplausos.*) Supoño que está dentro do tema. Está dentro dese tema dos papeis de Bárcenas, nos que se poñía que se entregaba diñeiro de OHL, concretamente 300.000 euros en campaña electoral, para o «*Monte do Gazo*» —que nin sequera tiñan ben o tema xeográfico, ben aquilatado— nas autonómicas do ano 2005. Estas son as vantaxes de que o señor Villar Mir compartira consello de ministros franquistas co señor Fraga Iribarne, que sempre, pois..., intimida, no sentido de intimidade.

Efectivamente, esta é unha empresa prototipo de empresa depredadora. Eu recordo perfectamente cando ao señor Álvarez Cascos o señor Villar Mir lle pedía 900 millóns de euros pola mina de Serrabal, a raíz de que o AVE cruzara a mina, e afortunadamente para as finanzas públicas deste país, no ano 2004 chegou o Goberno socialista e eses 900 millóns de euros quedaron en 70. ¡Total, nada, de 900 a 70! Estou seguro de que —é un contrafactual, é verdade— se no ano 2004 seguira gobernando o Partido Popular, o señor Villar Mir se tería levado, non sei se en B, en C ou en D, 900 millóns de euros.

Este é o marco xeral da política empresarial desta empresa e dalgunhas outras, en fin, que aparecen neses papeis, nos que tamén pon «*M. Rajoy*» e ninguén sabe quen é. É o contexto metodolóxico no que nos movemos.

Eu, aínda que o Grupo Socialista imos votar a favor desta iniciativa, é verdade que probablemente non coincido nalgún enfoque metodolóxico coa voceira do BNG que defendeu a



iniciativa, porque tamén, da mesma maneira que censuro radicalmente estas políticas empresariais de vinculación espuria e ilegal co poder político, entendo que as decisións empresariais son decisións empresariais.

Pero é verdade que esta decisión empresarial está vinculada claramente a unha chantaxe. Foi Serrabal nun momento, e son neste momento as centrais hidroeléctricas do Xallas, e ten moito que ver tamén, sen ningunha dúbida, coa política industrial inexistente —por non dicir nefasta— do Partido Popular. Porque nos atopamos con este goberno, este goberno paradigma da industria 4.0 —recordamos—. Eu recordo tamén a primeira vez que se falou diso neste Parlamento. Eu, bueno, humildemente lle dicía ao señor conselleiro de Economía e Industria que probablemente o ecosistema de innovación que facía falta para desenvolver ese tipo de industrias era outro, que falar de industria 4.0 cun 0,87 % do PIB en I+D+i era un pouco aventurado, por dicilo en linguaxe suave. E tamén dicía que era algo que estaba practicamente na vangarda tecnolóxica que desenvolvían empresas como Siemens en Alemaña e que indubidablemente e lamentablemente este país non podía competir. O outro día saía información da propia Siemens, que incrementaba dende o ano 2014 o seu investimento en I+D+i nun 40 % —o investimento privado—, pero á vez o investimento público de Alemaña practicamente cuadriplica, en termos de PIB, o de Galicia.

Polo tanto, é neste contexto no que claramente nos movemos; un contexto —volvo repetir— no que tanto as dotacións de capital físico —chámese chan industrial, chámese subministración enerxética, chámese cobertura en tecnoloxía da información e das comunicacións, temas de capital financeiro co papel absolutamente inoperante do Igape e coas propias dificultades de crédito por parte dos bancos, que é certo que teñen diñeiro a interese cero, pero que o están utilizando para limpar os seus balances e, polo tanto, non o trasladan ao tecido produtivo—, como en termos de capital humano —e podemos falar de investigación, de innovación, de transferencia e tecnoloxía, ou de FP, ou FP dual—, todo isto, ao final, forma un paquete de falta de apoio público, político, á actividade industrial.

E, fronte a iso, temos outras comunidades autónomas, case todas elas non gobernadas polo Partido Popular; temos o caso de Euskadi, que ten unha axenda industrial dende o ano 2015, rematada no ano 2015, e temos o caso de Castela-A Mancha, que está desenvolvendo e elaborando, cos axentes económicos e sociais, coa propia universidade de Castela-A Mancha, unha axenda industrial propia e unha estratexia de desenvolvemento que, indubidablemente, favorece a localización das empresas no seu territorio.

E nós seguimos competindo, en vez de con feitos reais, con plans estratéxicos, que sistematicamente se incumpren...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...seguimos competindo con roldas de prensa do conselleiro de Industria por todos os sectores da comunidade autónoma falando do futuro da industria 4.0, e mentres tanto perdemos claramente potencial industrial neste sector e noutros moitos sectores.

O que ten que facer a Xunta de Galicia é facer política industrial proactiva de verdade e o que ten que facer o Partido Popular é pechar a súa caixa B. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bo día a todos e a todas.

Como dicía a deputada do BNG, a señora Presas, estamos ante unha decisión que pode ser catastrófica para o futuro do desenvolvemento dunha das industrias de maior futuro no mundo, e por suposto en España e en Galicia.

Estamos ante unha decisión verdadeiramente incomprendible de Ferroglobe de non desenvolver Ferrosolar en Sabón. A materia prima extráese en Galicia, faise unha primeira transformación en Sabón, e sen aproveitar unhas instalacións xa existentes tamén en Sabón e un cadro de persoal altamente cualificado nesta tecnoloxía, dado que a I+D se desenvolveu alí, vaise levar o desenvolvemento final do produto, o que máis valor engadido e postos de traballo xera, cara a Puertollano. Só pode entenderse —é a única maneira de entender este despropósito— como unha vinganza contra os galegos e as galegas permitida por un goberno que se pon de perfil.

Evidénciase tamén que o intento de extorsión de Ferroatlántica, condicionando os seus investimentos a necesarios —segundo eles— financiamentos provenientes da venda das centrais do Xallas, era só iso, unha extorsión. Agora, despois de que os traballadores e a cidadanía da Costa da Morte impediran a venda das centrais, comprometen un investimento en Puertollano de entre 70 e 100 millóns de euros, que creará inicialmente uns 300 postos de traballo entre fixos e variables, para a fabricación do silicio metal en po e que, nunha segunda fase, podería crear outros 500 postos de traballo para a fabricación das obleas fotovoltaicas. Parece ser que non era necesaria a venda das centrais para dispoñer deses 70 ou 100 millóns de euros, como dicían aquí que eran imprescindibles para poder desenvolver o plan económico.

Se tiveramos un goberno forte, que de verdade defendera os intereses de Galicia, eses 800 postos de traballo virían para Galicia, ademais do risco de que se pechen definitivamente as actuais instalacións de Silicio Ferrosolar en Sabón, coa perda dos 40 postos de traballo actuais.

De verdade, señoras e señores do Partido Popular, ¿quen está favorecendo o peche de industrias en Galicia, unha cousa que sempre están sacando aquí neste estrado?

O silicio solar ten tres *inputs* imprescindibles para a súa fabricación: cuarzo de máxima pureza, que Ferroglobe extrae nas catro minas que ten concesionadas en Galicia: Serrabal —a máis importante de Europa—; Esmeralda, en Trazo; Sonia, en Mañón; e Conchitina, no Vicedo. Enerxía eléctrica moi intensiva, que á súa vez Ferroglobe produce na Costa da Morte. E finalmente tecnoloxía, que foi desenvolvida con moito éxito en Sabón, con aporta-

cións públicas da Xunta de Galicia e do Goberno central, e desgravacións fiscais por máis do 50 % do investimento total que se produciu alí en I+D.

Por outra parte, Ferrosolar obtivo en 2016 a terceira parte dos créditos que o Goberno central concedeu a Galicia para desenvolvemento industrial, en concreto, 27 millóns de euros, e en condicións moi vantaxosas para instalar en Sabón a fábrica de silicio solar.

Así o vendeu profusamente o señor Feijóo na campaña electoral das pasadas eleccións autonómicas. E agora estes 27 millóns de euros destinados á industria galega parece ser que se van ir a Puertollano. ¿Vano permitir, señores deputados e señoras deputadas do Partido Popular?

En resumo, Ferroglobe extrae a materia prima por concesións da Xunta de Galicia, produce a enerxía por concesións da Xunta de Galicia, desenvolveu a tecnoloxía con axudas da Xunta de Galicia e financia o proxecto con cartos destinados a Galicia. Con todo isto, ¿vannos dicir que non podemos facer nada para que Ferrosolar e os seus desenvolvementos futuros queden en Sabón? Pois habería que dicir ao señor Conde e ao señor Feijóo que se reúnan co señor López Madrid e co señor Villar Mir e que lles recorden —iso si, moi amablemente— que moitos dos seus intereses dependen da Xunta de Galicia e da soberanía popular das galegas e galegos para decidir sobre os nosos recursos naturais, e fáganlles, por favor, unha oferta que non poidan rexeitar; iso si, dentro da lei, por suposto. Iso sería o que faría un goberno forte que defenda de verdade os intereses de Galicia.

Señoras e señores do Partido Popular, non permitan o peche de silicio solar en Sabón e a perda desta enorme oportunidade para Galicia nunha das tecnoloxías de maior desenvolvemento no mundo a curto e medio prazo, como é a fotovoltaica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señorías, bo día a todos.

Señor Casal, ¡é que vostede foi empresario ata hai pouco! E vostede, que ademais recibía subvencións de determinadas administracións públicas, ¿facía o que lle dicían esas administracións? ¿Funcionaba así? ¿Facía as películas que lle mandaban as administracións? Claro, por iso pechou a produtora. Sería por iso.

Señor Casal, eu dígolle sinceramente, mire, non se pode vir a esta tribuna a falar con *vocecita de cordero degollado*, falsamente preocupado polo emprego, cando veñen a este Parlamento de forma reiterada a pedir o peche de empresas. Nós escoitamos ás Mareas de Podemos pedir que se peche Reganosa, pedir que se peche Ence e Elnosa, que peche a térmica das Pontes,

que peche Sabón (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), dicir non á ampliación de Citroën, en Vigo, e estar en contra do polo tecnolóxico aeronáutico de Rozas. Esas son As Mareas de Podemos. Vostedes están en contra do emprego e son un absoluto problema para o emprego do noso país.

Estamos falando de posibles deslocalizacións de empresas. Mire, nós trouxemos a esta Cámara a Lei de implantación empresarial, que ten como obxectivo loitar contra a deslocalización de empresas. ¿Que fixeron vostedes? Votar en contra, porque vostedes están en contra de todo, e vostedes fanlle oposición á Xunta de Galicia e fanlle oposición a Galicia enteira, porque vostedes están en contra permanentemente. Esa é a realidade.

Señor Losada, eu non sabía que vostede se tivera convertido tamén en xuíz, pero eu o que lle digo é que, ¡home!, que o PSOE fale tamén de empresas depredadoras é un mimetismo, unha especie de imitación, un socialismo con complexo de inferioridade, fronte ao discurso da esquerda radical. E vostede tense convertido no apóstolo dese novo socialismo acomplezado que representan nestes días.

E, mire, non nos fale esta semana de corrupción ou de presunta corrupción porque teremos que recordarlle que nos periódicos o que sae esta semana é o xuízo e que sentan no banquillo dous ex-presidentes socialistas da Junta de Andalucía: Griñán e Chaves. ¿Sabe de que os acusan? De estafar case 1.000 millóns de euros dos ERE de Andalucía, que estaban destinados ao emprego, e desviáronos a cuestións que vostede ben coñece. Polo tanto, ¡joia!, vostede é un teórico, pero o certo é que logo, cando teñen ocasión de gobernar, son un auténtico despropósito.

Mire, eu confésolles que pensaba que nin o BNG nin ningún grupo da oposición se ía atrever a volver traer ningunha cuestión relacionada, nin sequera remotamente, con Ferroatlántica. A oposición en xeral, e moi concretamente o BNG, tivo unha actuación no último ano da que non debería sentirse nada orgullosa, señora Presas. Vostedes mentiron sen ningún tipo de pudor, intentando levantar sombras de dúbida permanentemente sobre a actuación da Xunta de Galicia e intentando insinuar supostos intereses escuros. Vostedes intentaron saltar os consensos parlamentarios. Traían iniciativas para debater o que xa estaba debatido, traían iniciativas para votar o que xa estaba votado, traían iniciativas a esta Cámara para acordar o que xa estaba acordado. Cun único propósito, intentar tensionar a rúa na Costa da Morte e intentar axitar o medo dos veciños. Iso é o que fixeron vostedes; inmoral, indigno, lamentable.

Mire, vostedes dixeron e repetiron que a Xunta non daba información incluso despois de que todos os alcaldes da zona —case todos dos seus respectivos partidos, por certo— dixesen que estaban satisfeitos coas explicacións que recibiron do Goberno. Esa é a realidade. Mire, a mentira ten as patas moi curtas, e cando se fai política con base na mentira continuada, o tempo fai que caian as caretas e a verdade acabe aflorando. Era mentira que a Xunta fose facilitar a venda dunhas centrais saltando a legalidade, e acabouse sabendo. Era mentira que o hospital de Vigo fose pequeno e que fose privado, como dicía o señor Losada. E igual era mentira que se cobrase polas consultas, que se cobrase para dar altas os médicos e que se cobrase por utilizar eses sofás das habitacións do hospital Álvaro Cunqueiro. Todo era men-

tira. Vostedes non teñen ningunha credibilidade porque non poden tela e viven instalados nunha mentira permanente.

¿E cal é a verdade ao redor da cuestión de Ferroatlántica, señora Presas? Pois a verdade é que a Xunta foi a primeira en defender as comarcas da Coruña e da Costa da Morte, e os traballadores de Ferroatlántica, tanto en Sabón como en Cee e Dumbría. A Xunta foi a primeira en dar información de xeito puntual e veraz á opinión pública, á cidadanía, aos sindicatos e aos alcaldes. E a Xunta foi a primeira en dicir que había que respectar a legalidade e o que dixesen os informes xurídicos e que, polo tanto, non cabían arbitrariedades.

Sobre a solicitude de segregación, mire, sempre se actuou baixo o principio de legalidade, e así se demostrou.

Mire, eu teño a sensación de que hai unha teima permanente do Bloque Nacionalista Galego contra determinadas empresas; amósano diariamente. O discurso do espolio e da colonia eu teño que dicirlles que cheira a rancio. Defenden un intervencionismo directo, absoluto, radical...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...un intervencionismo que roza co modelo do sindicato vertical —teño que dicirillo—. Claro que instamos a Ferroatlántica e a Ferroglobe a investir en Galicia. Claro que queremos que pechen o ciclo produtivo aquí en Galicia, pero é evidente que a decisión lle corresponde á empresa. E eu non creo que a actitude do BNG axude a que ningunha empresa aposte por Galicia, dígollo con toda sinceridade. A política actual consiste en atraer empresas e en incentivar a súa implantación na nosa comunidade, e vostedes adícanse permanentemente a espantar empresas de Galicia, a meterlles o medo no corpo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Nós imos apoiar a súa iniciativa, sabendo que ao final a quen lle corresponde a decisión é á empresa. Salvo que esta sexa unha república bolivariana —que é un pouco o modelo que vostedes defenden— e que, polo tanto, vostedes poderían impoñerlle á empresa o que ten que facer, que é o modelo que tanto lle gusta...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...ao señor Casal.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Coma sempre, o señor Tellado botando balóns fóra. Botei de menos esa referencia ao *scenic* á que xa lle collín un pouco de apego.

En todo caso, indo por partes, por suposto que rexeitamos —e volveremos comentalo máis veces— esa Lei de implantación. E, desde logo, se ese é o seu modelo, ese modelo depredador, ante o que non teñen pensado facer demasiado diante desta cuestión, pois non é o noso.

Indo por partes, sobre a cuestión que vostede comenta de Ferroatlántica, di que mentimos, etc. Mire, soltou vostede tanta infamia aquí, que me levaría dúas horas desmentila. Pero, para comezar, os primeiros que trouxeron aquí no primeiro pleno ordinario desta lexislatura —se mal non recordo— unha iniciativa para reverter, para manipular o acordo que xa había deste Parlamento galego foron vostedes, señor Tellado. (*Aplausos.*) ¡Foron vostedes! Podo equivocarme no día, pero foron vostedes. (*Aplausos.*) ¡Home!, foi a miña primeira intervención neste Pleno, recórdoo perfectamente.

En fin, nesta cuestión de Ferroatlántica, finalmente o que pasou neste país é que é un país rebelde, que é un país forte e que a mobilización popular, a mobilización dos traballadores e traballadoras e a mobilización de comarcas enteiras conseguiu que esas centrais non se venderan. E podemos aproveitar dúas leccións diso: primeiro, que a análise que faciamos desde o nacionalismo galego era a correcta, era un globo sonda ese plan industrial; e para mostra, un botón. Tan necesario era para facer investimentos ese plan industrial, tan mal lle ía ir á empresa sen el que, ao final, as centrais non se venderon e hai nada acaba de comprar dúas empresas novas o señor Villar Mir; dúas fábricas novas en Francia e en Noruega, e subiu incluso en bolsa do mal que lle ía ir. E o resultado, ao final —e asúmao, señor Tellado—, é que ese señor está case tan mosqueado co nacionalismo galego como coa Xunta de Galiza. Algún punto de análise común deberá ver nesta cuestión. Entón, o que estamos plantexando aquí é que de cara ao futuro haxa actuacións comúns tamén con esta cuestión.

¿Intervencionismo? A nós gustaríanos que houbera un pouquiño máis neste país, si. (*Aplausos.*) Efectivamente, nós non atentamos contra a liberdade de empresa, nin moito menos, pero é que entre ter un pouco de ambición de país e apostar polo deseño do modelo económico e a lei da selva hai un termo medio. Liberdade de empresa, si, pero a vaquiña polo que vale, e a vaquiña de Serrabal —a vaquiña do silicio— vale bastantes, vale unhas cantas vacas sagradas. (*Aplausos.*) E, polo tanto, merece que o señor Feijóo —que supoño que non estaba dicindo vostede, señor Tellado, que é un comunista radical—, do que eu lin unhas declaracións literais nesta Cámara, seguirá estando de acordo en dialogar desde a Xunta de Galiza coa empresa e en trasladarlle que non nos parece ben que o silicio vaia para Puertollano.

Por iso, alégrome de que vostede, pese á súa intervención, vote favorablemente esa iniciativa. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Estouno dicindo, señor Puy. Non fai falta que siga berrando. Xa estou dicindo que agradecemos que voten favorablemente... (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Remate.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ¡Se acabo de dicilo cinco veces! (*Murmurios.*) Igual, se en lugar de estar falando o señor Puy...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

Non entre niso, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...me escoitara un pouco...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Xa está!

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pois que si, que lle agradecemos que voten favorablemente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

Remate xa, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...esta iniciativa.

Desde logo, estaremos vixiantes de que, efectivamente, exerzan ese poder político, de que, efectivamente, informen, porque sobre esta cuestión tamén nos gustaría a este grupo parlamentario que por fin contestaran a ese artigo 9 e de ter tamén nós unha copia da concesión desas minas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Agradamos tamén —e con isto remato, señor presidente, entenderá que fun interrompida reiteradas veces—...

**O señor PRESIDENTE:** Pouco tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que non fagan a estratexia da avestruz e que nesta cuestión si camiñen coas forzas da oposición para que esa produción non se vaia para fóra do noso país.

E agardamos tamén que teñan unha actitude dialogante cos traballadores e traballadoras, pois tamén o señor Conde —que non está presente, é unha mágoa— ten desde hai bastantes semanas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...na mesa do seu despacho...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...unha solicitude...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que aínda non contestou.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*<<2 bis.- Instar ao Goberno de España a que dote, de modo progresivo, de aseos adaptados para pacientes ostomizados en todos os edificios da súa titularidade en Galicia.>>*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*<<2 ter.- Realizar un informe sobre a situación dos pacientes ostomizados en Galicia, que faga referencia ao número, distribución por EOXI, etimoloxía e perspectivas futuras.>>*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*<<2 quater.- Comprometer o cumprimento dos obxectivos marcados durante o ano 2018.>>*

*(O G. P. de En Marea, a través da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de engádegas.*



*Débense engadir, ao final da parte resolutiva, dous novos puntos:*

3.- *Orzamentar e executar as obras necesarias nos centros de Atención Primaria e Atención Especializada do SERGAS para que sexan accesibles.*

4.- *Orzamentar e executar as obras necesarias para que a totalidade de dependencias tanto de Atención Primaria como Atención Especializada contén con baños, incluídas as habitacións de hospitalización.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días.

Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, quero comezar a miña intervención cun saúdo moi especial ás persoas das asociacións de doentes que hoxe nos acompañan na tribuna.

Ostomía é un termo que procede do grego *stoma*, que significa boca; aínda que tamén se acepta o termo orificio. Falando en termos médicos, funcionalmente é o resultado dunha operación na que se conforma unha comunicación artificial entre dous órganos ou entre unha víscera e a parede abdominal, facilitando a saída de substancias de residuos orgánicos. Esta derivación cirúrxica pode ter un carácter temporal ou definitivo, dependendo da etioloxía e da evolución da enfermidade pola que se realice a ostomía. A súa finalidade pode ser por varias causas: eliminación de feces ou ouriños para a nutrición a través da administración de alimentos e líquidos, ou ben para funcións de oxixenación, facilitando a conservación da función respiratoria. Segundo a zona anatómica, podemos falar de traqueostomía, ou a derivación da traquea, que adoita ter un carácter temporal; laringotomía, cando a derivación é da larinxe, e tamén adoita ter un carácter temporal; enterostomía ou ostomía, que afecta o intestino delgado ou o grosso; e urostomía, que é un procedemento que exclúe algunha porción da vía urinaria. Tamén pode ser unha nefrostomía, que comunica o ril por medio dunha punción.

Hoxe imos falar concretamente de ostomía dixestiva. Unha ostomía, un estoma, é unha apertura cirúrxica que se fai na pel para permitir que os produtos de desfeito saian dos intestinos. Se a cirurxía é da porción do ilio, falamos de ilostomía, e se é o do colon, colostomía. A ostomía é unha técnica que comunica o intestino a través da parede abdominal co exterior mediante un dispositivo ou bolsa de recolección denominado dispositivo de ostomía dixestiva. A ostomía facilita a evacuación do contido intestinal cando isto, por razóns médicas secundarias á enfermidade ou a un traumatismo, non se pode facer pola vía habitual.

En España existen máis de 700.000 pacientes ostomizados, e na nosa comunidade autónoma contabilízanse uns 5.000. E cada ano xéranse ao redor de 15.000 novos casos, segundo os datos da Sociedade Española de Enfermería, experta en estomaterapia. Calcúlase que no mundo hai preto de dous millóns de persoas ostomizadas, e adaptarse á vida cun estoma poscirurxía é un reto para todas estas persoas. Na maioría dos casos isto vén precedido por

un estado de *shock* previo, xa que case sempre a enfermidade que o precede polo xeral é grave, xa sexa de etiloxía oncolóxica ou de etiloxía inflamatoria. O diagnóstico e o pronóstico da enfermidade que requiriu cirurxía son factores críticos que determinan os efectos psicolóxicos da ostomía.

Un paciente cunha longa historia de enfermidade inflamatoria intestinal terá unha reacción diferente á cirurxía con ostomía en comparación cun paciente ao que recentemente se lle diagnosticou un cancro e ten que recibir de inmediato unha ostomía inesperada. Precísase tempo para adaptarse a vivir cunha bolsa pegada ao abdome. O apoio da enfermaría estomaterapeuta e persoal especializado que estea a carón do doente explicándolle de maneira minuciosa e detallada todos os coidados, e unha guía práctica sobre como cambiar a bolsa de ostomía e os coidados para a pel periestomal son fundamentais en todos estes casos.

O estoma supón para o paciente un forte impacto emocional porque repercute na súa imaxe persoal, na vida laboral, social, familiar e na propia capacidade funcional do doente. Por iso resulta esencial a prestación dunha atención continuada no tempo por parte dos distintos profesionais, para que así os pacientes poidan afianzar o seu espazo na sociedade e fortalecer a formación e información entre profesionais, coidadores e pacientes.

Nos últimos anos, a investigación sobre a ostomía ten como obxectivo atopar solucións para facer máis fácil e agradable a vida aos pacientes ostomizados, con produtos que sexan discretos, cómodos e que ofrezan seguridade e, ao mesmo tempo, un fácil uso no seu día a día.

Asociacións de pacientes como a Asociación Sociosanitaria Educativa Inflamatoria Intestinal e a Asociación de Enfermos de Crohn e Colite Ulcerosa de Galicia fixeron chegar as súas inquietudes e necesidades ás nosas autoridades sanitarias, e, froito desta colaboración, Galicia foi a primeira comunidade autónoma en pór á disposición destes pacientes baños adaptados que dan resposta ao que precisan para poder baleirar as súas bolsas sen complicación, con seguridade e con hixiene.

O Hospital Montecelo de Pontevedra conta dende o mes de febreiro deste ano co primeiro aseo adaptado para estes pacientes, e na actualidade xa ten tamén un segundo aseo destas características. Este proxecto foi impulsado polo Servizo Galego de Saúde, e o seu prototipo foi deseñado polo propio persoal de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra. E tamén a Asociación Sociosanitaria Educativa Inflamatoria Intestinal tivo un papel determinante neste caso, realizando aportación para que o modelo de aseo se adaptase da mellor maneira posible ás necesidades destes doentes.

De xeito progresivo, estes aseos adaptados fóronse incorporando nos distintos hospitais galegos. No mes de xuño instalouse en Ourense o segundo aseo adaptado no CHUO, e nos últimos meses fóronse sumando outros hospitais da nosa comunidade.

Conscientes da importancia que para a saúde e benestar destas persoas pode ter unha iniciativa como esta, e convencidos da súa viabilidade, o Grupo Parlamentario Popular presenta esta proposición non de lei en pleno; «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar de modo progresivo de aseos adaptados para pacientes ostomizados en todos os edi-

ficios da Xunta de Galicia, e a que desde o Goberno autonómico de Galicia se fomenta que no resto de infraestruturas, tanto públicas como privadas, se poida dispoñer deste tipo de baños. E solicitar ao Goberno de España que realice as actuacións normativas que procedan para incorporar ao código técnico de edificación a obriga de dotar os edificios públicos de baños adaptados para estes pacientes.>>

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Amigo.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Vimos aquí debater unha iniciativa que ten un compoñente interesante na súa proposta, pero é certo que vimos novamente sorprendidos polas iniciativas que trae o PP a este pleno. Semella que utilizan un proceso pseudoestocástico de selección de temas, porque podía plantexar que algúns dos temas que traen, curiosamente, son temas que xa están iniciados, que xa se están facendo.

O 4 de outubro, Sanidade instalará aseos adaptados a pacientes ostomizados en todas as áreas, o cal é unha boa decisión, a nós parécenos unha boa iniciativa. O que nos preguntamos é como pode ser que Sanidade o anuncie a finais de setembro, primeiros de outubro, e vostedes rexistren unha iniciativa a finais de novembro pedindo que se empece a facer. Ou ben non teñen información da Consellería, ou ben é que sinxelamente rexistran un pouco tarde as iniciativas, teñen un proceso administrativo un pouco lento. Polo tanto, se están anunciadas en outubro e vostedes as rexistran un mes e medio despois, semella certamente interesante que pasa nese mes e medio. Igual é que a nós nos parece ben como grupo e a vostedes non lles parece de todo ben e estaban discutindo se querían apoiala ou non. Pero, en todo caso é unha boa iniciativa.

Sobre as ideas que se aportan, nós plantexamos algunha emenda porque cremos que se pode completar e que se pode enriquecer, e o que plantexamos son tres cousas basicamente.

En primeiro lugar, xa que a idea contempla solicitar que os edificios de titularidade administrativa poidan incorporar esta medida, que parece unha boa idea, nós plantexamos tamén que se estenda aos edificios de titularidade estatal. Digamos, para completar, que lle pidamos ao Goberno de España que tamén o faga, porque, se é unha boa medida, podemoslle plantexar ao Goberno de España que tamén o faga naqueles edificios que están, obviamente, en Galicia para que o poidan considerar.

Non sei se vistas as últimas cuestións sobre a Axencia Europea do Medicamento, que vostedes aínda seguen dicindo que están solicitando —lémbrolles que aínda non recoñeceron que non a solicitaron—, ou o Laboratorio de bivalvos, que lles lembro que aínda non se enteraron de que non o pediron, e todas estas cousas, non sei se alguén lles colle o teléfono no goberno. O da AP-9 e estas cousas, en fin, xa o imos deixar de lado. Pero se alguén lles con-

testa, poden solicitarlle isto. Igual non queren votar este punto porque terían que facer algo que a vostedes dá a sensación de que lles custa, que é falar co Goberno de España, ese goberno amigo; ás veces, para ter amigos así, é mellor ter inimigos. En todo caso, esa é unha das primeiras propostas da emenda.

Plantexamos un segundo punto, este é bastante perigoso. É esa tendencia nosa pseudomasoquista de pedir datos. Un informe, a nós parécenos moi interesante a medida, e ademais parécenos que é un colectivo que con esta medida se pode ver máis atendido, máis recoñecido en certo sentido. Polo tanto, cremos que, xa que temos esta posibilidade, podemos ampliar as medidas que se poden facer e realizar un informe sobre a etioloxía dos casos, sobre a súa distribución, para saber se en realidade pode existir incluso algunha distribución asimétrica sobre as cuestións, sobre as persoas afectadas, e podería incluso dar pé —como din algúns especialistas— a analizar o porqué da aparición de determinados tipos de casos de maneira máis habitual en todos os lugares.

Voulle plantexar..., a min dixéronme sempre que as estratexias non se contan. Eu voulle contar un secreto. Eu sei que vostedes manexan estes datos. O que nós plantexamos é algo tan revolucionario como que todos os grupos políticos teñamos os mesmos datos. Xa sei que isto pode ser un movemento case maoísta, filocomunista, trostkista, pero... información basicamente. Queda aí o punto por se vostedes consideran que é importante.

E, en terceiro lugar, plantexamos prazos. Consideramos que, xa que iniciaron esta medida, evidentemente estará considerada orzamentariamente, terán algunha medida para pagar estas intervencións e consideramos que iso é positivo. Pero non se mencionan prazos en ningún lado, polo tanto, nós o que consideramos importante é introducir unha cuestión de prazos nesta medida. É dicir, dar un tempo prudencial para que se poidan poñer. Estas cousas teñen o seu tempo. Pero, xa que o iniciaron, poder reforzar que se continúe durante todo o ano 2018, e poñemos que o ano 2018 sexa o prazo; quedan doce meses por diante e podería ser unha boa idea.

Nós temos esa vontade de apoio, pero consideramos importante estas iniciativas. Sobre todo, porque os compromisos sen orzamentos e sen prazos son brindes ao sol, e hai cuestións nas que é importante non facer brindes ao sol. Se vostedes consideran estas emendas, será un gusto poder apoiar esta iniciativa, que —insisto— consideramos boa, da Consellería. Considerámola un pouco máis débil por parte do Grupo Popular, porque a presentaron mes e medio despois e ten eses déficits. Anímoos a que poidan presentar as iniciativas para —xa saben— controlar e impulsar a acción do Goberno; pero impulsar quere dicir que antes de que empecen hai que impulsala, non despois, cando xa está alí, porque un vai impulsar e resulta que a Consellería ás veces vai por diante. Polo tanto, se poden considerar mellorar ese procedemento, seguro que moito mellor, e agradecemos que teñan en conta as emendas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Efectivamente, 5.000 ou arredor de 5.000 doentes galegos viven cunha ostomía no noso país, e se o coñecemento e a educación en relación cos coidados necesarios é certo que se ten incrementado, fundamentalmente por parte de enfermería, e se ten mellorado, ben é certo que comporta unha serie de adaptacións na vida diaria para estas persoas, como se ten trasladado aquí por parte da ponente. Está claro que é unha dificultade fóra da casa, en edificios públicos e tamén privados, baleirar as bolsas ou mudalas nun baño ordinario, onde a miúdo, ademais, hai dificultade, ou lonxanía dun punto de auga ou dun lugar específico onde depositar de forma hixiénica as excrecións.

¿Quen vai estar en contra —xa se trasladou tamén agora por parte do voceiro do PSdeG— de que se doten os edificios públicos de baños que estean adaptados? Realmente non é un elemento conflictivo. Sen embargo, permítame que lle traslade que, como outras veces, parece máis unha medida de titular que de compromiso real.

Como xa se indicou aquí, xa esas asociacións de doentes hai tempo lle trasladaron esta circunstancia á Consellería de Sanidade, a realidade, as dificultades que teñen na vida diaria, e solicitaron precisamente que se estudase a colocación ou a posible colocación de baños adaptados. E, precisamente, como se acaba de trasladar aquí, foi no mes de outono cando a Consellería de Sanidade o anunciou; polo tanto, esta iniciativa vén posteriormente a este Parlamento. É certo que vostedes hoxe o amplían a outros edificios públicos, sen embargo —e cito textualmente—, a iniciativa fala de dotalos progresivamente, e pon como exemplo o caso de Montecelo, no que hai dous; instaláronse dous aseos en todo o hospital. Ben, é mellor que nada, evidentemente non había antigamente ningún aseos adaptados, e, de feito, non poñen vostedes —que podían telo feito— o que se abriu tamén en Ourense, que a Consellería de Sanidade utilizou para promocionar esta medida.

Pero se ben a renovación ten que ser progresiva e necesitará dunha serie de recursos, vostedes non establecen ningún tipo de periodicidade na iniciativa, nin cales son os mínimos para o seu cumprimento, nin en que datos se van basear para seleccionar onde se van implantar. É dicir, realmente é unha iniciativa que non di nada máis que o que xa dixo a Consellería de Sanidade no seu momento. Polo tanto, tampouco existe ningún tipo de garantía de que esta proposta non sexa un mero anuncio nun pleno para trasladar un titular e que se materialice dun xeito que sexa efectivo e realmente satisfactorio para estas persoas.

Esta situación fai que teñamos que lembrarlles unha realidade vergoñenta —por iso presentamos unha emenda— no Servizo Galego de Saúde. Porque non só non hai baños adaptados para as persoas ostomizadas, é que non hai baños adaptados para moitas outras persoas ou non hai baños nalgunhas dependencias do Servizo Galego de Saúde. Temos centros de saúde —trasládámolo en múltiples ocasións a debate na Comisión de Sanidade— sen baños adaptados nalgunhas plantas. Nalgúns non caben as cadeiras de rodas e, polo tanto, son inaccesibles para as persoas que teñen mobilidade reducida e se desprazan en cadeira de rodas; outros están nun andar no que non hai ascensor e, polo tanto, hai barreiras arquitectónicas dentro dos propios centros de saúde. Estamos perpetuamente discutindo esta circunstancia na Comisión de Sanidade sen que practicamente se faga ningún tipo de

medida —ou é moi escasa ou moi puntual— nun centro de saúde, cando os centros de saúde, que teñen unha antigüidade bastante importante, de arredor de tres décadas, moitos contan con relevantes barreiras arquitectónicas. Claro, unha cousa é falar e outra facer. Por iso nós presentamos tamén a emenda.

Pero é que ademais temos outra circunstancia, e témola trasladado en múltiples ocasións a debate parlamentario e tamén incluso no debate orzamentario. No Hospital de Ferrol temos cinco plantas nas que non hai nin sequera baño nas habitacións, sen ningún tipo de baño, e incluso nesas habitacións se fan illamentos.

Visitei hai pouco o Hospital de Oza, neste caso a unidade de saúde mental, e hai habitacións nas que tampouco hai baños dentro delas, señora Amigo.

Levamos reiterando esta necesidade, e, sinceramente, con 700.000 euros que hai para a Atención primaria de todo o Servizo Galego de Saúde para obras, dificilmente vostedes van tomar ningún tipo de medida neste sentido. E tres cuartos do mesmo sucede cos centros hospitalarios, nos que vimos nun debate orzamentario que se rexeitaron as emendas. Por exemplo, no caso de Ferrol, a partida que hai é totalmente insuficiente, levamos anos agardando e hai cinco plantas sen baño nas habitacións.

Polo tanto, obras son amores, señorías, e a nós, evidentemente, non estando en contra, ¡faltaría máis!, de que se coloquen baños adaptados para as persoas ostomizadas, parécenos que realmente isto forma parte dun titular que ademais non adianta nada de novo porque xa o trasladou previamente a Consellería de Sanidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas.

Quero saudar con moito afecto á Asociación Sociosanitaria Educativa Inflamatoria Intestinal (ASSEII), especialmente á benquerida presidenta Ánxela e a Víctor, que nos acompañan hoxe desde a tribuna. Representantes dunha asociación que leva tan só tres anos de vida, mais tres anos moi frutíferos, e por iso eu quero agradecerlles o traballo que levan realizado e parabenizalos xa polos logros conseguidos, porque é unha evidencia que, para que algo se solucione, o primeiro paso que hai que dar é que se coñeza que existe un problema.

É evidente que o problema das persoas con estoma, e as dificultades das que estamos hoxe aquí debatendo, son uns deses grandes descoñecidos para a maioría da sociedade. O colectivo que representan, igual que outros, viron a necesidade de organizarse para reclamar medidas e solucións para as persoas con ostomía. E o traballo que levan feito nestes tres anos, de organizar, de sensibilizar, de informar, de formar, de reclamar, de exixir, de compartir, de ser

solidarios con outras causas, con outras persoas, con outras enfermidades, con outras doenzas, pois a verdade está dando froitos.

Efectivamente, é unha situación que viven moitas persoas a nivel mundial, no Estado español 70.000. Díciame a presidenta hai un pouco que cando empezaron coa asociación quedaron sorprendidos da cantidade de persoas que tiñan estoma; é dicir, 5.000 en Galiza, e na comarca de Pontevedra 2.000. É unha cantidade moi importante. E tamén quedaron sorprendidos pola situación un pouco vergonzante de moitas destas persoas, que non queren facer unha presentación pública do problema que teñen e, polo tanto, que se busquen solucións.

É unha cuestión que pode vir derivada por moitas razóns: despois dun cancro, dun tumor de vexiga, dun infarto intestinal, dun accidente de tráfico... Cando se fan campañas das consecuencias dun accidente de tráfico, fálase de que podes quedar nunha cadeira de rodas ou doutro tipo de cuestións, pero, por exemplo, non se fala desta cuestión. Do que se trata é que se fai preciso romper tabús e normalizar a vida das persoas con estoma.

Vivimos nunha sociedade onde a ostomía caracterízase por ser esa gran descoñecida e tamén esa grande escondida; é descoñecida e tamén unha grande escondida. Efectivamente, falouse hoxe aquí de eliminar barreiras. É necesario eliminar barreiras en xeral, en todo tipo de discapacidades, e é tamén unha evidencia que en moitos casos ter un estoma non se considera unha discapacidade, o cal é unha cuestión na que temos que seguir avanzando porque tamén limita moito a vida das persoas no ámbito social, familiar, pero tamén laboral. E como é unha discapacidade orgánica, parece que as discapacidades que non se ven, que non están á vista, non existen, non se lles dá a importancia que habería que darlles. Entón, estamos falando de eliminar barreiras e de que realidades diversas necesitan solucións diversas.

É evidente que a discapacidade de ter un estoma necesita unha realidade física para atender estas persoas diferente a unha persoa con mobilidade, que vai en cadeira de rodas ou que vai con outro tipo de cuestións. Entón, a nós parécennos ben os pasos que se levan dado. Tamén é certo que non foi por xeración espontánea, foi por esa presión constante, ese traballo constante, que están facendo as persoas afectadas, e a Administración está indo a rebufo, pero é bo que vaia.

De momento lévanse dando poucos pasos. Iniciouse con moita alharaca a inauguración dese primeiro baño en Montecelo, e van outros. O Concello de Pontevedra tamén xa ten dado pasos nesta dirección. Inaugúrase tamén o primeiro aseo adaptado no Pavillón de deportes. A nós parécennos importantes estes pasos, e sobre todo actuar na segunda parte da iniciativa que presenta o Partido Popular, que é dar pasos legais. Se se inclúe no código técnico de edificación, ¿entón xa non temos que vir aquí? Teremos que vir porque unha cousa é a lexislación e outra cousa é a realidade, plasmar a lexislación en feitos. Pero é moi importante que a nivel legal introduzan ese código técnico de edificación e que sexa considerado unha discapacidade máis, co cal necesita o que eles piden: un baño que teña un lavabo inodoro con cisterna, unha mesa á altura para poder apoiar as bolsas e as cuestións para a hixiene, que teña luz permanente, que teña unha pequena ducha, que teña un pequeno alzador para as persoas, para os nenos e as persoas de baixa estatura, porque cada vez hai máis nenos e nenas que tamén teñen estoma, un espello... É dicir, cuestións que non parecen tan compli-

cadás. Trátase de vontade política e de ser conscientes de que hai unha realidade que hai que solucionar.

Polo tanto, o BNG considera que este é un paso máis do que se fala aquí, aínda que son cousas que algunhas xa están en marcha. Evidentemente, non é o fin das demandas, porque hai moitas nas que hai que seguir insistindo. Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa.

Moitas grazas (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Prado.

Para a réplica ten a palabra, polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Encarnación Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días de novo.

Señores da oposición, isto é unha iniciativa nova, non está posta en marcha. Iniciouse nos hospitais, pero se vostedes escoitaron a nosa proposición, verán que vai moito máis alá.

O que hoxe traemos a esta sede parlamentaria é un asunto claro e concreto: mellorar a calidade de vida dos pacientes ostomizados. Acaban de escoitala: é fácil, están de acordo ou non. Señora Solla, non se poden mesturar churras con merinas. En saúde todo é importante, é verdade, pero hoxe estamos falando de baños adaptados para pacientes ostomizados, é o que traemos hoxe a este pleno. E, por suposto, nesta petición vai implícita a dotación orzamentaria, como non podería ser doutro xeito.

Con respecto ás emendas do PSOE, señor Torrado, se vostede leu e escoitou a nosa proposición, verá que o que nosoutros solicitamos vai moito máis alá das súas emendas; se as leu e as escoitou. Nós pedimos, que ademais dos hospitais, estes baños se fagan nos edificios públicos da Xunta de Galicia, e solicitamos que tamén se fomente no resto das infraestruturas, tanto públicas como privadas. Teno escrito e tamén me puido escoitar.

No punto 2 bis) tamén imos moito máis alá, porque vostede solicita instar o Goberno de España que dote de modo progresivo de aseos adaptados a pacientes ostomizados en todos os edificios da súa titularidade en Galicia. Nós non o pedimos só en Galicia, pedímolo en todo o Estado español.

En canto ao que solicita no segundo ter), realizar un informe sobre a situación dos pacientes ostomizados en Galicia que faga referencia ao número e distribución por EOXI de etimoloxía e perspectivas futuras, pensei que era un erro de transcripción, pero escoiteino de viva voz. Pensei que quería dicir etioloxía, non etimoloxía.

Como lle comentei na miña primeira intervención, a etioloxía das diferentes enfermidades que levan a estes pacientes a pasar pola realización dunha ostomía é variada, desde traumatismos a enfermidades graves. Pero este non é o obxecto da nosa proposta. No anterior pleno acusáronnos de non traer a este Parlamento propostas concretas sobre sanidade.



Concreto etimoloxicamente, que non etioloxicamente, significa consistente, e coido que a nosa proposta é ben concreta e é ben consistente, e os que parecen agora querer diluíla e facela xenérica e inconsistente son vostedes coas súas emendas, non llelas podemos aceptar.

Espero e desexo que apoiem esta proposición para contribuír á mellora da calidade de vida deste grupo de pacientes que, por diversos motivos de saúde, para a súa resolución precisaron unha ostomía.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Amigo.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública**

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Lago Peñas.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bos días.

Audasa é un dos poderes fácticos do noso país. Dá igual quen governe, sempre mandan eles. E ao que asistimos nos debates nesta Cámara é a buscar quen é o goberno culpable de que a estafa de Audasa se prolongue no tempo.

Audasa ten un costume insultante para o noso país, e é regalarnos, cando chegan as festas do Nadal, o anuncio da suba das peaxes do ano seguinte. E este ano o regalo é especial: o 4 %. Directamente un escándalo inaceptable para unha infraestrutura que xa é cara; que está mal atendida; que acumula a maior cifra de denuncias dos seus usuarios; que reduce persoal para aforrar custos e ter maiores beneficios. É inaceptable porque Audasa é a autopista que máis vai subir as peaxes en todo o Estado español no ano 2018. É inaceptable porque ese 4% supón duplicar a suba do IPC, que se estima que estará no 2 %.

É a continuación dun atraco ao pobo galego; un atraco que ten dous instrumentos. O primeiro é conseguir a prolongación do período de concesión. Eu non sei se esta Cámara é consciente, Audasa naceu no franquismo cun período de concesión das peaxes de 39 anos. Coas ampliacións do período concesional —fundamentalmente Aznar— o período concesional desta autopista é de 75 anos. Vou dicilo claramente nesta Cámara: é a autopista de peaxe en todo o Estado que ten o maior período concesional de explotación; e digo explotación no dobre sentido que ten esa palabra, do negocio e do noso país.

Audasa utilizou fraudulentamente o argumento de obras para ir negociando ampliacións que lle ían dando docilmente os sucesivos gobernos. E cando chegou a 75 anos e xa non pode ampliar máis o período concesional, actúa coa segunda arma do atraco, a suba das tarifas. A suba das tarifas porque, para o conxunto do Estado o incremento vai ser do 2 %, do 1,9 % —non está o señor Tellado—, porque ese é o IPC interanual que existe, polo tanto, as pensións non, pero as tarifas das autopistas van subir o 1,9 %; pois aí Audasa vai ampliar ese diferencial, xa se sabe por que, porque con iso financia as obras de ampliación.

Quería volver ao do período concesional. Entre o ano 2018 e o ano 2021 vencen as autopistas de peaxe da primeira xeración, as autopistas de Franco. Vencen entre o ano 2018 e o ano 2021 todas menos dúas, unha delas é a AP-9, que ten de período ata o ano 2048, ¡setenta e cinco anos que lle demos! ¿Que quere dicir isto? Pois que se o Goberno do Partido Popular resiste a presión do *lobby* construtor, no ano 2021 no Estado español só haberá unha autopista de peaxe: a AP-9.

Estamos falando dunha empresa —como xa se ten dito nesta Cámara— que é a autopista máis rendible de todo o Estado español. Gaña 45 millóns de euros netos cada ano que os reparte entre os seus accionistas. No seu plan financeiro que ten presentado xa nos dixo que vai ingresar —unha mágoa que non estea o presidente Feijóo— 10.000 millóns de euros dende hoxe ata que remate a concesión.

Cando o presidente Feijóo presume deses 7 millóns de euros que aforramos nas contas cada ano —7 millóns de euros—, Audasa di que vai cobrar dos galegos 10.000 millóns de euros ata o ano 2048. Eu creo que ese é o termo da comparación.

Tamén di Audasa nese plan financeiro que vai gañar 3.000 millóns de euros. Hoxe hai un xornal do noso país que di que Audasa xa gañou, ata o ano 2016, 1.000 millóns de euros; ¡pois van ser 3.000 millóns de euros! E a partir de aquí veñen algunhas preguntas.

A primeira é que me gustaría que o grupo do Goberno reflexionara. ¿Que sentido ten que a principal infraestrutura de comunicación do noso país sexa propiedade dun fondo de investimento norteamericano? ¿Como é posible que esa vía, que ten que articular económica, social e territorialmente o noso país, dependa dun fondo de investimento de Michigan? ¿Ten iso algún sentido? Un país que se respecta a si mesmo, ¿pode aceptar esa situación?

En segundo lugar, dicía que entre o ano 2018 e o ano 2021 rematan os períodos concesionarios da inmensa maioría das autopistas da primeira xeración. As autopistas da segunda xeración, as de Aznar, as radiais, esas xa son públicas, porque tivemos que pagar entre todos o negocio fracasado que levaron adiante o capitalismo de amiguetes de Aznar.

Antes se lle pedía a Marcos Cal que retirara algunhas palabras sobre presuntos financiamentos, pero eu vou dicilo: ¿quen fixo as autopistas radiais? Villar Mir, Florentino, Sacyr, Bancaja, Caja Madrid. Esa pandilla foi quen de provocar un burato de miles de millóns de euros que temos que pagar nós, e o Goberno de Rajoy está pensando —porque xa o dixo este ministro que está hoxe de visita aquí— volver sacar a licitación para que estes mesmos —non vou dicir o que estou pensando— ou amigos deles se volvan quedar co negocio. ¡Intolerable! (*Aplausos.*)

Audasa ten aprisionada... En fin, voulle botar un capote ao presidente Feijóo. Audasa ten aprisionada a sociedade galega, mesmo ao Goberno galego, porque ten unha camisa de forza. Esa camisa de forza é un período concesional de setenta e cinco anos. Esa camisa de forza é o acordo do ano 2011 cun ministro e o acordo do ano 2013 con outra ministra. E Audasa ten blindada —jiso si que é blindar!— a estafa ata o ano 2048. ¡Esa é a realidade!

Nós, nese sentido, o que plantexamos na PNL é abrir un debate dobre. A primeira parte do debate é facer unha fronte común o Parlamento, o Goberno galego e a sociedade galega para impedir ese incremento das tarifas, que tería consecuencias moi negativas sobre o poder adquisitivo das persoas, que afectaría á competitividade das empresas e á loxística do noso país.

Pero a segunda cuestión é que esta Cámara e a sociedade galega teñen que dar un paso adiante. Necesitamos a transferencia da competencia, porque este país ten dereito a que non sexa un fondo de investimento norteamericano, de Michigan, o que xestione a principal infraestrutura do noso país. Pero, como digo, esas camisas de forza firmadas que ten Audasa: o acordo durante vinte anos para que suba o 1 % as tarifas, o acordo para que o período de concesión chegue ao ano 2048, dificultan a xestión por parte da Xunta de Galicia e do Goberno galego cando asuma a competencia, por iso hai que plantexarse un tema que vai máis alá: transferencia da concesión, si; transferencia da propiedade, tamén.

Necesitamos recuperar a principal infraestrutura de comunicación do noso país para o sector público. Necesitámola para articular de verdade unha rede pública integrada, cun único criterio de xestión, que resolva o absurdo inexplicable: por que unha empresa ou un cidadán de Ferrol pode ir gratis ata Madrid —bueno, ata Adanero exactamente—, e para ir a Vigo, ida e volta, ten que pagar 46 euros.

¿Esa é a concepción que temos do país?, ¿que a articulación interna do noso territorio e das nosas empresas, da xente que viaxa, estea penalizada, e a conexión con Madrid sexa gratis? Esa é a lóxica de negocio dos grandes fondos de investimento, coa que temos que rachar.

Nese sentido —e remato— a PNL que presentamos ten dous puntos: Primeiro, exixir ao Goberno español que deixe sen efecto o acordo con Audasa para a suba das peaxes. E segundo, que non sabemos por que o Partido Popular se nega a que no prazo de tres meses o Goberno galego elabore un estudo de viabilidade para rescatar a AP-9 para o público.

Esta é a PNL que presentamos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Dende logo, o BNG vai apoiar esta iniciativa de estudo sobre o rescate da concesión, porque ademais onte mesmo, na moción que presentou o BNG, pediamos exactamente o mesmo,

ou incluso algo máis. Pediamos que non só se analizase e se estudase a viabilidade e o custo do rescate para o público, senón tamén que se estudasen os beneficios multimillonarios que a concesionaria e a súa propiedade tivo ao longo deste tempo, e tamén todas as vantaxes e privilexios que lle foron concedidos polo Estado.

Hai que dicir que eses datos que se deron aquí de beneficios se refiren a un plan contable do ano 2011, non se refiren ao momento actual, os datos hoxe serían diferentes.

Tamén pediamos ou pedimos que ese estudo non só quede na análise do custo e da viabilidade do rescate, pois igual que hai cartos para outras cousas, e para o rescate das ruinosas autoestradas madrileñas, tamén os podería haber, ¿non?

Nós pensamos que isto merece unha investigación moito máis profunda, con luz e taquígrafos, por exemplo sobre todas as prebendas e privilexios que se lle concederon á concesionaria ao longo de todos estes anos, incluíndo a ampliación da concesión ata o máximo legal de setenta e cinco anos que desfrutaban 3 autoestradas no Estado. Dúas están en Galicia: ademais da AP-9, a AP-53; e outra está entre León e Campomanes, a A-66. Ou sobre a suba das peaxes; ou sobre as vantaxes fiscais, incluíndo esa ignominiosa bonificación do IBI do 95 %; ou a rebaixa do imposto de sociedades; a ausencia de bonificacións. ¿Por que non hai expedientes sancionadores, por moito que se anunciaron? ¿Por que esta autoestrada non ten ningunha sanción, cando anunciaron no 2014, por exemplo, unha auditoría global? ¿Por que hai este compadreo?

E tamén podíamos analizar e estudar aí, nesa comisión, a traxectoria dos distintos grupos parlamentarios. Porque claro, resulta que o BNG, que seica votou unha vez en contra da transferencia no ano 2006, é moi malo, e o Partido Popular, que votou 50 veces en contra da transferencia, é moi bo. O BNG, que levou este tema ao Parlamento do Estado e ao Parlamento galego 50 veces, e vostedes votaron en contra, é moi malo, e o PP é moi bo. O BNG, que promoveu e escribiu a señora Ana Pontón a Lei de transferencia da AP-9 a Galiza, é moi malo e é o inimigo número 1 de Galiza, e vostedes, que vetaron a transferencia desa lei, son moi bos. ¡Cousas veredes!

Ben, nós presentamos unha emenda, ademais de apoiar a iniciativa, demandando unha vez máis —para poñer en evidencia esa dobre linguaxe moral do Partido Popular— a transferencia da AP-9 a Galiza. Queremos denunciar a súa hipocrisía e o seu cinismo, porque din unha cousa aquí e a contraria —ademais fixérono o mesmo día— en Madrid; e ademais agora véñenos con esas escusas increíbles de que non se pode transferir porque hai que defender a sagrada unidade de España..., polas tensións de Cataluña..., cando este debate se deu hai máis de un ano, e agora véñennos con estas escusas.

O BNG o que quere repetir, unha vez máis, é que se ten que acabar esta vergoña, esta infamia, este asalto, este atraco, esta estafa, este espolio, esta ignominia, esta humillación ademais, porque é unha auténtica humillación a este país, este desprezo ao noso país, ao que lle responde o señor Feijóo con que hai que ter lealdade. Lealdade a España, lealdade ao señor ministro Íñigo de la Serna. ¡Menuda vergoña!

Míre, non lles imos pedir que sexan o que non son, pero o que lle pedimos ao Partido Popular é que fagan algo, ¡que fagan algo! Que decidan de que lado están; que deixen de ser un cero

á esquerda neste tema, que deixen de ser corifeos, que deixen de ser palmeiros, que deixen de ser mamporreiros do Goberno do Estado. *(Aplausos.)* ¡Xa está ben! Xa sei que non lles gusta a palabra mamporreiros —bueno, ao señor Santalices non lle importa—, pero é o que son realmente neste tema, mamporreiros. En sentido figurado, presidente, que quede claro, para que non haxa malas interpretacións...

**O señor PRESIDENTE:** Si, claro. Si, pero non...

**O señor BARÁ TORRES:** Estalles alfombrando o camiño ás multinacionais, aos fondos corsarios, que veñen aquí lucrarse, veñen chuchar o diñeiro do noso país.

Polo tanto, fagan algo e deixen de facer este papel vergonzoso e indecente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Señor Bará, retiramos a palabra mamporreiro, *(Aplausos.)* porque vostede e eu sabemos o significado, e todo o mundo o sabe. Retirámosa, ¿non, señor Bará? Señor Bará, é que non o escoitei. ¿Retirámosa?

**O señor BARÁ TORRES:** ¿Perdón?

**O señor PRESIDENTE:** ¿Retiramos a palabra mamporreiro?

**O señor BARÁ TORRES:** Non. Penso que estaba en sentido figurado.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, pero non vale iso. Non vale o do sentido figurado.

Retírea, ¡espírito navideño! Se non, teño que o chamar á orde. ¡Vostede verá!

Se non a retira, retíroa eu e chámoo á orde.

Todo o mundo sabe o que significa iso, supoño. Por iso.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede non se meta niso, deixe o tema.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Grazas, presidente.

Pois nada, eu renuncio a entrar nesta escalada retórica e si vou intentar unha limitada precisión sobre algúns aspectos que veñen dicíndose sobre a AP-9. É dicir, onde está unha parte da orixe de todo isto, algo foi aludido.

Pois claro, Audasa era unha empresa pública cen por cen, e nun momento determinado tiña unha concesión que remataba no ano 2023 e que se amplía vinte e cinco anos máis, ata o

2048. Ese momento é o ano 2000, estaba gobernando Aznar, era Paco Álvarez Cascos ministro de Fomento; formaba parte do Goberno, nun segundo nivel, o señor Núñez Feijóo, e isto se amplía ata o 2048. Certo, a cambio de que —como dicía antes o señor Lago— se fixeran algunhas obras. E ademais cámbianse as condicións da concesión. De maneira que as regras de distribución de beneficios se liberalizan e se facilita o paso posterior, que se produce no ano 2003.

No ano 2003 esa empresa cen por cen pública privatízase enteiramente e se lle pagan ao Ministerio de Fomento, é dicir, á Administración central, 1.600 millóns de euros. Págallos unha empresa que se fai coa propiedade, e o ministerio ingresa eses 1.600 millóns de euros. Esa venda prodúcese gobernando Aznar, Francisco Álvarez Cascos, e Alberto Núñez Feijóo a cargo da Consellería de Política Territorial. Isto é o que prepara a situación actual. Eses 1.600 millóns son, xusto despois do *Prestige*, cando desde a Administración do Estado se pon en marcha o Plan Galicia, que en boa medida se financia por esta vía. É dicir, que estamos pagando todos, a través das peaxes de hoxe, as promesas do Plan Galicia do ano 2003.

Segundo tema, a cuestión famosa da transferencia. Claro, o Goberno da Xunta nun Consello de Goberno aproba corenta e tantas transferencias. Iso prodúcese a finais do ano 2005. A continuación, o vicepresidente da Xunta vén contarnos ao Parlamento esas transferencias. Convócase a Comisión Mixta. Eu mesmo formo parte da delegación galega desa comisión mixta, xunto con outros representantes —algúns do Partido Popular, como o señor Pita naquel momento—, que asistimos ao inicio dunha negociación desas corenta e tantas transferencias, entre as que estaba a AP-9. E despois diso é cando o Partido Popular presenta unha proposición non de lei neste Parlamento dicindo: ¡ah!, das outras esquézome, quero que votemos só esta. Pero as outras xa estaban reclamadas formalmente. E, de feito, o portavoz do Partido Popular nese momento o que di é —e vouno citar a el—: «cando estamos a falar dun traspaso contemplado no Informe do Goberno galego para a Comisión Mixta de Transferencias». Dío o propio portavoz do Partido Popular cando intervén nese Pleno.

Terceiro tema. O señor Núñez Feijóo contounos sobre as peaxes e foinos dicindo: no ano 2007, 2008, 2015, 2016... Perdón, esqueceuse do ano 2012. ¿E que pasa no ano 2012? Que soben as peaxes da AP-9 un 13 % coa entrada do Goberno Rajoy. Porque sube o IVE do 18 ao 21 %, porque elimina a bonificación do 7 e porque lle aplica a actualización anual das peaxes. ¡E soben un 13 %! E nese momento o señor Núñez Feijóo non dicía nada, protestaba cando eran outros. Aí non dixo nada. A maior subida nun ano, nun único ano, no ano 2012, ¡non dixo nada! Esa é a responsabilidade do señor presidente da Xunta, que nos di que el actúa sempre igual, con coherencia; nese caso non.

Claro, tamén nos di que fixemos non sei cantas cousas mal por asumir, con cargo aos orzamentos da Xunta do Goberno de Touriño, unha bonificación. Pero non nos conta o que sucedeu coa AP-53 que antes foi citada. A Xunta de Galicia do señor Fraga puxo 60 millóns de euros —10.000 millóns das antigas pesetas— para que se fixera esa obra, que correspondía a unha responsabilidade da Administración central. Foron 10.000 millóns de pesetas, 60 millóns de euros. O segundo tramo, o que chegaba a Lalín, inaugurouse sendo vicepresidente da Xunta de Galicia o señor Núñez Feijóo. Por tanto, se queremos coherencia apliquemos coherencia.

Por último —que me quedan 26 segundos—, de cara ao futuro. Nós imos apoiar esta proposición non de lei porque fala dun estudo, despois xa veremos o que pasa. Pero na cuestión das peaxes o que si dicimos é que, ademais de estar de acordo todos no obxectivo, debemos tamén poñer en marcha algún método practicable. E o único método practicable que se nos ocorre a nós para evitar que suban as peaxes de maneira excesiva, a partir do 1 de xaneiro e despois, é que se asuma con cargo ao Ministerio de Fomento a cantidade correspondente á obra, que ademais —segundo nos explica a concesionaria— baixou en relación coas previsións iniciais. Seguramente, con 100 millóns ao ano durante 3 anos sería máis que suficiente para isto, e, por tanto, poderíamos evitar esta suba. Se alguén ten outra idea, que a explique e podemos estudala. Porque hai algunhas outras posibilidades, eu tamén teño algunha outra na cabeza, pero esta é a que me parece máis practicable e máis fácil.

Nós non só queremos protestar senón que queremos dar algunha solución. E sabemos que no ano 2011 e no ano 2012 os ministros seguramente non tiñan outra opción para financiar esas obras, pero hoxe é posible.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ¡Hoxe é posible!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Bará, un insulta cando non ten argumentos. Non ofende quen quere, senón quen pode. Non é o seu caso.

E volvendo á AP-9, por contar algunhas cousas e facer algunha precisión das que non se falou neste Pleno —que levamos varias—, a min tamén me gustaría recordar que estamos falando dunha infraestrutura de uso e tutela pública, de interese xeral do Estado, que o que ten é unha concesión de explotación privada temporal.

Por certo, señor Lago, nada distinto é o que fan os gobernos das Mareas onde gobernan. Porque na Coruña, lonxe de municipalizar algo, externalizaron cousas que durante décadas facían os funcionarios. Porque, claro, agora teñen vostedes un problema, chegan aquí, falan de cousas moi bonitas, pero onde gobernan —e agora gobernan— xa coñecemos que fan o contrario.

Diciamos esta mañá, e falabamos de vacinas, pois afortunadamente xa os coñecemos e iso é unha vacina, que xa estamos vacinados das Mareas porque sabemos de verdade o que fan

cando gobernan, como vemos na Coruña. Falabamos de cousas tan extravagantes como que agora ata os plans de seguridade os externalizan, os pregos de condicións, ¡100.000 euros! (*Murmurios.*) ¡E agora escandalízanse! Obras, servizos... ¡todo! Onde gobernan, externalizan todo, señores das Mareas. ¡Todo! Vai sendo hora que teñan tamén un pouquiño de coherencia. Veñen aquí e falan de cousas moi bonitas, pero cando chegan a gobernar externalizan todo. Iso si, a maioría a asinantes das Mareas. Iso é de verdade o que lles importa.

Pero, mire, pagamos a unha concesionaria unhas peaxes para ter un mantemento, para financiar unhas obras —que hai que dicilo e repetilo porque estamos financiando obras, este é un modo de financiamento ao final—, e non están amortizadas. Non sigamos dicindo que están amortizadas, nin está amortizado Vigo-Tui, nin está amortizado A Coruña-Ferrol e Fene-Ferrol, nin está amortizada a operación de Rande, que aínda non inauguramos, nin está amortizada a contorna de Santiago. ¡Non están amortizadas! E ao final, díganos tamén, non enganen a xente dicindo que as cousas están pagadas cando non o están. Cando firman unha cousa seis anos antes, din: ¡xa o pagarán os que veñan! Pois non están pagadas, non están amortizadas, temos que pagalas a partir de agora.

Mire, ¡cando escoito aquí algunhas cousas!... Os que estivemos algunha vez en xestión, cando se saca unha concesión, cando se fai a cambio dunhas obras, están todas intervidas, ¡pero moi intervidas!, informadas e valoradas pola Intervención Xeral do Estado. Pero aquí se pensa que alguén dá unha obra, valórase unha cousa... Se fora tan regalo, nun concurso público iría outro e collería outro. As cousas teñen un expediente administrativo, teñen unha valoración, licítanse en concurso público por unha valoración, e o que a gana lévaa en concurso público.

E, mire, pese ao mesmo, nós sabemos que estamos nunha economía global —ao mellor outros non—, e empresas españolas teñen concesións de autoestradas en Texas, en Chicago, en Illinois. ¿E que me parece? Pois que é o normal nun mundo globalizado. Iso é o normal, que haxa empresas españolas, que as temos. Afortunadamente, as empresas de transporte e as empresas de infraestruturas españolas son líderes no mundo. ¡Podemos dicilo así! Por iso hai moita xente traballando en todo o mundo, porque temos concesións en Michigan, concesións en Chicago, concesións en Texas ou en Portland. E temos nas concesións de infraestruturas empresas e traballadores españoles. É o que hai.

Xa llelo dixemos vinte veces: estamos en contra da subida das peaxes, estamos en contra, pero está firmado por un ministro socialista e está publicado. Voulo ler exactamente. O día 24 de novembro de 2011, publicado nun real decreto no *Boletín Oficial do Estado*, na cláusula 6ª, autorízase o incremento das tarifas o 1 % anual acumulativo —¡nada que ver cun 0,9 % durante tres anos—, ¡vinte anos acumulativo! Isto está firmado e publicado no BOE, e hai que cumprilo se somos un Goberno serio.

Dicían outros: a min o único que se me ocorre é 100 millóns de euros cada ano nos próximos tres anos. E digo, claro, pero isto é do que estamos falando. Galicia —e volvo recordalo— somos a segunda comunidade autónoma en investimentos públicos de Fomento no estado. Cando un sae por aí todo o mundo di: eu tamén quero ser galego, porque temos ese investimento.



Non me fagan as mesmas trampas que nas emendas aos orzamentos. Díganme: para sacar 100 millóns ao ano, ¿que obra queren quitar dos orzamentos, señor Leiceaga?, ¿que obra hai que quitar? Porque xa somos os segundos de maior investimento. Claro, é fácil seguir aumentando e crecer.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Remato xa.

Di que no 2011-2012 —dinlle onte o dato— o señor ministro Blanco tiña 21.000 millóns, tres veces máis que os que ten hoxe o señor de la Serna, ¡tres veces máis! Entón non me comparen, se cando el tiña tres veces máis dicía que non lle daba, ¿que lle pedimos agora a un Goberno que ten a terceira parte?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Agradezo ao señor Martín Prado a súa exposición porque é a confirmación do que dixen eu. Temos unha camisa de forza de vinte anos, do 1 %, que se firmou no ano 2011, e temos unha camisa de forza de 38 anos, ata o ano 2048, que firmou Aznar. Efectivamente, temos dúas camisas de forza que teñen oprimida a capacidade de actuación do Goberno e que temos que pagar a cidadanía galega. Ten toda a razón, señor Martín Prado, ¡toda a razón!

¿Temos algunha posibilidade de liberarnos desa camisa de forza? A sociedade galega, o seu Goberno, ¿debe intentar liberarse desa camisa de forza que comprime a articulación, a mobilidade, a competitividade, e que discrimina a veciños de determinados territorios? ¿Ou imos esperar pacientemente ata o ano 2048, cando xa non queden dende o ano 2021 outras autopistas de peaxe no Estado e esta sexa a única significativa en termos de percorrido? ¿Imos facer iso, señor Martín Prado? ¿Esperamos ata o ano 2048 pagando puntualmente o 1 % desde o ano 2011, e o IPC, e todo aquilo que Audasa queira seguir creando?

Segundo. Non son prezos de mercado. Aquí hai algunha persoa que é empresaria. Cando ti facturas 140 millóns de euros e repartes en dividendos 45 millóns de euros, iso é unha renda monopolística, iso non é competencia; iso é utilizar o BOE para atacar a cidadanía. Un negocio normal, da xente que produce cousas normais, ten unha rendibilidade sobre as vendas do 4, do 5, do 6, do 7 %. Unha empresa que facturando 140 millóns de euros reparte en dividendos, logo de pagar impostos, bonificados, 45 millóns de euros, ¡é un espolio! E non hai que ser economista, Martín Prado, para saber que as tarifas son abusivas. Non hai que facer un estudo de custos, só hai que saber que se eu facturo 140 e gano 70 millóns de euros dos 140, pago impostos e reparto 45 millóns de dividendos, xa sei que as tarifas son abusivas.

¡É intolerable! Que nos sigan subindo as tarifas é intolerable. A marxe real que ten Audasa para financiar parte das cousas que di que financia co incremento das peaxes é enorme.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**O señor LAGO PEÑAS:** Voulle dar a razón...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas, por favor.

**O señor LAGO PEÑAS:** Voulle dar a razón ao señor Leiceaga. Claro, que unha empresa diga: ti non te preocupes, fago eu a obra, asumo eu os custos, fago o que teño que facer, e ti o que me das é o 1 % durante vinte anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, iso... ou es parvo —non o vou dicir que non me vai deixar o presidente—, pero jes parvo, joder! (*Aplausos.*) ¿Como lle vas deixar a quen che vai facer o negocio que che diga canto é a obra e como a tes que pagar? (*Aplausos.*) Iso é inaceptable, e hai que buscar fórmulas diferentes.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas

**O señor LAGO PEÑAS:** Neste sentido —remato—, admitimos as emendas porque nos parece que complementan.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LAGO PEÑAS:** E facémolles un chamamento a este Goberno para que faga algo dunha vez. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

(*O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.*)

¿Perdón? ¿Para que pide a palabra, señor Leiceaga?

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Simplemente para pedirlle ao señor Lago que nos diga que pasa coas emendas aos que emendamos.

**O señor PRESIDENTE:** Si, xa dixo que as aceptaba.

Debates agora de xeito acumulado tres proposicións non de lei: do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea, todas elas sobre actuacións para a erradicación da avespa *velutina*.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avespa *velutina* en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie**

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun trampeo masivo contra a avespá *velutina*, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento**

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespá *velutina*, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores**

**O señor PRESIDENTE:** A estas proposicións presentóuselles unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:*

*1) Seguir incidindo en 2018 nas medidas contra a Vespa Velutina tanto no que respecta ás labores de trampeo, aínda que sempre circunscritas ás recomendacións dos técnicos en base aos resultados das investigacións e estudos que se efectúen ao respecto; como na información que se traslada á cidadanía sobre esta especie invasora; a formación ofertada ao persoal implicado no control e na erradicación da praga e a investigación que sobre esta especie se está a levar a cabo.*

*2) Convocar unha reunión da Comisión de Seguimento coa participación, tal como acordou coas asociacións a Xunta no mes de xullo, da Xunta, Fegamp, sector apícola e investigadores.*

*3) Dirixirse ás Deputacións provinciais para convidalas a sumarse á loita que se está a desenvolver contra a Vespa Velutina para dende a coordinación de todas as administracións afectadas e os colectivos facer un fronte común que permita optimizar os recursos e as accións a implementar.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten, en primeiro lugar, a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas. Bo día, representantes da Plataforma Stop *Velutina*.

Permítanme que lles conte un conto; non vai ser un conto de Nadal, sería acaído, pero este tamén o é. Cando a nespriña do castiñeiro comezou a visitarnos con intencións de quedar, as alarmas soaron e desde o BNG e a oposición comezamos a traer iniciativas para que se tomase en serio o problema, logo de ver o acontecido en Italia. ¡Como se cantara un carro! Sempre votaron en contra de facer algo, agardaban a chegada do Espírito Santo en forma de *Torymus*. E hai un mes o BNG presentou a última; vostedes tombárona. Hai menos dunha semana, a pomba branca pousou na Consellería de Medio Rural, e vostedes fixeron unha síntese do presentado ao longo do ano pola oposición e preséntannos con aire triunfal unha iniciativa trampa. Se a votamos a favor, o rédito é seu; se votamos en contra, contradicimos o noso discurso.

Desde o BNG sabemos que cando o problema se faga insoportable e a *vespa velutina* chegue ás vilas e ás cidades farán como nos lumes: sacarán un paquete de medidas, que nós xa teremos enunciado, e ocuparán os titulares dos medios de prensa e propaganda dos que dispoñen, pero será moito tempo o perdido.

Porque a *velutina* está aí, cada vez máis presente, cada vez máis abafante para as abellas, os insectos, as producións agrícolas, as persoas, o medio ambiente. Porque a alarma é real, a xente está asustada. Este verán eses helicópteros zoadores roldaban as casas das aldeas roendo os figos das figueiras, as peras das hortas, as uvas dos bacelos, a seiva dos salgueiros choróns e, sobre todo, capturando todo insecto voador que se cruzase, e as colmeas. De nada servían xa en pleno verán as trampas nas alvarizas e nesas árbores citadas que condensaban centenaes de individuos ameazantes para persoas e facendas.

A peor alarma xorde cando a xente do común ve como todos os esforzos son inútiles e como cada ano que pasa a presión se ve multiplicada exponencialmente, porque cando se dan novas ao 112 dun niño, se veñen os da Xunta, todo son desculpas; ben, se está facilón, retírase. Logo, son os do concello os que retiran a maior parte deles. Pero o máis grave está no risco para a xente. Xa sei que a xente das aldeas estamos afeitos a convivir con bichos, pero con bichos coñecidos, cos de sempre, e non vai con segundas. O que botamos en falta, o que a xente bota en falta, é que a Xunta se decida a actuar seriamente e con rigor.

Desde a Plataforma Stop *Velutina* de Galicia trasladóusenos a todos os grupos desta cámara unha serie de inquiredanzas e propostas de medidas que facemos nosas polo acaídas e polo que de coñecemento do problema mostraron.

O combate principal sitúase na primavera, no trampeo masivo feito no momento idóneo. Masivo e intensivo en todo o territorio; idóneo porque vai ser o capricho meteorolóxico quen marque o momento apropiado para facelo. E hai que estar preparados. Debería ser feito polas consellerías competentes na materia e consistiría na entrega dunhas cincuenta mil trampas cos seus atraentes, e non só aos apicultores, incluíría tamén os concellos e os colexios. Esta nova distribución é fundamental para que o trampeo funcione. Este trampeo require un seguimento que obriga, como mínimo, a unhas seis visitas a cada unha das trampas ao longo do ano, unha de colocación e cinco de reposición, levando un control de resultados positivos ou negativos e mais de cada unha das accións efectuadas.

A estas alturas, cando un fala coa xente afectada, principalmente coa xente do medio rural, detecta un descoñecemento da praga e dos comportamentos dese tártago, e continúaase a chamar para a destrución de niños neste tempo, cando agora xa son só celulosa deshabitada. Por iso cremos que esta campaña de trampeo e de loita debe ser xeneralizada con implicación de toda a poboación. Por exemplo, a identificación de niños primarios é esencial, os medios de comunicación deberían estar ao servizo do ben común, dando información veraz do que sabemos do bichiño, que non é moito, dos riscos e do que non se debe facer e de como identificar niños, tanto primarios como secundarios. Temos que ter coidado de non acrecentar o mal que a *Vespa velutina* está a facer nas poboacións de insectos do país, destruindo niños, por exemplo, de *Vespa crabro* e outras especies autóctonas, que se confunden facilmente pola xente que non sabe de que vai o asunto. Estoutras nespras dabondo teñen co que teñen.

A terceira medida: sería precisa na loita contra esta especie invasora poñer parte do coñecemento desta especie, o seu comportamento neste noso territorio e as súas debilidades para podermos chegar a métodos de loita biolóxica, a única que nos pode garantir o éxito sen danos ambientais. Precisamos unha ferormona selectiva atraente de raíñas —non para proclamar a república, non se asusten— para capturalas selectivamente. Precisamos liñas de posible loita biolóxica, a loita máis efectiva.

Para este labor vai ser necesario unificar a actividade investigadora e financeira. As investigacións provenientes de organismos públicos, porque estes contan coa vantaxe que supón a ausencia de lucro económico como obxectivo, o cal en si é unha garantía.

De momento, a loita contra a *velutina* non a lidera o Goberno galego, e isto é triste. Precisamente, vista a quietude mostrada, as deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra toman a iniciativa, asinando acordos de investigación e trampeo e poñendo cartos:

Deputación da Coruña, ano 2017, 137.378,82 euros, convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, aquí e no Campus de Lugo. Catro liñas de investigación prioritarias: unha, estratexias de control, desenvolvemento, obtención e testaxe dun biocida específico para a loita contra a *Vespa velutina*; dous, cartografía e distribución potencial; tres, estratexias alternativas de loita biolóxica; catro, avaliación do impacto socioeconómico da praga.

As deputacións de Lugo e Pontevedra fixeron tamén acordos para actuar na solución. E non me vou estender.

Pero entre as tres deputacións asumen en solitario 200.000 euros en investigación fronte a 50.000 da Consellería. Sería o lóxico e o normal que a Comisión de seguimento, se existe, fose quen de unificar os esforzos, orientar e, sobre todo, contar cos colectivos afectados, que teñen opinión cualificada e que demostraron implicación activa no problema desde o comezo.

O Goberno galego, por medio das consellerías implicadas na xestión desta invasión, ten o deber de poñer os medios necesarios para deter o avance deste tártago, na consciencia de que só son medibles a longo prazo. Esta actividade investigadora é fundamental se queremos establecer un plan de loita estable aplicable. Pero fai falta decisión política e a investigación hai que pagala.

Non imos aceptar as emendas, entre outras cousas, porque nos parecen irrisorias. Hai unha soamente aceptable, que é que a Comisión de seguimento se reúna co sector apícola e con Stop *Velutina*, así como con todos os implicados; cando vostedes a poñen é que xa o teñen decidido e, polo tanto, non imos perder o tempo. E, sobre todo, parécenos que xa está ben de tanto autobombo e de que a súa emenda sexa seguir na loita que non fan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Rivas Cruz.

Por parte do grupo proponente do Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor José Manuel Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidenta.

Señorías, bo día.

Tamén darlles a benvida aos membros de Stop *Velutina* e membros da Casa do Mel de Goente.

Hoxe traemos un tema que supón unha preocupación: a *Vespa velutina*. O seu asentamento definitivo en Galicia —como saben— está a coller uns niveis alarmantes, xa que afecta de xeito notable as expectativas da fauna local, os froitos e, principalmente, a poboación de abellas melíferas.

Fagamos memoria, repasemos como chegou a *velutina* a Galicia: en 2004 chegou ao continente europeo; no 2010 chegou ao norte peninsular; no 2012 empezou a detectarse na Galicia costeira. Hai cinco anos que está aquí en Galicia, dende que comezou a detectarse en Galicia; cinco anos nos que, dada a súa capacidade de adaptación e expansión, esta especie se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade. Debido ao seu gran tamaño e agresividade, supón un gran problema, por un lado, para a saúde humana e, por outro, é unha depredadora da *Apis mellifera*, que é a produtora de mel, sen esquecer que esta última realiza outra función fundamental para a conservación da vida humana: a polinización. E é depredadora porque causa un gran número de baixas nas colmeas e alarma entre os apicultores galegos, que, a pesar de todos os seus esforzos, se ven desbordados por esta continxencia.

A *Vespa velutina* está poñendo en perigo unha relevante e crecente actividade socioeconómica, saúde humana e, ademais, as posibilidades de adecuar a polinización. A avespa *velutina* é difícil de controlar, porque as súas colonias poden proliferar rapidamente, teñen densidade de niños relativamente altas e pode ser un desafío atopar niños en áreas non urbanas.

¿Que medidas se levaron a cabo ata agora? Programas de localización e de retirada de niños. Pero son insuficientes ou, polo menos, non están dando os resultados esperados, dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Isto lévanos á seguinte conclusión: as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de *velutina* pasan irremediabilmente pola investigación; investigación necesaria para dar con fórmulas de control que non teñan

efectos colaterais na fauna e na flora, independentemente de que se fagan accións puntuais como a localización e a retirada de niños que mencionamos antes.

Miren, señores, o cambio climático chegou para quedar e con el chegaron condicións climatolóxicas especialmente favorables para a expansión desta especie. As condicións deste inverno e primavera de 2017, como foi a ausencia de frío, non reduciron a actividade de moitos niños de *velutina*, nin reduciron o número de raíñas procreadoras como viña sucedendo nos últimos anos, co cal os apicultores e os produtores de froita están temendo unha repunta da actividade da *velutina*. Estamos ante condicións distintas. O cambio climático é unha realidade. Polo tanto, o que antes servía agora xa non funciona.

Por todo isto é imprescindible redobrar e canalizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga, poñer medidas concretas sobre a mesa. Estas son as que plantexamos dende o Grupo Socialista:

Primeira, o trampeo masivo, que deberá comezar no mes de febreiro como moi tarde, antes de que as temperaturas aumenten, e comezar polas zonas máis cálidas da comunidade autónoma, logo ir avanzando progresivamente cara ao resto de Galicia. Prevención. Trátase de previr a súa expansión e de controlar así o número de exemplares.

Segunda, a investigación. A potenciación da investigación é imprescindible para coñecer adecuadamente os comportamentos e as características da *velutina* e para atopar fórmulas adecuadas coas que combatela. E da investigación á práctica, atopar fórmulas para traspasar os avances das investigacións ao seu uso real, combater a *velutina* da forma máis eficaz e eficiente. ¡Tomen nota do esforzo que están a facer as tres deputacións gobernadas polos socialistas!

Terceira, unificar esforzos. O combate dunha praga coas características da *velutina* require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados nesta loita. Por esta razón entendemos que a presenza e a integración do tecido asociativo apícola galego, ao igual que outros sectores afectados, son necesarias para atopar as mellores fórmulas de extinción e control da praga. É dicir, implicar o sector apícola e todos os sectores afectados en dous ámbitos: primeiro, na procura de solucións; segundo, na achega dos problemas reais que están a sufrir. É imprescindible e de vital importancia para acadar o control definitivo desta praga.

Cuarta liña, formación. Coñecer as características da praga por parte da poboación implicada nun labor de divulgación que debe ir dende os centros de ensino ata a poboación en xeral. Debe comprender o coñecemento das características da *Vespa velutina*, o seu comportamento tanto individual como colectivo, as particularidades dos niños; en definitiva, todo aquilo que supoña un coñecemento certo desta praga. A formación é fundamental para as persoas que teñen a misión de extinguilas. E a formación neste eido tense que tratar a todos os niveis e crear unha conciencia social para tratar de facerlle fronte dende todos os ámbitos da sociedade. Canto maior sexa o coñecemento do tema por parte da poboación, máis ollos e máis mans se terán para facerlle fronte.

E, por último, a prevención. Xa falamos antes do importante que era comezar canto antes de que chegue a calor. Pouco despois de levar a cabo o trampeo levaranse a cabo as accións

necesarias para evitar un incremento do número de niños primarios, e así axudar no control de individuos da colonia da *velutina*.

En resumo, as medidas son: trampeo masivo antes de que chegue a calor; investigación, e da investigación pasar á práctica; terceiro, unificar esforzos, é dicir, contar con todos os axentes implicados; cuarto, formación, que implica o coñecemento e a divulgación; e quinto, prevención, canto antes reducir os niños primarios.

E por iso, hoxe dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Comezar o trampeo en tempo; de febreiro a abril nas zonas máis cálidas e de marzo a maio no resto da comunidade.

2º. Afrontar o custo de compra de 50.000 trampas máis atraente necesario para que este mecanismo sexa efectivo.

3º. Facer unha campaña informativa e divulgativa de como utilizar os medios para a erradicación deste insecto.

4º. Establecer quen ou os que deben colocar as trampas para realizar un trampeo masivo.

5º. Dotar unha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación co fin de atopar ou mellorar os sistemas de erradicación desta especie.

6º. Establecer axudas directas para facerlles fronte aos danos causados pola avespa asiática.

7º. Abrir a Comisión de seguimento aos representantes do sector apícola.»

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Pérez Seco.

Eu pregaría silencio na Cámara.

Ten a palabra por parte do grupo proponente de En Marea a señora Paula Quinteiro Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidenta.

Bo día.

Tamén, en primeiro lugar, queremos saudar as compañeiras da Plataforma Stop *Velutina* que nos acompañan. Ademais, temos que dicir que, en realidade, a maior parte das propostas que traemos hoxe son grazas á súa información, á súa persistencia na mobilización e na visibilización da loita contra a *Vespa velutina*.



Xa están moitas das cuestións ditas. Como xa sabemos, esta especie invasora chegou no ano 2012, e hoxe, cinco anos despois, temos practicamente o 70 % do noso territorio colonizado. Isto dá ben a mostra da situación na que nos atopamos en Galicia: é unha das zonas máis afectadas do conxunto do Estado español, e é evidente que non se está a facer o suficiente polas cifras que manexamos, e as evidencias están á vista de todas.

De feito, nós pensamos que non se está a facer practicamente nada. Hai unha falta de vontade política que se pode ver exemplificada dunha maneira moi clara na falta dun orzamento específico para combater a *Vespa velutina*. Vemos que dende o 2012 se intenta só pór en marcha medidas parciais. Falta un plan global de acción que tome en serio esta ameaza. E os apicultores levan moito tempo visibilizando e alertando do grave perigo que supón esta especie invasora para as colmeas, pero tamén advertindo de que este é un problema que nos ocupa ao conxunto da sociedade, non unicamente só aos apicultores senón que os danos medioambientais desta especie nos afectan a todas as galegas e os galegos. E a situación non admite demora. Como digo, os datos son moi preocupantes, a evolución ademais é altamente rápida, temos que pórle freo xa, e os danos son económicos, medioambientais, ecolóxicos, cada vez son máis graves, e a medida que pasa o tempo vamos resultar moito máis difícil facerlle fronte a esta especie.

Traemos esta iniciativa coa intención de que o Goberno galego tome este problema como unha prioridade, que tome este traballo como unha implicación en serio e que realmente se poña a traballar na coordinación necesaria para loitar contra a *Vespa velutina*.

E vou remarcar algunhas das medidas que nos parecen fundamentais. Xa están mencionadas polos outros grupos da oposición, pero recalcar que o que precisamos é un plan integral e non medidas parciais alleas. Precisamos un espazo onde se coordine e onde se traballe de xeito coordinado para loitar contra a *Vespa velutina*, porque na actualidade é un auténtico caos e as respostas son totalmente descoordinadas, parciais e non son suficientes.

En primeiro lugar, pensamos que hai que levar a cabo un plan de choque que nos permita control poboacional. E para este fin precisamos un trampeo masivo, que hai que efectuar xa no ano 2018, e hai que facer unha distribución de trampas sistemática, masiva e coordinada. É importante tamén —como xa se comentou— facelo en tempo, non esperar máis alá de xaneiro para ter este plan artellado, e que o trampeo se efectúe entre febreiro e abril-maio, segundo a zona.

É certo que o ano pasado a Consellería de Medio Rural repartiu trampas, 10.000 trampas, pero non é suficiente porque —como volvo incidir— ten que ser masivo. E, por suposto, hai que protexer os apiarios, pero tamén hai que protexer as zonas periurbanas para este control poboacional, que debe ser o noso fin no medio prazo.

E para facilitar este trampeo masivo pensamos que, ademais de financiar as trampas, debe facerse unha campaña de sensibilización para o conxunto da sociedade e prestando especial atención aos centros educativos, que pensamos que poden desenvolver un labor fundamental neste traballo. E sobre todo hai que ir un paso máis alá, hai que colocar as trampas, pero tamén hai que despois telas identificadas e facer unhas valoracións posteriores para valorar a eficacia destas trampas, onde se están recollendo máis e verificar a súa colocación.

En segundo lugar, por suposto, tense que investir moitísimo máis en investigación. Na actualidade é ridículo en comparación co que se está a investir dende outras administracións. Sobre todo é necesario que a actividade investigadora se unifique, e hai que dotala de fondos públicos. Que haxa nestes momentos un único convenio asinado entre as universidades de Santiago e Vigo co Ministerio de Medio Ambiente é totalmente insuficiente, precisamos dispor de moitos máis convenios de investigación. E moitas veces anúncianse estes convenios de investigación pero despois na práctica non se concretan e non se levan a cabo, unicamente serven para dar determinados titulares nalgúns sitios. E a investigación é clave, porque hai que coñecer esta especie, como funciona e como se adaptou tamén a esta zona xeográfica.

Por outra parte, tamén pensamos que son necesarias axudas para o sector. O Plan apícola resulta totalmente insuficiente porque non contempla estas axudas específicas para facer fronte aos danos da praga. E necesitamos abrir esta liña de axudas específicas para paliar as perdas sufridas, tanto as derivadas das perdas físicas de animais como tamén dos gastos derivados da xestión desta praga.

E, por último, a Comisión de seguimento ten que funcionar, e levamos repetindo esta cuestión en numerosas ocasións na Comisión de Medio Rural. A Comisión de seguimento non se reúne, non funciona e, ademais, non incorpora os sectores que están afectados. Esta é unha reivindicación reiterada. Parece que agora a asumen, alegrámonos, e esperamos que tomen en serio esta necesaria comisión de seguimento, que se reúna con moita máis frecuencia e, sobre todo, que incorpore o sector asociativo apícola, porque nin se sabe que fai, nin se sabe con quen se reúne nin se sabe absolutamente nada.

Todas estas medidas non van servir de nada se non están dotadas dunha partida orzamentaria. E non entendemos por que se rexeitou a emenda presentada polo noso grupo xusto moi recentemente, na que pediamos precisamente unha cantidade pequena, que, obviamente, non ía resolver todo o problema da *Vespa velutina*, pero que era un comezo para un plan de loita contra a *Vespa velutina* nos orzamentos da Consellería de Medio Rural. Se non temos orzamentos todo vai quedar en papel mollado.

E tamén, relacionado coa coordinación necesaria, precisamos socializar moito máis o que se fala e o que se debate nesta comisión de seguimento. Pero tamén as aportacións que se trasladan, por exemplo, ao Grupo de Traballo de Especies Exóticas Invasoras e ao Subgrupo de Traballo do Avispón Asiático, onde están o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas afectadas. Precisamos incorporar este debate de maneira moito máis real ao Parlamento de Galicia.

E por iso parécenos sinceramente que a súa emenda é unha burla. En concreto, refírome ao punto 1 e ao punto 3. No primeiro punto comezan dicindo: «Seguir incidindo en 2018 nas medidas contra a *Vespa velutina*», e pasan a enumerar unha serie de accións que se fan en materia de formación, de investigación, de trampeo, etc. E, obviamente, este punto dá a entender que cren que o que se está facendo é suficiente, que xa está, que se está facendo; todo o que nós propomos nesta iniciativa que traemos hoxe os tres grupos da oposición xa se está facendo. Os datos están aí. Un punto concreto: investigación, ¡un convenio asinado! En realidade, ¿cren que xa se está investigando na loita contra a *Vespa velutina*? Son datos clara-

mente insuficientes e precisamos que realmente se tomen en serio esta loita, e non unicamente para dar titulares.

O punto 3 tampouco, sinceramente, nos parece axeitado. E xa se comentou que as deputacións e todas as administracións deben traballar nesta coordinación contra a *Vespa velutina*, pero o que se precisa é coordinación. Xa están traballando as deputacións, ás veces moito máis que a propia Xunta de Galicia.

O único punto que nos parece aceptable —como xa comentei— é o punto 2. Aínda que xa tiña que ter estado asumido hai moito tempo, aceptámolo. De feito, imos solicitar a votación por puntos, se vostedes aceptan votar este punto.

E vou rematando. Con este tema eu pídolles que saian dos titulares, que poñan en marcha realmente medidas eficaces; se tanto estamos na lexislatura do rural, tómense en serio medidas para protexer a xente que traballa, que xera emprego e que segue dinamizando o noso rural, e non unicamente esas propagandas. A loita contra a *Vespa velutina* non é unha cuestión só dos apicultores e das apicultoras, é unha cuestión que debe ocupar o conxunto da sociedade galega e que non pode seguir pasando moito máis tempo porque temos que pór en marcha un plan integral de inmediato.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Quinteiro Araújo.

Por parte do grupo non propoñente, do Grupo Popular de Galicia, ten a palabra a señora Raquel Arias Rodríguez.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Señorías.

Benvidos aos que hoxe nos acompañan dende a tribuna.

Na exposición de motivos, os tres grupos que estiveron aquí falando antes ca min coincidían na belixerancia da especie da *velutina*; na súa notable adaptación a este medio, en especial nos últimos anos co incremento das temperaturas; na necesidade de coñecer mellor o inimigo para saber como lle facer fronte; na conveniencia e necesidade de informar e formar os que traballan coas avespas e coas abellas, pero tamén a poboación en xeral; e na necesidade de que todas as actuacións estean coordinadas e unificadas. Consideracións que —xa lles digo— non podemos máis que coincidir nelas dende o Grupo Popular. E coincidir tamén en que estas consideracións e as propostas que vostedes fan o que nos veñen dicir é que o que está facendo a Xunta de Galicia vai na liña adecuada, porque todo o que vostedes propoñen, excepto o trampeo masivo, son medidas que leva facendo a Xunta de Galicia dende o ano 2012. E espero que todos coincidamos tamén —e estou segura de que si— en que a *Vespa velutina* veu para quedar con nós. Dicir isto e afirmar isto non é que dende o Partido Popular nos poñamos de brazos cruzados esperando, senón que dende o Partido Popular o

que queremos é saber cal é a realidade do problema, porque só sabendo cal é a realidade e como están as cousas de verdade é como se lle vai poder facer fronte.

Pois ben, no que atinxe a colaboración do que aquí se falaba, hai que salientar que dende que se detectou a presenza da *velutina* no ano 2012 —por certo, é unha pena que non estea o señor Villares, tiña hoxe unha boa oportunidade para saber a diferenza entre a *velutina* e a *avespiña* do castiñeiro—... Ben, como dicíamos, no 2012 chega a *velutina* a Galicia e no mesmo momento a Xunta de Galicia ponse en contacto cos concellos e ponse en contacto tamén cos propietarios de colmeas e coas asociacións, e coordinadamente empezan a traballar. De xeito que no 2014 se establece xa o Plan de control da *Vespa velutina* con catro puntos: a repartición de trampas para a captura de niños, a retirada e a inactividade de niños, campañas de formación e información e mais a posta en marcha e o asinamento de convenios para a investigación. Catro cousas que hoxe reclaman vostedes e que xa están dende o ano 2014.

E no ano 2015 ponse en marcha a Comisión de seguimento. Señor Pérez Seco, vostedes dicían no seu argumentario que se poña en marcha a Comisión de seguimento. Unha comisión de seguimento que está en marcha dende o ano 2015, coa participación de tres consellerías: Medio Ambiente, Medio Rural e Vicepresidencia, e tamén dos concellos. Neste momento hai 106 concellos representados. E como dicíamos, e como tamén o dicían vostedes, nas próximas reunións, como xa falamos tamén nas distintas comisións, irán tamén —porque cremos ademais que iso é necesario— as asociacións e a parte de investigación.

E polo que atinxe o trampeo masivo. Ben, vostedes falan aquí de 50.000 trampas. Oia: ¡que coincidencia!, os tres grupos din 50.000 trampas; non 70.000, non 43.000, ¡50.000 cravadiñas! ¿Xa me dirán vostedes que estudo científico teñen para falar exactamente os tres grupos do mesmo número? Porque a verdade é que os datos que nós temos, os estudos científicos que nós temos, é aos que todos poden ter acceso porque son públicos, non hai nin un só que aconselle que se faga este trampeo masivo, ¡nin un só! E se estamos equivocados e vostedes os coñecen, é bo que os poñan sobre da mesa, é bo que se empece a falar deles, porque todos estaríamos encantados de aceptalo.

Miren, o plan galego di que non se pode facer trampeo masivo. Pero, iso si, lévase facendo dende o principio no contorno das colmeas; trampeo que se lles dá aos apicultores de xeito totalmente gratuíto, igual que os atraentes ¿Que por que non se fai masivo? Pois porque os atraentes que se coñecen ata o de agora non son selectivos, collen todo tipo de insectos que pasan por alí, tamén a *avespa autóctona*, que é o depredador natural da *velutina*. E, por tanto, vostedes que son tan ecoloxistas —polo cal me felicito—, e nós tamén, facer un trampeo masivo sería un gravísimo dano para a biodiversidade. Non o aconsella a estratexia galega, pero é que o prohíbe o plan estatal, que recolle as experiencias dos oito países nos que está nestes momentos a *Vespa velutina* e das comunidades autónomas. E, claro, vostedes dirán: ¿Que van facer? Os dous do Partido Popular, loxicamente pónense de acordo e dinnos que non. Pois non, porque tamén os vascos din que non se pode facer trampeo masivo. E tamén os franceses din que non se pode facer trampeo masivo. E os estudos das universidades de Vigo —que a Xunta si que ten convenios coas universidades de Vigo e de Santiago—, pois os estudos da Universidade de Vigo, que se viñeron dar a coñecer hai pou-

quiños días, din que o trampeo masivo é totalmente desaconsellable. Porque, miren: en cada trampa e por cada *velutina* que aparece, aparecen cen individuos que non son de *Vespa velutina*, e por cada *velutina* que matamos, estamos matando cen insectos que están facendo o seu traballo no medio ambiente. Por tanto, moito coidado con dicir alegremente o do trampeo masivo.

Tamén din o mesmo estudos que se están facendo, por exemplo, polo boletín científico da Sociedade Galega de Historia Natural en Ferrolterra. E un estudo publicado recentemente por Monceau & Thiéry, francés, que reflicte, entre outras conclusións, que nun estudo realizado na vila francesa de Andernos, onde se puxeron moitas trampas por un estudo que fixo o concello, ese mesmo ano detectouse que había moita máis *Vespa velutina*, pero que se incrementara tamén o número de niños que apareceron. Por certo, o mesmo que estivo pasando este ano no concello do Cervo, na Mariña lucense.

Por tanto, o trampeo masivo está desaconsellado. Nós propoñemos que cando haxa estudos, e aí será onde teremos que seguir estudando, dun atraente que realmente sexa específico para a *velutina*, por suposto que haberá que ir cara a el.

E vostedes falan das investigacións. Miren, está habendo contratos coas universidades de Vigo e de Santiago para investigar, universidades que —como dicimos— están dando xa os primeiros resultados. Pero non nos quedamos aí, agora mesmo neste mesmo momento está solicitado ao Interreg Sudoe unha axuda por parte de Galicia, das universidades de Vigo e de Santiago, de centros investigadores vascos, franceses, portugueses, e ata vinte beneficiarios máis para de forma conxunta adquirir axudas para estudar sobre a *Vespa velutina*.

No que vai de ano, retiráronse 21.000 niños —en 2016, 11.000 niños— e repartíronse 60.000 folletos, 1.700 carteis, 124.000 insercións en medios de comunicacións, charlas informativas —todo o servizo de Medio Rural, os técnicos dispostos para dar esas charlas onde se lles piden—, máis de vinte e nove xornadas de formación, 1.100 persoas formadas, axudas para que os apicultores poidan tamén celebrar esas xornadas, axudas aos apicultores, que se incrementaron este ano un 35 % respecto do anterior, e que poden incluír a alimentación para as colmeas, posto que ao sufrir estrés non saen buscar esa alimentación, e tamén para adquirir abellas raíñas.

En definitiva, un conxunto de medidas que seguro que non son suficientes, que se seguirá traballando nelas, que se segue a liña de todo o que se está facendo en todos os países onde hai *Vespa velutina*, e unha axuda para a que, loxicamente, si que necesitamos o apoio das deputacións. Díganme vostedes: ¿cantos folletos puxeron as deputacións á disposición das persoas?, ¿cantos cursos de formación?, ¿cantos medios para poder coller os niños?, ¿cantas trampas deron ata o de agora? Ben, iso si, a Deputación de Lugo acaba de anunciar a bombo e platillo que ela ten un método innovador, di o alcalde de Burela; entón, van propoñerlles aos concellos que se queren lles dan trampas, que é algo moi innovador, algo que leva facendo a Xunta de Galicia dende o ano 2014. Claro que isto o dixo o alcalde de Burela, e en seguida o alcalde de Castroverde, que pensou que aínda andaban de congreso dixo: ¡Home!, iso non, é mellor dispararlle con escopetas. Entón, imos ver se se poñen de acordo.

Eu creo sinceramente que o mellor é que nos poñamos de acordo, que as deputacións se poñan a traballar en serio, que non teñan medo en coordinarse coa Xunta, que leva moitos anos traballando nisto, que a súa obriga é asesorar os concellos, axudar os concellos, porque é a súa razón de ser, se non, ¿para que as queremos?, e que todos xuntos, con asociacións de apicultores, con todos os implicados, traballemos para minimizar os efectos da *Vespa velutina*. Porque, xogallá nos equivoquemos!, pero o que parece é que convivir con ela imos ter que convivir. Minimicemos pois os efectos que produce. E, por tanto, trampeo si, pero de momento nos límites das colmeas, para minimizar os danos que lles provocan ás colmeas. Pero non trampeo masivo fóra, porque estaríamos facendo un dano enorme á biodiversidade. E non o di Raquel Arias, dino todos os estudos que se coñecen ata o de agora.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Arias.

Por parte dos grupos autores da proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas.

Nós non imos decretar a guerra entre as deputacións e a Xunta, evidentemente que non, chamamos antes á coordinación, pero si podemos facer un balanço dos medios postos e intencións sobre todo, da maneira de poñelos. Non sei quen ten máis folletos, nin quen cuspe máis lonxe, o que si sei é que é necesario que vostedes se poñan as pilas, que a Xunta de Galicia se poña as pilas.

Miren, en canto ao trampeo masivo... Eu recordo cando combatíamos o piollo das abellas con fume de tabaco, e se era de picadura funcionaba mellor. De aí pasamos a unha alerta tremenda, que foi a varroa. Non houbo barreiras, a administración non fixo nada para frear a chegada dela, e estaban os Pireneos, e despois estaban outra serie de medidas que podían atrasar polo menos a chegada. Os apicultores buscámonos a vida, e os apicultores foron os que buscaron a solución para a varroa e para moitas outras cousas.

Polo tanto, eu creo que nisto algo teñen que dicir. E cando os apicultores, que son os principais ou polo menos case todos eles son militantes do equilibrio medioambiental, falan de trampeo masivo, algo saben. Tampouco se lles fixo caso cos neurotóxicos. En Francia prohibíronse pero aquí non, e rebentáronnos as abellas, meteron unha debilidade biolóxica tremenda. Certo que collen todo tipo de insectos, pero polo menos o que eu vexo nas trampas que poño: non están todo tipo de insectos na proporción que acaba de dicir. Evidentemente que si que aparecen nespras *crabro*, pero tamén as matan se non facemos este trampeo.

A ver: o trampeo masivo consiste en coller as raíñas cando saen da hibernación. Cantas máis collamos menos niños temos. E se non as collemos, o que teremos é unha incidencia de niños enorme que nos traerán e que matarán, e matarán de que maneira. Miren, monopolizan toda a fonte de alimentos. Se vostedes teñen un salgueiro chorón cerca da casa, verán como en canto ese salgueiro chora, é dicir, cando produce pulgón, se enche de insectos, pero

quen monopoliza é a *velutina*, que non deixa que ningún outro insecto acceda a esa fonte de alimento.

Queren que vaíamos especie por especie, que vaíamos ás pereiras, que vaíamos ás maceiras, que queda a mazá redondiña, perfecta, bótaslle a man e é puro papel. Isto é o que está facendo a *velutina*. ¡E non sabemos ata onde vai chegar! Non o sabemos aínda. ¿Por que? Porque ano tras ano estase manifestando con maior virulencia, pero exponencialmente, e é necesario poñerlle coto. É necesario poñerlle coto, porque o desastre non é só nos cultivos, en canto a que elas coman, o desastre é a polinización, o desastre é o equilibrio, o desastre é masivo, o desastre é tremendo. Miren: hai tetos de vacas masacrados polas *velutina*, e xa hai algún especialista nesa cura. E estoulles falando do medio rural real, dos que sufrimos a *velutina*, non dos que a ven pola televisión.

E é necesario dicirlle á xente dese medio real, que non ten por que sabelo, o que é un niño primario e como se desfai un niño primario e cando, e que non se desfaga del, que chame a xente competente para facelo. E é necesario facer todo isto, porque iso é ciencia. Eu ben sei que vostedes acoden á ciencia, e aos resultados científicos —non sei da valía dos que vostedes mencionaron— acoden cando lles interesa. Claro, pero ¿por que vostedes desde o ano 2012 non propiciaron estudos científicos en serio?, ¿por que? Porque andaron sempre a remolque... Si, si, sempre van a remolque do que se lles di e do que se lles bota en cara. Fágano dunha vez, coordinen, ¡fagan algo! Porque ese «fagan algo» é o que a xente do campo lles está dicindo a todas horas. Fagan algo que me comen as *velutina*. ¿Que fago? Porque é que un niño así redondo tamén pode ser de *Vespa crabro*, e estanse destruindo a mazo. Calquera niño de nespras que teña celulosa parece de *velutina*, ou á xente parécelle que é de *velutina*, e leña con ela, ¡lume!, e non é, non é, non é.

Eu quero felicitarlles as pascuas cunha copla dun vilancico, dunha panxoliña, que é moi acaída para este goberno: «*Cun sombreiro de palla, / un galego a Belén foi, / mentres adoraba o neno / comeulle o sombreiro o boi*». ¡Que non nos coma o sombreiro o boi! (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Ten a palabra por parte do Grupo Socialista o señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidente.

Señora Arias, non sei se as medidas que puxeron vostedes dende o ano 2012 foron efectivas ou suficientes, nós cremos que non. A repartición de trampas, retirada de niños, campañas formativas e informativas e convenios, nós cremos que non foron suficientes, porque o traballo están a facelo os concellos con medios propios. Vostedes entréganlles unha pértega e uns traxes, e nada máis.

E o trampeo masivo é algo que nos están a pedir tanto apicultores como outros sectores afectados, que son os que están a sufrir as graves consecuencias da *velutina*.

En relación coa emenda que vostedes presentaron, pois dígolles que non podemos aceptar a emenda tal como está porque poñen no primeiro punto «Seguir incidindo», e iso signifi-

caría continuar igual e, como explicabamos, non é suficiente. A Xunta debería colaborar máis cos concellos e coas asociacións, porque están facendo un grande esforzo na retirada de niños económico e humano. E a única colaboración que a Xunta no día de hoxe fai é entrega de pértegas e traxes. E iso non é suficiente, xa que os mesmos concellos e asociacións están a comprar eles mesmos o veneno.

Miren, estamos ante un problema de saúde, ante un problema social e un problema económico que non para de medrar. Polo tanto, require medidas concretas e afrontalo con seriedade; medidas concretas e non declaracións de intencións que non comprometen recursos. O escenario mudou, o cambio climático está aquí, acabamos de pasar un outono que non foi igual de frío que outros anos, e, polo tanto, o que ata o de agora funcionaba agora require de maiores esforzos. É preciso facer a prevención e non deixar esta cuestión en mans da climatoloxía, e esperar que faga frío para que as raíñas fundadoras invernen. Non é suficiente, son precisas medidas concretas, que lles repito: trampeo masivo, investigación, unificar esforzos, formación e prevención. Polo tanto, se queren falar en serio e actuar con firmeza falemos e chegaremos a unha transacción.

Pero, iso si, o que nos veñen ofrecer é unha mera declaración de intencións, un fan que fan, que é o de sempre, ao que nos teñen acostumbrados. Sentímolo, pero non podemos aceptar a súa emenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Claro que os grupos da oposición dicimos cousas parecidas ou iguais, porque escoitamos o sector. O único grupo deste parlamento que non quere escoitar o sector, que non quere escoitar unha plataforma con moitísimas asociacións e organizacións é o Partido Popular. Entón, que iso se utilice como ataque parécenos sinceramente ridículo. ¡Vergonza debería darlles a vostedes nin sequera escoitar a xente que lles toca na porta! Porque o Goberno ten, como mínimo, o deber de escoitar e dar resposta á xente que está fóra organizándose e facendo moito máis que o propio Goberno nesta loita.

E coma sempre —e xa esperabamos— nos discursos nunca un mínimo de autocrítica, todo o están facendo ben, incluso xa están facendo todo o que solicitamos nesta iniciativa. Se xa o están facendo, pois voten a favor desta iniciativa, porque non entendemos como é que todo o están a facer, menos o das trampas, e agora néganse a votar nin un só dos puntos desta iniciativa. É mentira que estean facendo todas estas medidas, ¡é totalmente falso!

Potenciar a investigación. Reitero: un único convenio. Esa é a maneira de potenciar a investigación da *Vespa velutina*; dende o ano 2012 un único convenio. Agora veñen dicir que van asinar máis, ¡asínenos! Pero non están potenciando a investigación; se empezan a potenciala agora, ben, pero de momento non a están potenciando. ¿Teñen algún tipo de comunicación coas deputacións para coordinarse?, ¿para ver que liñas de investigación se están levando a



cabo? ¿Teñen algún tipo de coordinación con todas as persoas que están levando a adiante esas investigacións? Absolutamente ningunha.

Liña de axudas, outro dos puntos que solicitamos. ¿Que axudas están dando?, ¿a quen?, ¿cando? ¿Onde está esa orde de axudas?

Plan de formación do persoal implicado. Tamén, ¿onde está?, ¿que formación? ¿Por que din que están facendo cousas que son totalmente falsas? Mil setecentos carteis é o seu plan de divulgación e de socialización coa sociedade desta problemática.

Falamos do trampeo masivo, e este ten o respaldo de moitos investigadores. Nalgunhas zonas como Francia, que o teñen bastante máis adiantado que aquí, porque chegou antes a *Vespa velutina*, sinalan esta necesidade. Debatámolo polo miúdo. Obviamente, hoxe non temos tempo, pero, cando menos, non digan que non vale sen facer absolutamente nada, sen pór en marcha a investigación para este proceso, sen pór en marcha ningún proxecto piloto para ver e avaliar se o trampeo masivo é necesario ou non. Porque a *Vespa velutina* depreda moitos máis insectos do que atrapan as trampas. Entón, non fagan xogos de palabras, non intenten desviar a atención dicindo que as trampas atrapan insectos. ¿E a *Vespa velutina* que fai?, ¿non mata a nosa biodiversidade?, ¿non mata moitas destas cuestións?

Teñen un discurso totalmente contradictorio e din iso, que fan, que é unha prioridade a *Vespa velutina*, e despois nos orzamentos non hai nin un euro específico destinado a un plan de loita contra a *Vespa velutina*. Dende En Marea fixemos unha emenda, 1 millón de euros, unha cantidade insuficiente, era pequena, e nin sequera puideron aprobar esta emenda parcial. Negáronse a aprobar incluso isto.

E, coma sempre, hoxe non queren votar a favor porque o único que queren é facer propaganda e ter un titular que diga que a Xunta de Galicia ten unha preocupación absoluta, que a Xunta de Galicia fai todo para loitar contra a *Vespa velutina*. E entón por iso néganse a aprobar isto, porque non teñen ningunha vontade real de chegar a darlle unha solución a este problema.

E xa o comentou o portavoz do Bloque Nacionalista Galego: cando o problema vaia a máis, cando pase o tempo e teñamos máis desgrazas, entón seguro que chegarán e sairán cun plan de choque contra a *Vespa velutina* con moitas medidas —a ver se trinta as medidas contra os lumes—, e pagarán moitos miles de euros para difundir todo o que fan pola *Vespa velutina*. Pero ningunha medida real para aquí e agora, que xa chegamos tarde dende o ano 2012.

Póñanse as pilas e, realmente, ¿por que non queren transaccionar o punto 2? Volvo repetírllelo: ¿por que se negan a votar? Nós estamos dispostos a transaccionar. Ben, pois xa vexo que cambiaron de opinión, e alégrome. Ben, ao mellor non cambiaron de opinión. Pola súa xestualidade pode ser que cambien. Porque nós aceptamos transaccionar o punto 2, e non entendemos que haxa ningún motivo para que voten en contra de algo co que en teoría están de acordo.

E vou rematando. Realmente, se apostan polo rural deberían aprobar o conxunto da iniciativa por completo, porque necesitamos un plan global, integral. Obviamente, a Comisión

de seguimento é un punto fundamental nesta loita, pero non é o único. E realmente todos os discursos de favorecer e apostar polo rural despois na práctica vese que nin un só euro para apostar por cuestións tan fundamentais como esta que debatemos hoxe aquí.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Quinteiro.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, redeseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse a seguintes emenda do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, dous novos puntos:*

*<<6. Amosar o rexeitamento polo novo agravio a Galiza que supón a exclusión do noso país da rede básica da Rede TransEuropea de Transportes e do programa de investimentos para o período 2021-2027.*

*7. Instar a Xunta de Galiza a:*

*- Trasladar ao goberno do Estado a disconformidade con esta decisión.*

*- Impulsar unha plataforma institucional e social en defensa do transporte ferroviario de mercadorías e da inclusión de Galiza na rede básica transeuropea.*

*- Demandar do goberno do Estado a revisión da decisión adoptado e en consecuencia reclamarlle que promova negociacións ao máis alto nivel para a inclusión do Corredor Noroeste na Rede Básica da Rede Transeuropea de Transportes para o período 2021-2027.>>)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Xoaquín María Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días de novo.

Esta proposición non de lei trae conta dun debate que xa se ten producido nesta cámara en varias ocasións en relación con este corredor de mercadorías que debería conectar os portos

de Galicia coa Meseta e con Europa. E nas últimas dúas décadas fíxose un investimento en portos de enorme importancia financeira que deu lugar á aparición de dous portos exteriores que antes non existían, complementando os restantes portos de interese xeral que continúan operando en Galicia. E é normal que isto sexa así, temos unha vantaxe de localización marítima moi clara e estamos no camiño entre América e Europa e entre África e Europa, e, por tanto, pasa polas proximidades das nosas costas unha proporción moi relevante do tráfico marítimo xeral. E isto debería darnos unha oportunidade para ter unha economía máis sólida e para participar nestas correntes mundiais de tráfico marítimo, que están crescendo a un ritmo moi elevado debido, entre outras cousas, á redución notable de custos. E hoxe trasladar un contedor de mercadorías de Shangai a un porto europeo é unha fracción moi pequena normalmente do custo global, e isto favorece sen dúbida ese tráfico.

Pero unha boa parte desa vantaxe competitiva derivada da nosa localización xeográfica, que é unha oportunidade para o futuro, está nubrada por dúas cuestións. Quizais a máis importante, que ademais se pode resolver, é a primeira, que é a deficiente intermodalidade. É dicir, os portos exteriores da Coruña e de Ferrol non teñen unha conexión ferroviaria aínda hoxe á altura do que se precisaría, e os restantes portos de interese xeral —pois pensemos en Vigo, Marín ou Vilagarcía— pois tampouco. O cal constitúe un déficit moi notable, ¿non? Facemos unhas terminais portuarias pero non lles damos saída cara á Meseta por un medio de transporte tan eficiente como é o ferrocarril. E isto dificulta que poidan ter o volume de tráfico que sería adecuado. E así pois vemos hoxe como despois duns anos as contas destes portos non son todo o satisfactorias que cabería agardar.

Pero tamén é certo que a fragmentación portuaria dificulta isto, porque obriga a concentrar nalgún punto do espazo os tráxicos para que se xeren as economías de escala suficientes como para que teña sentido facelo vía ferrocarril. As especializacións dos portos hoxe están moi concentradas en tráfico de mercadorías a curta distancia. Pois en Ferrol, moi relacionado ou co gas ou co carbón, en todo caso con tráxicos de carácter local; no caso da Coruña, pois graneis líquidos ou sementes, etc., que tampouco xeran unha gran demanda de ferrocarril. E isto é un pouco o círculo vicioso que hai que rachar. E ráchase facendo un investimento necesario, conectando por ferrocarril estes portos cos mercados relevantes. E isto permite a partir de aí modificar o perfil de especialización dos tráxicos e pasar a unha dimensión diferente.

Por iso é tan importante isto que estamos discutindo hoxe, que eu espero que teña un respaldo unánime, a ser posible, desta cámara. Desde o Eixo Atlántico levan traballando nunha proposta que consiste en concentrar en Monforte os tráxicos procedentes dos distintos portos e saír cara ao exterior vía ferrocarril, conectándoo —porque isto forma parte xa do deseño da rede europea— coa rede europea de mercancías á altura de Venta de Baños ou de Palencia. E parece unha alternativa adecuada. No propio Monforte está moi avanzada, bueno, está lista a plataforma loxística. E falta tamén a conexión vía estradas. Temos a PLISAN que funciona como unha plataforma loxística auxiliar do porto de Vigo. E temos plataformas loxísticas no norte que deberían cumprir un papel similar. Facer converxer todos eses tráxicos en Monforte daríanos a potencia suficiente como para facer rendible unha infraestrutura deste tipo. Isto é do que se trata con esta iniciativa, e eu espero que teñamos unha resposta positiva desta cámara.

Isto xa estaba previsto nos documentos que aprobou a Conferencia Sectorial de Transportes a finais do ano 2010; conferencia sectorial na que participou por parte de Galicia o Goberno de Alberto Núñez Feijóo. Creo lembrar que naquela época o conselleiro era Agustín Hernández, e tivo unha participación destacada e apoiou este deseño. No Plan estratéxico para o impulso do transporte ferroviario de mercadorías en España había unha rede básica de mercadorías e unhas terminais priorizadas, e en Galicia aparecían A Coruña, Vigo e Monforte. E a rede básica de mercadorías por ferrocarril facía un deseño de, por unha parte, o eixo atlántico, e, por outra, as saídas converxendo en Monforte e saíndo cara ao exterior.

E isto foi incorporado ademais ao deseño dos corredores, aos borradores dos corredores até o ano 2012 na documentación europea. No ano 2011 —xa ensinei este mapa— na cámara aparece A Coruña-Xixón como referencias no noroeste. No ano 2012 segue aparecendo a mesma referencia. E só no ano 2013 desaparecen como tales corredores, xa non están aquí os corredores. Esa desaparición prodúcese no ano 2013. A continuación de que eu fixera esta afirmación na Cámara saíu publicado nalgúns medios de prensa que non era así e que seguía aparecendo na documentación europea a partir do ano 2013. E o que aparecía era na rede básica, é verdade; é dicir, na rede básica segue aparecendo nalgúns mapas —agora explica-reino, porque teño algunhas reservas sobre isto—, segue aparecendo na rede básica esa conexión, pero non nos corredores. E o que se financia prioritariamente desde a Comisión Europea son os corredores. E aí é onde está a dificultade. E isto prodúcese no ano 2013. Outra cousa é o que poidan dicir uns ou outros responsables aquí na Cámara, sen posibilidade de darlle réplica, pero a realidade é que iso é así.

Na rede básica si aparece, sobre todo no Regulamento 1316/2013, si aparece unha referencia. Aparece unha referencia específica, que está ben e que a min me parece que debemos utilizar como unha base sobre a que traballar para construír a nosa posición. Aparece nun momento determinado: *Otros tramos de la red básica*: —digo en castelán, como está— *A Coruña-Vigo-Palencia, Gijón-Palencia*. Ben, aparece. Perfecto.

Digo que con algunha reserva, porque, en cambio, no Regulamento 1315/2013, que ten un anexo no que aparecen os nós cando se fala das terminais ferroviarias, aparece A Coruña en marítimo, pero non en ferroviario, aparece Vigo en marítimo e en transporte aéreo pero non en ferroviario e só aparece Monforte de Lemos (Ourense) —debe ser un erro— dentro da rede global, nin sequera como nodo da rede básica, senón da rede global, dentro da rede global. É dicir, temos aí algunha dificultade, pero imos tomalo en positivo. Si aparece no outro regulamento, no 1316, formando parte da rede básica, e isto parece que nos pode permitir dar unha batalla.

E é aí onde eu teño algunha perplexidade. É dicir, réunese Galicia con Asturias e Castela-León hai unhas semanas, sacan un comunicado dicindo que queren impulsar este proxecto —está ben—; a continuación o Ministerio de Fomento acólleo ben e di que se vai financiar a partir do ano 2018, que non hai ningún problema, pero uns días despois di que non é posible, que hai que esperar ata o ano 2027, porque a Comisión Europea non sei que dixo en relación con que ata 2023 non se poden revisar os corredores. Pero veu un responsable europeo a continuación —teño aquí as referencias de prensa— e dinos: non, non, á Comisión Europea parécelle prioritaria a conexión Monforte-Palencia e os problemas están en que son

a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento os que non priorizan esta obra. Entón, a Comisión Europea o que nos está dicindo é onde está o problema.

Como a Xunta de Galicia —escoitei o presidente— nos di que para eles si é prioritario, pois o problema debe estar no Ministerio de Fomento, que é quen en principio di que si e despois se retira para atrás e di que aquí hai unha dificultade. Por iso nós na iniciativa poñemos o acento en dúas cousas, é dicir, que Galicia lle diga ao Ministerio de Fomento que esta obra é prioritaria, que se hai que empezar Monforte-Palencia perfecto, pero despois haberá que completalo tal como está previsto no deseño xa dende o ano 2010 coa conexión dos portos, porque isto é o que ten sentido, e que ademais debemos facer todo o posible para que isto se faga no ano 2018, de maneira que no próximo período de programación de fondos comunitarios, é dicir, a partir do ano 2021, xa poida ser financiada esta obra e poidamos avanzar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...de maneira moito máis rápida e non esperar ao período de programación do 2028, que é unha demora completamente inaceptable.

Isto é o que pedimos, e esperemos que poida ser —xa digo— apoiado polo conxunto da Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Leiceaga.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Este tema do corredor atlántico temos que poñelo na lista das humillacións e das aldraxes a Galiza, como a AP-9, como o Laboratorio de Bivalvos, por falar así das cousas máis recentes, como os incrementos dos prezos dos carburantes, o financiamento, etc. Esta é a imaxe da vergoña (*O señor Bará Torres mostra un mapa*), da aldraxe a este país. Este é o papel que nos reservan en Europa, coa colaboración do Goberno do Estado e do Goberno da Xunta. Así é como nos queren en Europa: excluídos. ¿Non ves, non ves? Pois abre os ollos, abre os ollos, porque cos ollos pechados... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Claro, hoxe está aquí o ministro de Fomento e o señor Feijóo, en vez de levarlle estas reclamacións xustas do país, o que vai é poñer a outra meixela para levar máis labazadas das que levan levando todos estes anos, todos estes meses, do señor Íñigo de la Serna e do Goberno do Estado.

Porque claro, a realidade é que no acordo do Parlamento Europeo do ano 2013, 19 de novembro do 2013 —e non lles vou recordar o que votaron os europarlamentarios naquel momento—, Galiza —e o porto de Vigo tamén, o porto de Vigo como porto nodal— quedou excluída desa rede prioritaria europea de transportes, por moito que apareza na rede base;

só faltaría, temos vías do tren e, aínda por riba, xa nos ían facer desaparecer non só do mapa, senón tamén da realidade.

Pois ben, ese acordo adoptado, cos seus votos, de exclusión de Galiza o que fixo é que quedase excluída dos investimentos prioritarios, máis de 23.000 millóns, do período 2014-2020. Para iso son os seus votos, para excluír o país.

E claro, mentres os portos de Leixões, de Sines, de Aveiro teñen garantida —como se ve aquí— esta conexión, os portos galegos quedan fóra, e isto é de extraordinaria importancia, porque estamos a falar da competitividade do país, da competitividade das empresas, da conectividade por ferrocarril para levar mercadorías a Europa, porque exportamos a Europa, precisamente á Unión Europea, o 73 % das nosas exportacións.

E claro, agora resulta que no ano 2018 a Unión Europea vai aprobar un novo período de financiamento prioritarios para o ano 2021-2027, e as noticias que nos chegan é que Galiza vai volver quedar excluída. Porque claro, en febreiro do ano 2017 o Ministerio de Fomento excluíu o ámbito do noroeste na solicitude de fondos europeos para o corredor atlántico. Foi o Goberno do Estado, o Ministerio de Fomento o que non fixo a petición para que fose incluída.

Na proposta enviada polo Goberno central a Bruxelas para solicitar financiamento do programa Conectar Europa non se incluíu Galiza. E por moitas alharacas, por moitas fotografías, por moitas declaracións institucionais que fagan as comunidades do noroeste, o Resoe, por moitas fotos que fagan en Santiago ou en Asturias ou onde sexa, a realidade é que quedamos excluídos. Galiza quedou excluída para este período 2021-2027.

E, ademais, confirmoullo ao ministro de Fomento, o pasado 16 de novembro, un señor que se chama Carlo Secchi, que é o coordinador do corredor atlántico da Rede transeuropea de transportes, que lle dixo que Galiza non ía aparecer. E foi o Ministerio de Fomento, ademais, quen fixo pública esta información nunha nota de prensa na que dicía que Galiza quedaría para o seguinte período de investimento; estamos a falar do 2028-2034. Ese é o trato que no Ministerio de Fomento, coa complicidade do Partido Popular galego, do señor Feijóo, lle dan a Galiza. Pero, curiosamente, nesa reunión falouse de que ía ser prioritaria a conexión do ramal cantábrico de estradas. Non sei se iso ten que ver coa orixe do señor ministro de Fomento, pero a realidade é así.

O BNG presenta unha serie de emendas complementarias ao texto. Ímolo apoiar, aínda que non teñamos moita fe no resultado destes acordos, porque tomamos un parecido o 21 de xuño neste Parlamento, por unanimidade, e xa ven o resultado que tivo.

Polo tanto, pensamos que non é tempo de declaracións, é tempo de mobilizacións, ademais, como están facendo outras comunidades, a estremeña por exemplo, ou as comunidades do Mediterráneo, para reivindicar con forza a súa inclusión nesta rede de transporte. En todo caso, por nós non vai ser, imos apoiar esta iniciativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Subscribimos absolutamente a lectura económica e da transcendencia que ten a inclusión de Galicia no corredor atlántico de transporte de mercadorías que fixo o señor Leiceaga, pero, cando se referiu á cronoloxía deste suceso, de que quedabamos excluídos, pois non a podo compartir. El xa poñía a venda antes que a ferida cando dicía que os portavoces dos outros grupos dirían o que fora, pero a realidade, señorías, é que, cando en outubro de 2011 se fixo pública a revisión da Rede transeuropea de transportes, que se levaba negociando dende tempo atrás, incluía, no que afecta Galicia e o transporte ferroviario de mercadorías, a liña que dende León entra en Galicia por Monforte e seguía ata Lugo e ata o porto da Coruña, e tamén o porto da Coruña. Iso incluía na rede básica, no 2011. A negociación fora xestionada polo ex-ministro de Fomento, don José Blanco, e dela resultou que Galicia e todo o noroeste peninsular, como confirmaba o plano, o mapa que vén de ensinar o señor Bará, quedaban excluídos do corredor atlántico, incluídos na rede básica, pero excluídos e fóra do corredor atlántico de transporte de mercadorías. Mesmo deixaba fóra da rede básica o porto de Vigo e o sur de Pontevedra, e non foi ata o 2013 —que o señor Leiceaga nos confunde aí co Regulamento do 2013— no que se inclúe o porto de Vigo, precisamente porque, a resultas dunha serie de negociacións da ministra Ana Pastor, se modifica o trazado da rede básica, se leva cara a Ourense dende Monforte e dende aí a Vigo e dende Vigo ao porto da Coruña.

A diferenza de estar na rede básica ou no corredor atlántico é importante. Pero, señor Bará, os fondos que non percibimos do mecanismo financeiro Conectar Europa non son porque o Partido Popular non os teña solicitado. Son porque se priorizan os corredores, e vostede sábeo, e, de feito, dende o 2014 a porcentaxe que recibiron os corredores europeos deste mecanismo financeiro é do 90 % e só o 10 % se destinou á rede básica. Por tanto, efectivamente, un grande erro, un grande erro aquela negociación do 2011 que nos levou a quedar absolutamente excluídos deste corredor.

A rede ferroviaria galega, certamente, capta unha mínima porcentaxe das mercadorías que ou ben en orixe ou en destino entran ou saen de Galicia. E isto é precisamente porque precisa dunha modernización que a faga máis eficaz. O feito de quedar fóra dese trazado do corredor atlántico déixanos á marxe desa modernización, lastra os nosos portos e impide que sexan competitivos con relación a outros portos como os do País Vasco ou o portugués de Leixões. Porén, a integración das infraestruturas ferroviarias galegas no corredor atlántico de transporte de mercadorías é fundamental para a competitividade das nosas empresas, dos nosos portos; en definitiva, é fundamental para a competitividade e a capacidade loxística de Galicia.

Por iso, señor Leiceaga, nós celebramos a súa iniciativa, non porque o Goberno galego precise do seu impulso para a inclusión de Galicia no corredor atlántico de transporte de mercadorías, que xa se está a traballar nese sentido. E estase a traballar non só dende o Goberno galego, senón buscando a actuación conxunta doutras comunidades, concretamente a asturiana e a de Castela-León. Pero é que, ademais, tamén se está a traballar na medida en que,

mentres non se produza esa revisión do trazado do corredor atlántico, se incrementen as axudas á rede básica.

A importancia de que se inclúa a liña ferroviaria Palencia-León-Monforte que continúa por Ourense ata os portos de Vigo e A Coruña no trazado do corredor atlántico e a transcendencia que tería tanto para os nós loxísticos da Coruña e de Vigo como tamén para o porto seco de Monforte fan que o noso interese sexa acadar a maior unidade e fortaleza na defensa desta inclusión. E por iso é polo que celebramos a súa iniciativa, porque esperamos acadar un acordo, un acordo que veña reforzar o traballo do Goberno galego e tamén a súa actuación conxunta cos gobernos de Asturias e Castela-León.

Pero a súa proposta, señoría, debe ser revisada, revisada precisamente para evitar que chegue á Unión Europea un acordo que conteña confusións respecto do que é a rede básica, a Rede transeuropea, e o trazado do propio corredor, porque entendemos que pedir cousas nas que xa estamos nos levaría a frustrar mesmo esa petición.

E o mesmo lle acontece á emenda do BNG, porque chegan a demandar a inclusión de Galicia na Rede básica transeuropea, cando nós xa estamos na Rede básica transeuropea. Do que se trata é de incluírnos no corredor atlántico.

No punto 3 plantexan que se procure a colaboración doutras comunidades. Pois miren, chegan tarde, porque isto xa se formalizou. Formalizouse unha declaración institucional en outubro deste ano entre os gobernos de Galicia, Asturias e Castela-León precisamente reclamando a inclusión do noroeste peninsular e dos seus portos no corredor atlántico de mercadorías.

No punto 4 reclaman que isto se faga ou que se tome como referencia o ano 2018. Nós na nosa emenda o que lles propoñemos é que isto se debe levar a cabo na primeira revisión dos corredores que faga a Comisión Europea, na primeira, pero podemos entender a importancia do ano 2018 nestas xestións.

Por tanto, e por outra parte, consideramos tamén que se debe non só trasladar este acordo ás institucións europeas, senón tamén aos gobernos e aos parlamentos de Asturias e de Castela-León para continuar avanzando nesta fronte común iniciada con esa declaración institucional a que antes me refería.

Señorías, señor Leiceaga, esperamos que acepte a nosa emenda e así poder acadar un acordo polo que o Parlamento de Galicia respalde a acción do Goberno galego sumándose ao traballo conxunto das comunidades do noroeste da Península na reivindicación da súa inclusión no corredor atlántico e, en consecuencia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** ...—e xa remato, señor presidente— na reivindicación dos recursos necesarios para a modernización das nosas infraestruturas ferroviarias.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Se me permite, antes de comezar gustaríame dicir moi rapidamente —espero que non me corte—, con respecto á chamada á orde que me fixo antes, que cada vez que un voceiro do Partido Popular —eu escoitei incluso nesta Cámara o presidente da Xunta de Galicia facelo— diga que nos financiamos de Venezuela tamén lle faga unha chamada á orde, porque tamén está sacando unha ilegalidade, e non o fai. (*Aplausos.*) Se quere ter a mesma vara de medir, igual que me chama á orde a min, debe chamalos á orde a eles.

**O señor PRESIDENTE:** Non era a mesma cuestión, pero non imos entrar agora niso.

**O señor CAL OGANDO:** Vou ao tema.

A conexión ao corredor de mercadorías —xa o temos falado en multitude de ocasións— suporía enormes beneficios para Galicia dende o punto de vista do impulso económico —no que estamos entrando agora aquí—, na posible conexión dos portos galegos en rede e os mesmos portos conectados á Rede de transportes europeos. Pola situación de Galicia estamos nunha situación privilexiada para poder converternos nunha potencia na loxística de entrada e saída de mercadorías de Europa, pero non só por unha cuestión de impulso económico do modelo produtivo e do avance no desenvolvemento económico de Galicia, senón tamén dende o punto de vista da loita contra o cambio climático. O Libro branco do transporte europeo, xa nas súas directrices, apunta que precisamos incrementar —e moito— o transporte de mercadorías por ferrocarril. Neste momento, estamos nunha ridícula cifra do 1 %, cando hai países europeos que están nas cifras do 50 % das súas mercadorías movidas polo ferrocarril.

Polo tanto, dende o punto de vista da sustentabilidade, a loita contra o cambio climático, sobre todo Galicia, que é a primeira emisora de CO<sub>2</sub> no Estado español e que somos os que máis contribuímos a ese cambio climático, temos que facer os maiores esforzos para solventar esta situación.

O Partido Popular está botando balóns fóra con esta cuestión, vén aquí agora ver en que momento e de quen é responsabilidade quedar fóra ou non quedar fóra, pero vemos o que está acontecendo neste momento, vemos como dende Europa nos chegan mensaxes de que é unha prioridade facer isto; parece que en Europa teñen moito máis interese en conectar Galicia coa Rede europea do que ten o ministro de Fomento. E ante esta situación o Partido Popular de Galicia —non vou repetir todos os adxectivos que nomeou o señor Luís Bará— está facendo totalmente de palmeiro, está facendo de *chico de los recados*, como vimos esta fin de semana, señor Puy, o señor Feijóo saír na defensa de De la Serna, saír na defensa de Rajoy e alabar o gran comportamento que está tendo Fomento con Galicia.

Temos falado de como está a situación das estradas, cal é a discriminación absoluta que ten Galicia cos investimentos de Fomento, sabemos todas as condicións da AP-9, temos a au-

toavía coa maior sinistralidade do Estado, temos o punto de toda a rede viaria do Estado con maior sinistralidade —catro anos consecutivos o quilómetro 12 da A-55—, temos a maior concentración de puntos negros en estradas convencionais, podemos dicir que Galicia é o punto negro da rede viaria do Estado, da rede de estradas do Estado.

No ferrocarril sabemos como estamos. A destrución do tren de cercanías. Temos un acordo en comisión de todos os grupos para incrementar as frecuencias no eixo atlántico, que é totalmente necesario, o luns, xoves e venres, que non está dando servizo de calidade á cidadanía, que está quedando nas estacións. Temos un acordo. Fomento acaba de sacar a obrigatoriedade de servizo público e non incorpora ese acordo aquí do Parlamento cando orzamentariamente lle suporía un custo baixísimo, case inexistente, demostrando que esa fantástica relación que temos con Fomento que di o señor Puy pois non dá os seus froitos ou esa relación se utiliza para cuestións que non teñen absolutamente nada que ver cos intereses de Galicia. Teño aquí un cadro de cales son os investimentos de Fomento, ese Fomento que se está portando tan ben con Galicia. O ano pasado executou o 40 % do orzado.

Polo tanto, cando falamos de que Galicia está recibindo moitísimos investimentos, orzamentariamente si, pero despois de executado non. Temos no 2006 1.364 orzados —o Partido Popular presume diso—, pero despois executa 551, o 40 %. Este ano, a data de xuño, levamos tan só un 16 % executado. Iso é o fantásticamente ben que se está comportando Fomento con Galicia. É unha pena que o Partido Popular de Galicia decida ser militante do Partido Popular nesta cuestión, en todas estas cuestións tan importantes, sexa militante do Partido Popular e dos seus propios intereses.

Por destacar unha das propostas da parte resolutiva —que se me remata xa o tempo—, párecenos totalmente acaído e necesario o punto 5: demandar ao Goberno de España que dea traslado da demanda á Comisión Europea, ao Parlamento Europeo, Consello Europeo, Comité Económico e Social Europeo, Comité de Rexións, porque xa que Fomento non ten ningún interese, parece que non ten ningún interese o Partido Popular no Estado en solventar esta situación para Galicia, a ver se nós, actuando directamente dende aquí, dende este Parlamento, conseguimos ese obxectivo.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Antes de nada, para comentar as emendas, fíxenlles chegar aos grupos unha proposta de transacción tanto co Partido Popular como co BNG que espero que sexa aceptada e que, en todo caso, pois lle paso ao presidente; como todos os grupos xa a coñecen, podemos obviar lela.

E logo dúas ou tres precisións moi rápidas.

Esta reserva en relación co ano 2018. Claro, da lectura recente da prensa pois, en fin, fíxese vostede, isto é do 17 de novembro, é dicir, hai apenas un mes, e o titular é: «*Feijóo reclama al Gobierno central negociar el corredor del noroeste en 2018*». É dicir, que non somos nós, é o propio presidente da Xunta o que di isto, hai que negocialo no 2018, e afirma que hai unha «*ventana de oportunidad*» para isto, «*una ventana para negociar con Europa la inclusión del noroeste en 2018*». Ou sexa, é o que di o señor Feijóo. Pois supoño que non terá ningunha dificultade o Grupo Popular en apoiar isto.

Fíxese, máis ou menos nesa época, a mediados de novembro, no que di o director de Mobilidade da Comisión Europea, Carlos de Grandes: «*Es competencia de España solicitar la inversión*». Ou sexa, a pelota está no tellado do Goberno central, do Ministerio de Fomento, para solicitar ese investimento, que á Comisión Europea —di noutra nota, que teño por aquí— lle parece que son importantes, que é vital «*la conexión de tren Monforte-Palencia*». Se é unha prioridade para a Comisión Europea, e din: «*Ahora es el turno del Gobierno español, que deberá impulsar este proyecto a través de los mecanismos pertinentes*», está claro onde están as prioridades.

E, por último, simplemente por precisar. Pode haber algunha dificultade, que a propia iniciativa reconece, en relación coa rede básica, que xa eliminamos despois na transacción, pero fíxese vostede: o propio Ministerio de Fomento, tamén o 16 de novembro, dinos: «*la inclusión de nuevos tramos en la red básica*», e fai referencia ao corredor atlántico, no referente ao nó ferroviario. É dicir, que é o propio Ministerio o que acabou por confundirnos á hora de facer referencia a isto, porque o propio Ministerio pois o que nos di é: non se pode renegociar a rede básica ata o ano 2023. ¡Oia!, pero vostede mesmo o di, pero na rede básica xa estamos.

Claro, o problema son os corredores; efectivamente, o problema son os corredores. E aí vólvolle dicir: no 2011 A Coruña-Gijón conectada, outra rede de corredores, está no 2012, segue estando e cae no 2013. Cando cae é no 2013; no 2011 e 2012 están os corredores. Efectivamente, no 2013 o que se produce é unha recomposición da rede básica adicional a isto, pero cae no 2013 esa conexión entre A Coruña e Gijón co corredor atlántico.

Espero que, a pesar disto, poidamos ter unha posición unánime que reforce a posibilidade de que se financie esta infraestrutura tan importante e que cheguemos a un acordo.

Aproveito para desexarlles a todos boas festas e bo ano o próximo, que é a miña última intervención —espero— neste ano no pleno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Leiceaga. Igualmente para vostede.

Procedemos ás votacións.

Pechen as portas, por favor.

***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Alberto Pazos Couñago.

Non se aceptan as emendas dos outros grupos.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas.

Non hai emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao grupo Ferroatlántica-Ferroglobe do mantemento en Galicia de todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación de silicio solar, así como a realización das actuacións necesarias para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei da señora Amigo, do Grupo Parlamentario Popular.

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do señor Lago.*

*Acepta as emendas.*

*Votamos.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** *Agora tocaría votar conxuntamente, pero hai que votalas individuais; debateuse conxuntamente e hai que votalas de xeito individual.*

*Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre o problema da velutina.*

*Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avespa velutina en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 37*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a mesma do Grupo Parlamentario Socialista, que tam-pouco acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun trampeo masivo contra a avespa velutina, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, que co-mentou algo de aceptar a votación por puntos.

¿Señora Quinteiro? (Negación.) Non aceptou tampouco. Entón, nada.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespa velutina, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamen-tario Socialista a iniciativa de don Xoaquín Fernández Leiceaga.

Hai unha proposta de transacción, que coñecen todos os grupos; entón, votamos esta pro-posta de transacción.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, redeseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as catro e media.

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión, co punto cuarto, interpelacións.

Comezamos coa que se comentou, que é unha alteración da orde do día.

**Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Señor conselleiro, onte eran as organizacións sindicais as que diante desta Cámara, diante das portas do Parlamento de Galicia, o interpelaban, interpelaban o Goberno galego, interpelaban o Goberno do señor Feijóo sobre as políticas de emprego público.

Hoxe somos nós, o Grupo Parlamentario Socialista, quen o interpela, igual que sucedía a finais de 2016 con motivo precisamente tamén do debate orzamentario para 2017. E lembrámoslle, señor conselleiro, como a propia exposición de motivos da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma, remarcaba precisamente o carácter temporal desta lei, polo que a súa vixencia quedaba sempre supeditada á subsistencia das dificultades e das difíciles circunstancias económicas que afectaban daquela a sustentabilidade das contas públicas. E a adopción destas medidas formaba parte —e segue formando parte— do conxunto das políticas de redución do gasto público acordadas polo Goberno central naquel paquete de decretos lei do ano 2012, que tanto dano teñen feito precisamente ao

conxunto e á calidade dos servizos públicos básicos, dunha forma tamén intensa en Galicia, tanto na sanidade como nos servizos sociais, a dependencia, o ensino ou a xustiza.

Coa Lei 1/2012 o Goberno galego —lembrámoslle, señor conselleiro— aplicou a todos os empregados públicos autonómicos, a todo o persoal funcionario, a todo o persoal laboral, aos máis de 85.000 empregados públicos autonómicos, os seguintes recortes nos seus dereitos laborais. En primeiro lugar, a penalización económica por unha situación de incapacidade temporal. E onte precisamente o Grupo Popular apoiou unha moción, presentada polo Grupo Parlamentario Socialista, tratando de suprimir esta discriminación entre o persoal ao servizo da Administración de xustiza e as autoridades xudiciais, co cal entendemos que a liña de traballo a seguir por parte do Goberno galego ten que ser precisamente a desa igualación de circunstancias suprimindo esa penalización económica tamén para o resto do conxunto dos empregados públicos autonómicos.

En segundo lugar, a supresión das axudas do Fondo de Acción Social.

A restrición, en terceiro lugar, dos dereitos á prolongación da permanencia no servizo activo ao cumprirse a idade de xubilación forzosa, que precisamente é unha medida que tivo perniciosas consecuencias e que está a ter perniciosas consecuencias en determinados colectivos, e dunha forma igual nomeada poderíamos dicir no ámbito sanitario dos colectivos médicos. A suspensión unilateral tamén, efectivamente, de varios artigos do V Convenio colectivo do persoal laboral autonómico, que dunha forma poderíamos dicir cuasi emblemática deberíamos destacar a suspensión unilateral do artigo 19, en materia de descansos semanais, que están afectando máis de 12.000 traballadores públicos; ou restricións tamén impostas daquela na provisión de postos de traballo e a mobilidade.

Señor conselleiro, como algunha organización sindical —por certo, nada sospeitosa de radicalismos— ten afirmado, a aprobación da Lei 1/2012 supuxo unha voadura controlada —din— da negociación colectiva no ámbito da Administración autonómica.

En materia salarial onte, con motivo do debate orzamentario e con motivo do debate da Lei de medidas, insistíase como despois das reducións salariais de 2010, efectivamente, e de 2012, e non conformes ou satisfeitos precisamente con esa redución da masa salarial no gasto de persoal, o presidente Feijóo tomou a decisión, exclusiva en Galicia, de reducir os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 precisamente os salarios dos empregados, dos 85.000 empregados públicos, nunha media anual do 5 %, mediante —xa sabemos— a supresión ben do complemento específico ou dun concepto equivalente, o que está supoñendo unha perda acumulada media nas retribucións dos empregados públicos autonómicos do 14 %.

E como dixemos reiteradamente tamén no debate do ano pasado —e esperemos que no debate orzamentario para as contas de 2019 xa non teñamos que interpelalo neste sentido—, todo este relatorio de recortes aplicados polo Goberno autonómico, polo Goberno do señor Feijóo —moito máis intenso en materia retributiva, como temos dito, que no resto das administracións públicas españolas—, presenta un balance certamente —diciámolo e seguimos insistindo— desolador dos servizos públicos básicos na nosa Comunidade Autónoma,



contrario incluso ese balance a un dos propios principios da Lei 1/2012, que falaba de acadar ese equilibrio sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais e preservando o principio de solidariedade entre a cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén dixemos e insistimos en que realmente non estamos ante un conxunto de medidas —si— inicialmente temporais pero de simple redución de gasto público, de medidas puramente técnicas, de simples medidas administrativas orzamentarias, senón que se trata de todo un paquete de medidas que precisamente responde a políticas orientadas, a políticas trazadas para adelgazar precisamente o sector público e os servizos públicos, a políticas que buscan, efectivamente, diminuír a capacidade do Estado, da acción redistributiva do Estado social, do Estado de benestar; ese Estado de benestar, como creo que ben dicía onte o meu compañeiro Abel Losada citando palabras dun presidente que si que deberíamos olvidar, como era o presidente Aznar, propio dun complexo de inferioridade. É dicir, son palabras que denotan precisamente cales son as intencións de quen está a gobernar en cada momento.

E tamén políticas que en todo este proceso sistemático tratan de desregularizar e precisamente de facilitar ámbitos novos de privatización de servizos públicos dentro desta tendencia actual absolutamente liberalizadora e individualizadora dos problemas da xente, dos problemas sociais, que volven ser atendidos —como dicimos tantas veces— desde unha visión de beneficencia e abandonando a protección e a xusta redistribución social.

Desacreditar, desregular e privatizar é precisamente o proceso sistemático que veñen seguindo as políticas de austeridade, que deben rematar xa. E algún dato, señor conselleiro, veremos neste sentido. Poderíamos dicir que desde Thatcher, pasando por Reagan ou pasando pola Troika e chegando á reforma fiscal de hoxe de Trump, poderían vostedes ser alumnos avantaxados desas políticas.

E falabamos tamén e falábase onte —falábao o noso portavoz— de cal é a consecuencia de todas estas políticas ou de cal é non sei se a consecuencia ou realmente a causa da ruptura do contrato social. Porque, como dicía e falabamos onte, señor conselleiro, hai que reivindicar, hai que recuperar ese contrato social se queremos evitar que se siga agrandando a fenda da desigualdade social —especialmente grave en España, por todos os datos que están saíndo e, por suposto, en Galicia— con esta dinámica de saída da crise unicamente para uns poucos.

Señor conselleiro, sabe mellor ca nós, evidentemente, como a propia Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 pinta un escenario macroeconómico moi distinto das contas para 2018. E témoslle que lembrar unha vez máis o que dicía a propia disposición final única da Lei 1/2012. Falaba de que as medidas previstas nesta lei serán revisadas nun prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor en función de dous parámetros: un, o produto interior bruto real de Galicia e, outro, o aforro primario. Produto interior bruto real de Galicia 2012, -2,8 %; 2013, -1,6 %; 2014 —primeiro dato positivo—, 0,7 %; 2015, 3,2 %; 2016, 3,4 %; e as previsións de 2017 pechándose ao redor dun 3,2 %. Segundo parámetro: o aforro primario; a diferenza que temos entre ingresos e gastos correntes, descontados os gastos en xuros da débeda: 2012, -122 millóns; 2013 —un dato positivo—, 67 millóns; dato negativo en 2014; en 2015, 204 millóns; e 2016, 449 millóns.

Se estes dous parámetros son os que xustificaban a aprobación da Lei 1/2012, despois de seis anos e de tres de datos positivos, señor conselleiro, non lles quedan máis excusas que a derogación precisamente da Lei 1/2012, que significaría realmente a recuperación dos dereitos laborais, máis alá dos estritamente económicos ou retributivos, para os máis de 85.000 empregados públicos autonómicos.

Se realmente teñen ese compromiso cos servizos públicos, e sobre todo cos servizos públicos básicos dos que se fala na exposición de motivos da Lei de orzamentos aprobada onte nesta Cámara cos votos únicos do Partido Popular —que é certo que teñen maioría sobrada pero que denota precisamente a incapacidade de chegar a un acordo máis global en materia de contas públicas se realmente se está saíndo dunha crise non só en termos macroeconómicos senón para chegar a toda a xente, a todas as familias—, se realmente —como digo— esa aposta polos servizos públicos é clara, a clave de bóveda ou —por dicilo doutra forma— a proba do algodón desa recuperación debería ser dunha forma cuasi simbólica a derogación da Lei 1/2012.

Ontes as organizacións sindicais e o Goberno central chegaban a un acordo para fixar para o período 2018–2020...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...o salario mínimo interprofesional. Señor conselleiro, séntense precisamente coas organizacións sindicais, séntense cos representantes dos empregados públicos, teñan esa capacidade de interlocución e recuperen precisamente os servizos públicos, que son a medula espinal, e son a medula fundamental para garantir o Estado de benestar na nosa Comunidade Autónoma. Se ese é o seu compromiso, deberían levalo a cabo, incluso seguindo as propias recomendacións da Valedora do Pobo nos seus informes do ano pasado, que insisten en trazar ese escenario...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...de necesaria recuperación.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Resposta do conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Señor presidente, señoría, boas tardes.

En primeiro lugar, gustaríame lembrar que a aprobación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, foi absolutamente necesaria porque se adoptou nun momento —permítanme recordar— no que estabamos na maior recesión en décadas do déficit, que daquela estaba no 9 %, cunha prima de risco por

riba dos 600 puntos, con España ao borde do rescate, o que provocou que a Unión Europea nos aplicase o procedemento de déficit excesivo, cun paro que acadaba cifras insostibles e cun sector privado onde as empresas pechaban ou deixaban os seus empregados na rúa ou tiñan ERE temporais con reducións de xornadas e salarios.

O Goberno galego foi responsable aprobando esta lei nese momento. Esta lei cumpriu o seu cometido, que non era outro que salvagardar a sustentabilidade dos servizos públicos básicos que lles prestamos aos cidadáns. E fixémoslo sen botar ningún empregado á rúa, priorizando polo tanto a estabilidade pero tamén a calidade no emprego, durante toda a etapa da crise, ao contrario que moitas outras administracións. Prova de todo isto é que Galicia durante a crise é a comunidade que mantivo máis estable o seu número de efectivos, porque non houbo despedimentos nin fixemos uso da posibilidade que tiñamos de reducir a xornada, por exemplo, do persoal interino, como así o fixeron outras comunidades. En Galicia, pois, o que buscábamos era a calidade de emprego. Outras administracións gobernadas polo PSOE incluso baixaron o 10 % a xornada e os salarios aos empregados temporais, mentres que nós tratamos por igual todos os empregados galegos.

E cando comezou a mellorar a situación económica, o Goberno galego negociou, cos representantes dos empregados públicos, melloras, tanto no ámbito laboral estritamente salarial como no non salarial, como referirei dentro dun momento.

Señoría, vostede na súa interpelación pide que derroguemos a Lei 1/2012; pois ben, falemos desta lei porque, efectivamente, regula oito aspectos.

No primeiro lugar, no que atinxe á prestación por incapacidade temporal contida na nosa lei, xa foi regulada con carácter básico por parte do Estado a través do Real decreto lei 20/2012. Debo dicirlle que Galicia está recoñecendo ao máximo o que a normativa básica permite.

En segundo lugar, nas prestacións de acción social dos funcionarios, mantivemos e mantemos as axudas de maior valor social, as que apoian as familias que conviven con algunha persoa con discapacidade. Mantemos incluso unha axuda que por beneficiario pode chegar ata os 2.160 euros. E mantémola —volvo repetir— porque a consideramos esencial; pero, en cambio, aínda recoñecendo que son importantes outras, non vemos nestes momentos esa prioridade.

En canto á prolongación da permanencia no servizo activo ao cumprir a idade de xubilación forzosa, igual que a incapacidade temporal, tamén está regulada pola normativa básica estatal. Ademais, esta lei non implica que deixase de existir, senón que o que antes era automático e xeral agora está regulado nun procedemento, que, por certo, xa cambiou en maio do ano 2016. Por tanto, a Xunta seguiu e segue a conceder prolongacións de permanencia no servizo, pero, no emprego público, esta prolongación temos que correlacionala e equilibrala en termos de equidade coas posibilidades de acceso dos mozos, en especial a alta cualificación, como pode haber en sectores tan significativos como, dentro da sanidade, o colectivo de facultativos.

En cuarto lugar, a lei prevía a suspensión do aboamento do popularmente coñecido como «plus de altos cargos». Supoño, señor Villoslada, que non me pedirá derrogar esta medida.

En quinto lugar, sobre a xornada laboral, que foi regulada nesta lei nas trinta e sete horas e media, tamén foi regulada do mesmo xeito na normativa básica estatal. Este asunto acaba de quedar resolto a semana pasada por unha sentenza do Tribunal Constitucional, ao considerar as 35 horas da Comunidade Autónoma de Andalucía como non constitucionais por vulnerar normas ditadas polo Estado.

En sexto lugar, en canto á regulación que ampara o V Convenio para o seu persoal, na que se suspenderon determinados apartados, supoño que o que máis lle importará será o artigo 19, que regula o réxime de libranzas e descansos deste colectivo. Pois ben, ao respecto quero dicirle que, neste momento, esta cuestión humildemente creo que está garantida e normalizada coas organizacións das quendas de persoal a través de dúas medidas: en primeiro lugar, houbo unha forte creación de emprego, xa no ano 2016, nada máis e nada menos que 151 novas prazas para os centros de Política Social; e, en segundo lugar, houbo unha acomodación das carteleiras para diminuír os días consecutivos de traballo e tamén para aumentar o descanso que cada empregado merece.

As medidas de xestión permitiron superar o marco establecido nesa lei, pois permitiron a posibilidade de gozar dos días de asuntos persoais que soliciten sen estar condicionados por necesidades de servizo e, ao mesmo tempo, o que se está producindo é unha drástica caída na litixiosidade en materia de xornada laboral.

Ademais, o ano pasado acadamos un importante acordo coas organizacións sindicais para a posta en marcha progresiva dunha oferta de funcionarización do persoal laboral de Política Social. A través da funcionarización, imos promover a progresiva confluencia e homologación das condicións de tempo de traballo e da xornada dos colectivos que prestan o seu labor en servizos de funcionamento continuo. O obxectivo non é outro que superar as particularidades en materia de xornada que se incluían no Convenio colectivo para o persoal laboral.

En sétimo lugar, vostede menciona a relativa provisión de postos de traballo de mobilidade, pero fáisenos moi raro que a queira derrogar. Non sei se sabe que o que fixa esta lei é un mecanismo para evitar que os traballadores afectados polo proceso de consolidación de emprego que aprobaron na época do Bipartito puidesen perder o seu posto de traballo se o solicitaba en concurso outro traballador. Desde entón, atendéronse 4.178 prazas en concursos sen que cesase ninguén dos 670 beneficiarios. Supoño que non me propondrá de novo que derroque esta medida contida na lei. Creo que isto... Non sei se llelo propuxo vostede aos sindicatos ou incluso ao seu partido.

E a oitava das medidas era que a lei habilitara unha ordenación retributiva do persoal directivo; ordenación que habilitou, entre outras cousas, que ningún directivo podía ter unhas retribucións superiores ás do presidente da Xunta. Dáme tamén a impresión, señor Villoslada, de que vostede, en realidade, tampouco quere derrogar esta regulación tal e como está.

En resumo: das oito medidas que regula esta lei, tres están reguladas por normativa básica estatal; tres dáme a impresión de que non as quere derrogar; e dúas están superadas na práctica.

E, se falamos de recuperación salarial, debería saber vostede que está en vigor, como lle dicía antes, a Lei de estabilidade orzamentaria, que limita o incremento de gasto en salarios, e que o Reino de España aínda non saíu do procedemento de déficit excesivo, do que lle falei tamén ao principio, que tamén establece certas restricións.

Pero, en calquera caso, e dentro das nosas capacidades, en Galicia levamos máis de dous anos cunha recuperación de retribucións dos empregados públicos, e fixémoslo, na maioría dos casos, por riba do resto de comunidades autónomas —porque esta comunidade o que ten é esa solvencia á que vostede tamén facía referencia na súa intervención—, e tan pronto como se nos habilitou por parte do Estado para facelo. Cumprimos en todo o momento os criterios para facer uso da nosa autonomía e ser a primeira comunidade que iniciou e completou a devolución da paga extra aprazada polo Goberno central no ano 2012. Ademais, adiantamos un ano sobre o previsto na reunión da reanudación do pago das extras completas aos empregados públicos galegos, que xa a están cobrando desde o primeiro de xaneiro deste ano 2017. O pasado mes de xullo aprobamos, con celeridade, o incremento salarial, con carácter retroactivo, do 1 % das nóminas dos empregados públicos galegos. E queremos seguir por este camiño, mellorando as retribucións económicas dos empregados públicos galegos.

Señor Villoslada, onte mesmo, vostede, libremente, votou en contra dos orzamentos, que reservan, efectivamente, 80 millóns de euros para subirlles o salario aos empregados públicos tan pronto como teñamos a habilitación legal estatal para facelo. O Goberno galego fai todo o que ten na súa man para mellorar os salarios dos empregados públicos, e reitírolle eses 80 millóns nestes orzamentos que vostede rexeitou. Pero existen elementos, alleos a este goberno galego, como o bloqueo institucional, que impiden nestes momentos aprobar no Estado os orzamentos para 2018. Debemos de ser coherentes, señor Villoslada. ¿Vostede quere que se suban os salarios dos empregados públicos? Nós, tamén. ¿Está vostede en disposición de pedirilles aos seus compañeiros en Madrid que faciliten a aprobación dos orzamentos para o ano 2018 e, así, poder subirlles de novo os salarios aos empregados públicos galegos? Por iso, permítame unha pequena recomendación: se queremos ser útiles aos nosos traballadores, no que a vostede corresponde, debería dicírllelo aos seus compañeiros en Madrid.

Agardo a súa resposta, señor Villoslada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, grazas de novo, presidente.

Señor conselleiro, cando o que nós pedimos é que se derroque esta lei, o que estamos pedindo é que se derroque, precisamente, unha medida lexislativa desta Cámara, que simboliza, nese ano 2012, en convivencia —ou en aplicación das leis básicas do Estado— co Goberno central, precisamente, as políticas de recorte do gasto público. Outra cousa é que determinadas me-

didias desa lei teñan que permanecer en vigor e se incorporen á normativa xeral ordinaria do emprego público autonómico, porque iso dá seguridade xurídica.

Por suposto que non estamos avogando pola recuperación do plus de altos cargos, posto que, nas nosas interpelacións e preguntas anteriores, cando pediamos a derogación, pediamos a derogación de toda a lei menos ese punto, e sábeo perfectamente. Por suposto que non estamos pedindo que non se ordene a estrutura retributiva do persoal directivo; o que pedimos é que se derroge un símbolo do recorte do Estado do benestar en Galicia, que é o recorte dos servizos públicos en Galicia, e que se incorporen ás normas xerais ordinarias de regulación do emprego público aqueles outros aspectos que teñen que seguir en vigor. E sábeno perfectamente. Non vale crear un problema e logo dicir que os problemas que os arreglen os outros.

Pero, como fala de calidade do emprego público, voulle dar algúns datos para poder confrontar esa opinión, porque parece que estamos entre Baviera, como dicimos tantas veces, e Silicon Valley, aquí en Galicia, tamén en materia de emprego público; e creo que non é así.

Os datos de temporalidade do emprego público en Galicia están arredor do 14 %: por debaixo do 13 % en ensino, pero por riba do 20 % en sanidade. Galicia foi a quinta comunidade autónoma en destrución de emprego público entre 2010 e 2015: un 5 % fronte á media estatal, do 3,7 %. Galicia, por certo, é a comunidade autónoma que peor paga ao persoal das categorías ás que se lles exige titulación universitaria, xa o saben perfectamente, a eses galegos.

Datos da EPA do terceiro trimestre de 2017: Galicia, en termos globais de empregados das administracións públicas —todas, incluídas a Xunta de Galicia—, perdeu 17.000 empregos. De 185.000 empregados públicos, un 60 % son autonómicos. Hai 45.000 empregos temporais: o 25 % de temporalidade en Galicia de emprego público, 1 de cada 4 traballadores. Por certo, con motivo da restrición das taxas de reposición e da incapacidade de recuperación, 3 de cada 10 empregados públicos e empregadas públicas teñen máis de 55 anos. Nos próximos dez anos xubílanse 50.000 empregados públicos en Galicia. Algo hai que facer, señor conselleiro, para que isto non vaia desa forma.

En sanidade, servizos sociais e educación —datos da EPA do último trimestre—, as horas traballadas creceron un 4,5 %, pero o custo da hora traballada en sanidade caeu un 7 %. E hai un dato que realmente pode estar dando resposta a esas políticas, predeterminadas desde unha perspectiva máis neoliberal —como sabemos, son lexítimas, votadas polos cidadáns, pero teñen un resultados sobre o Estado do benestar—: hai un transvasamento da ocupación do sector público ao sector privado, no período 2011-2017, do que eu diría que é máis que chamativo. En materia de educación, na educación pública, reducíronse as horas traballadas un 6 % e minoráronse as persoas ocupadas un 7,8 %. Na educación privada, creceron as horas un 18 % e creceu a ocupación nun 19 %. Na sanidade pública, nese período, é certo que creceu o número de persoas ocupadas nun 2 %, pero cunha taxa de temporalidade do 12 %, cando na privada o crecemento de ocupación era do 18 %.

Algún dato máis —neste caso, supoño que tampouco son sospeitosos de interpretacións estes datos do Rexistro Central do Persoal, do Ministerio de Facenda e Función Pública—:

no total das administracións públicas, en España, había 2.698.000 empregados públicos en 2010; no 2017, hai 2.523.000: 175.000 empregados públicos no conxunto do país, cando xa dicía a Comisión Europea que España, en 2012, estaba entre os dez países da Unión Europea con menos gasto en emprego público sobre o PIB.

En materia de caída de emprego público, é significativa, sobre todo, a caída en materia de educación. E tamén nos ten que preocupar dunha forma moi importante a caída de emprego público nas entidades locais nese período: nese quinquenio, perderon as entidades locais 3.500 empregados públicos, cando, ademais, teñen, cos datos que estamos vendo dalgúns grupos de investigación, unha taxa de temporalidade de máis do 40 %.

Perdemos, por certo, 1.500 efectivos en materia de I+D, segundo os datos do INE, no período 2010-2015; non me estraña que Galicia estea entre as oito comunidades autónomas con menos investimento en I+D sobre o PIB de toda España: un 0,87 %, fronte á media de España, o 1,1 %; e, incluso, as catro primeiras están entre o 1,4 % e o 1,9 % de compromiso de investimento en I+D, co que supón de compromiso, tamén, en contratación de persoal investigador.

O artigo 19 do V Convenio, suspendido literalmente, está castigando dunha forma importantísima, en materia de descanso semanal, en dereitos, en saúde, en igualdade salarial, por exemplo, todo o colectivo, practicamente completo, de mulleres, en Política Social, na Consellería de Política Social, e sábeno. Nin sequera o Sergas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...está utilizando o criterio de descanso semanal desa forma.

Os acordos de funcionarización, de estabilización, só son por agora papel mollado, mentres non senten a negociar.

Asistimos, como digo, a unha inxusta desigualdade, a unha inxusta saída da crise. Eu, parafraseando o profesor Antón Costas, porque traíamos á colación, precisamente, as palabras e o último libro del, *El final del desconcierto*, señor conselleiro, falo dun novo contrato social para que Galicia funcione. Traemos a Lei 1/2012 porque ten moitísimo simbolismo. Recuperen precisamente o tempo perdido para o benestar das galegas e dos galegos. Por iso presentaremos unha moción, para articular todas estas medidas de recuperación do emprego público en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Peche desta interpelación, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señor presidente.

Señor Villoslada, agradezo moito tanto a primeira intervención como a segunda. A primeira un pouco máis xeral, a segunda cun pouco máis de métrica. Pero permítame que lle diga,

con todos os meus respectos tamén, que cadaquén aquí parece que vén falar do seu libro. Vostede botou aproximacións e logo tamén di que estaba medindo leña en balanza de precisión. Eu vou tratar de pesar leña. E voume referir, nas cantidades que vou dar, a datos oficiais do ministerio. Non vou botar man da xeneralidade do emprego público en Galicia, voume centrar no que aquí temos para tratar de rebater unha tese fundamental que xa foi escoitada no día de onte, que non puiden intervir por outros motivos, pero que me gustaría deixar asentada, cando desde as bancadas da oposición — neste caso do Partido Socialista— falan de recortes.

Pero antes de nada situemos ben o que foi a Lei 1/2012, que foron medidas de axuste salarial temporal. Tivemos que xerar a solvencia suficiente para poder reverter esas medidas, non llo descontemos tan pronto. E tan pronto como estivemos habilitados, incrementamos os salarios. Pero aquí non pode quedar a nebulosa de «sen negociación sindical». Os propios sindicatos son perfectamente conscientes dos máis que doce grandes acordos que logramos nos tres últimos anos, coa maioría —e incluso todas ás veces— das organizacións sindicais en materia salarial, en materia de selección e provisión. Recorde vostede o que supuxo recentemente asinar con máis de tres sindicatos o Plan de estabilización ata o ano 2020, datos que vostede tamén utilizou dunha maneira incorrecta.

Con todos os meus respectos, de novo botando man dos datos do Ministerio de Facenda, Galicia é a segunda comunidade autónoma que presenta unha taxa de interinidade menor. ¿Por que? Porque durante todos estes anos estivemos aproveitando as nosas posibilidades de convocatoria de ofertas de emprego. Hai comunidades autónomas nestes momentos que levan máis de nove anos sen convocar ningunha praza. Por iso, os nosos resultados son os segundos mellores de España despois da Comunidade de Navarra, tema número un.

Tema número dous. Cando vostede se refire a recortes, se comparamos os datos oficiais, tiñamos, ano 2008, 86.858 efectivos; ano 2017, 87.262 efectivos. Pero é que ademais, se fixeramos esa comparación, eses máis 404 efectivos que temos nestes momentos na comunidade autónoma, non son 85.000, son 87.262. Se partimos de 85.000 seguro que nos daba negativo.

Vaiamos por partes tamén. Se a comparación a facemos por sectores, resulta que no ámbito sanitario, no que tantas veces se fala de recortes, estamos en que temos 1.392 efectivos a maiores. No ámbito de servizos sociais, como lle dicía anteriormente, no pulo administrativo, 155 no ano 2016. Pero se consideramos o Consorcio de Servizos Sociais, temos a maiores máis de 300 prazas. Cando falamos —e aquí nesta Cámara se ten falado recentemente tamén—, ¿por que non se poñen os números sobre a mesa no ámbito da xustiza? No ámbito da xustiza había 2.570 persoas no ano 2008, e nestes momentos hai 2.768, 198 máis. Polo tanto, nesos servizos aos que vostede tanto se refire, de recortes nada. Tema número un.

Tema número dous, a outra forma de medir, cando falamos de empregados públicos, é medir o gasto que representan os empregados públicos. Se collemos os datos do gasto, que tamén se falou onte, dos empregados públicos, o que é o crédito e o que é o gasto, xa lle adianto un dato coa nómina pechada do mes de decembro. Resulta que en termos homoxéneos, por segundo ano consecutivo, temos un maior gasto que o que sería comparable respecto do ano 2016, que, se se acorda vostede —xa lle falei tamén—, incrementábase o 1 %.



Resulta que temos 25 millóns de euros máis en gasto de capítulo I. Resulta que en sanidade temos 11 millóns de euros máis que o que tivemos en gasto comparable. Resulta que en educación temos 13 millóns de euros máis que o que tivemos o ano pasado. Resulta, resulta, resulta. Polo tanto, a táctica desa quebra do convenio social que temos entre todos non se sustenta na realidade; non existen eses recortes dos que vostedes falan con tanta alegría, ao meu entender.

Porque ademais —e non me quero tampouco pasar—, cando miramos a outra cara da moeda, que son os servizos que nós prestamos, e miramos, por exemplo, que en materia de emprego público —vólvollo repetir— son máis de 7.000 prazas as que temos convocadas durante estes anos, e hai quen non convocou nin a primeira; en concursos de traslados, máis de 7.000 prazas; en xubilación parcial voluntaria xa levamos 800 beneficiarios. En flexibilidade horaria en teletraballo, máis de 9.000 beneficiados. Devolvemos os primeiros de España os días de vacacións e libre disposición en función da antigüidade.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Acabamos de aprobalo e seguiremos por aí porque sempre foi o noso, a partir da base suficiente que nos dá o control sobre as finanzas públicas, a través da negociación sindical. Pero negociar non significa dar sempre a razón, porque nós soamente —créame, de verdade— temos un obxectivo, que é valorar moi moito o que fan os nosos empregados públicos nos distintos ámbitos da actividade, tanto no que son servizos esenciais como nos que non o son tanto. E si que seguiremos traballando coa interlocución social sempre, para continuar mellorando o desempeño que lles debemos aos cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente. Boa tarde.

Conselleira, ten vostede as preguntas da interpelación por escrito. Realmente cremos que esta interpelación non só hai que ceñila á rexeneración do monte en zonas protexidas; probablemente hai que facer máis preguntas ao longo da interpelación, e é probable que da súa resposta aínda xordan máis. Vai máis alá, chega á conservación do patrimonio natural protexido en Galicia; chega aos problemas do cambio climático, á seca, á chuvia, aos lumes nos Ancares e no Xurés, que entendemos son consecuencia directa e indirecta do cambio climático; ata os arrastres de cinzas ás rías e aos humedais; e fundamentalmente tamén ata a posible morte da fauna que está nas rías, que son ao final tamén zonas protexidas.

Nesta visión ampla, a Sociedade Galega de Historia Natural ten feito unha análise sobre o estado da natureza en Galicia, sobre a biodiversidade galega e sobre o uso dos espazos protexidos, e o que di a Sociedade Galega de Historia Natural, que é unha entidade, unha asociación, con fama suficiente como para poder facer reflexións serias, é que as administracións públicas galegas teñen un absoluto desinterese polos espazos naturais e o patrimonio natural de Galicia.

Para esta sociedade, o exemplo é o estado de abandono dos poucos centros de interpretación que temos na nosa comunidade autónoma e o uso anárquico dos espazos naturais. Parece que vostedes potencian a utilización dos espazos naturais mediante festas e áreas de diversión; vostede mesma estaba en Corrubedo co presidente da Xunta, onde había incluídos palco e pulpo.

Pois con esta visión ampla entendemos que cómpre falar de cambio climático, de seca, de vaga de lumes, de chuva, porque todas teñen afectado as zonas protexidas e todas inciden na súa rexeneración. Hai uns meses Greenpeace alertaba, ademais, de casos de seca e do déficit de chuva en España, fundamentalmente —dicía Greenpeace— no noroeste, se non hai unha ambición política para frear o cambio climático. Falan de Galicia porque Galicia especialmente non está preparada para a seca continua, como ocorre noutras zonas da nosa península.

Nun nos últimos consellos da Xunta, a súa consellería emitía un informe sobre a situación de alerta de seca en Galicia e sobre o problema da loita contra o cambio climático. O problema está en que a situación dos encoros é moi preocupante, e se o nivel de auga baixa, a calidade da auga pode tamén diminuír, e iso vai incidir na fauna das zonas protexidas, aínda que só sexa para comezar.

Sabemos que os incendios nestas zonas protexidas, fundamentalmente nos Ancares e no Xurés, provocaron terribles danos ambientais. En outubro só, o Xurés levaba ardendo máis de quince días cando foi esa vaga de lume terrible daquel domingo. E cando rexistrabamos esta iniciativa non tiñamos noticias, non había datos, sobre o total de zonas arrasadas. Despois si, os datos que vostedes deron foron o 23 % do queimado en Rede Natura, un total de 11.400 hectáreas —non sei se agora ten novos datos ou non—, e un 7 % que levou o lume da reserva dos Ancares.

Os danos ecolóxicos son terribles, son moi graves, e nada sabemos dos labores de rexeneración ambiental. Hai tempo dicíamos que era previsible que no momento en que comezara a chover houbera escorrentías, graves procesos erosivos, e que desaparecesen solos por arrastres en lugares de pendente maior.

Houbo nas redes sociais o día que choveu tanto, o domingo que choveu tanto —pois pasamos dun domingo de lumes terribles a un domingo de choiva terrible—, un montón de vídeos colgados por persoas moi pretas ao Xurés nos que se vía que a auga manaba a borbotóns e caía polas pendentes sen ningún tipo de control, porque o chan non tragaba a auga.

Os arrastres dende estas áreas superiores, e a contaminación, como consecuencia, dos acuíferos e os ríos ata chegar ás rías, a nós preocúpannos. Preocúpannos tamén as especies

ameazadas, das que non sabemos nada, non hai ningún dato de extinción durante a vaga de lumes. Preocúpannos as árbores senlleiras, e tampouco sabemos nada sobre datos de extinción durante a vaga de lumes, non temos datos específicos da súa consellería sobre zonas protexidas. Polo tanto, parécenos moi difícil levar a cabo ningún tipo de labor de rexeneración ambiental se eses datos non existen ou, polo menos, non son públicos.

Hai quince días, como dicía, tivemos a Ana de paso por Galicia, e como consecuencia houbo arrastres de cinzas, houbo tinte nas augas dos ríos e das rías dunha cor chocolate, e sabemos que isto pode afectar de xeito importante e grave as rías de Galicia, especialmente a ría de Vigo, porque foi a que no seu contorno tivo maior volume afectado.

As rías son espazos protexidos, e o efecto devastador das cinzas sabemos... supoñemos, non o sabemos, espero que vostede nos diga se efectivamente eses restos de cinzas foron obxecto dun plan especial de recuperación nesas zonas, pois o efecto das cinzas, unido coas augas torrenciais, pode ter un efecto devastador sobre o sector primario, fundamentalmente na produción marisqueira.

Nos medios de comunicación, hai escasamente unha semana, coñeciamos que a Consellería do Mar ten activado un dispositivo especial de vixilancia e avaliación das zonas que poden ser afectadas pola chegada das cinzas, sobre todo nos lugares máis sensibles, e eu considero máis sensible non por ser desa zona, senón porque así é, non soamente a zona da ría de Vigo, senón expresamente a baixada do río Verdugo, entre Arcade e Ponte Sampaio.

A situación é moi preocupante e a vostede non a vemos, conselleira, non sae vostede nos medios de comunicación. Probablemente en Coruña si, pero no resto de Galicia, falando de como se vai facer a rexeneración das zonas protexidas, a verdade é que non a vemos, conselleira, e non temos datos sobre que efectos están a provocar, que labores de rexeneración fixeron vostedes entre os lumes e a chuvia, nin sabemos se hai unha partida orzamentaria específica precisamente para estes fins. E nós cremos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que si deberíamos sabelo.

Por iso, ademais das preguntas escritas que vostede ten, queríámoslle preguntar se nos pode especificar vostede os danos ambientais provocados polos incendios nas zonas protexidas de Galicia e cantos milleiros de hectáreas foron queimados, porque cando vostede compareceu na comparecencia de orzamentos non deu datos porque dixo que non os tiña aínda. Se houbo procesos erosivos nas zonas queimadas. Se como consecuencia da chuvia desapareceron solos por arrastre nas zonas de maior pendente; falamos fundamentalmente de Ancares e da zona do Xurés. Se se contaminaron aquíferos e ríos ata chegar ás rías. Se se vai deseñar un plan urxente de rexeneración ambiental ou se xa o fixeron, porque tiveron tempo, dende a vaga de lumes e a chuvia do Ana. Se ten unha memoria económica, se é que existe ese plan. Que ocorreu coas especies ameazadas, se as teñen contabilizadas. Se hai algún plan de rexeneración, e o mesmo coas árbores. Se vostedes teñen previsto restaurar as dotacións de servizos básicos nas zonas protexidas, ou se xa están restaurados. Que efectos está a provocar a caída de restos de cinza, e cal é este dispositivo. Se vostede fala coa conselleira do Mar, cal é o dispositivo de vixilancia e a avaliación polo arrastre de terras e cinzas que vostedes din que teñen en marcha.

Agardamos a que nos resposte, son once preguntas, e logo iremos á réplica.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas.

Moi boa tarde.

Señora Vilán, benvida á preocupación e a falar do tema da loita contra o cambio climático, algo que fixo por primeira vez este Goberno e algo que fai en concreto esta conselleira, posto que fun a primeira conselleira que denomina unha dirección xeral específica para o cambio climático e a primeira que leva adiante unha estratexia que agora mesmo se está a desenvolver especificamente para falar de todas as medidas que dun xeito transversal, dende todas as consellerías, debemos de implementar, e mesmo tamén dende a sociedade no seu conxunto, na loita contra o cambio climático.

Non chegaría o tempo dunha interpelación se queremos falar da seca; non chegaría o tempo dunha interpelación se queremos falar de auga, se queremos falar de enerxía, se queremos falar de agricultura e gandería, se queremos falar da biodiversidade, e, evidentemente, eu creo que por respecto á interpelante teño que ceñirme á súa pregunta, que vai dirixida especialmente á repercusión dos lumes nas zonas protexidas da nosa comunidade.

Máis alá de facer unha serie de valoracións como a que dicía ela na súa primeira parte da intervención, e por suposto vaia todo o meu respecto ás valoracións que se poidan facer dende a Sociedade Galega de Historia Natural, aínda que obviamente non comparto neste caso a valoración trasladada pola deputada en canto ao desinterese ou abandono polos centros de interpretación, posto que foi tamén esta consellería a que fixo un investimento específico, xa dende o ano 2016 e 2017, precisamente para dinamizar eses centros de interpretación dos seis parques naturais.

En definitiva, centrándonos nas preguntas que fai a señora deputada, efectivamente, o mes de outubro foi un mes absolutamente e excepcionalmente atípico. Estamos falando un mes no que houbo un 79 % menos de precipitacións das habituais nese mesmo mes, e por suposto tamén unha temperatura media que foi superior en máis de 2 graos (2,4 graos) á temperatura media da serie histórica. A isto hai que engadirlle que sufrimos as consecuencias do que foi a cola do furacán Ofelia, e mesmo tamén, evidentemente, que sufrimos as accións dos terroristas incendiarios, que fixeron que eses días, 13 e 15 de outubro, se rexistraran na nosa comunidade 264 incendios e mesmo foran afectadas 49.000 hectáreas. Desas 49.000 hectáreas, o 53 % delas foi monte arborado, mentres que o resto foi monte raso, o 46,9 %.

No que ten que ver estritamente coa demanda que fai a interpelante, en canto a espazos protexidos, representa o 23,4 % de todo o ardido nesas zonas; é dicir, falamos de que houbo

unha afectación de 11.000 hectáreas, sendo especificamente a provincia de Ourense, e mesmo a provincia de Lugo, as de maior afectación.

O Goberno galego está actuando, como non pode ser doutro xeito, xa dende o primeiro momento na rexeneración pola vaga de lumes que sufriu Galicia no pasado mes de outubro.

A Consellería do Medio Rural —non esta consellería— dispuxo as medidas a tomar, e actuou no conxunto da nosa comunidade, mentres que esta consellería actuou e está actuando concretamente en dous espazos específicos, que son: o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, e tamén a zona especial de Ancares-Courel, principalmente nunha zona caracterizada pola súa reserva de caza. É dicir, esta consellería está actuando especificamente na rexeneración de 6.600 hectáreas.

Estamos actuando como debemos de actuar, que é baixo a coordinación da Consellería do Medio Rural e seguindo todas as decisións adoptadas nesa Mesa xa existente de coordinación postincendios, como non pode ser doutro xeito. É importante, evidentemente, coñecer a afección principal do medio que estes incendios teñen provocado, máis alá da lamentable e desgraciada perda de vidas humanas. É obvio que nos atopamos tamén, nestas circunstancias, cun delito medioambiental que foi de grande envergadura, e como xa dixen, os incendios forestais do pasado mes de outubro afectaron a estes dous espazos naturais, nos que esta consellería a día de hoxe está actuando e vai seguir actuando o próximo ano.

Esas dúas zonas son nas que centramos o noso traballo, pero volvo repetir que sempre baixo a coordinación establecida nunha Mesa xa constituída de postincendios que lidera Medio Rural. Fixémolo nós, porque así se decidiu nesa Mesa, e mesmo tamén porque esta consellería é a que leva a xestión directa deses espazos. En concreto, no parque do Xurés o lume afectou principalmente as parroquias de Río Caldo e de Araúxo, queimando nese parque un total de 3.670 hectáreas. Na zona de Ancares-Courel, víronse afectadas 2.690 hectáreas nas parroquias de Donís e de Noceda. En ambos os casos rexistráronse danos principalmente nas zonas de matogueira e rochedos, piñeirais de repoboación, vexetación composta por frondosas autóctonas, así como algo menos en prados e cultivos. En total, queimáronse —como dicía— 6.630 hectáreas nestes dous espazos protexidos.

Ademais dos danos provocados á flora dos espazos protexidos, tamén se viu prexudicada a fauna, polo impacto que o lume ten no seu hábitat natural, obrigándoa probablemente, e maioritariamente, a fuxir cara a zonas colindantes. O que si non hai é constancia de ningún incremento de ingreso de fauna nos centros de recuperación que temos na nosa comunidade nesas datas.

A actuación do Goberno galego tras os incendios no mes de outubro caracterizouse, o primeiro de todo, pola coordinación, que nós entendemos que é esencial. A coordinación tamén das medidas que se ían tomar entre todos os departamentos; unha coordinación que foi incluso louvada —non só de Galicia, senón de todo o Estado— pola Unión Europea, xusto no mesmo momento no que se estaban a producir os lumes.

Despois dos lumes, a Consellería do Medio Rural convoca a primeira reunión desa Mesa de coordinación, onde participan 40 representantes distintos. Este é o foro no que se avaliaron

os incendios e as actuacións que deben de ser levadas a cabo; medidas que eran e que son necesarias para consolidar os solos e tamén para restaurar as zonas queimadas. Estamos falando, polo tanto, de medidas de carácter técnico, non de medidas políticas, que, efectivamente, son as que estamos levando adiante, que son propostas polos técnicos.

Isto foi posible realizalo grazas ás inspeccións pertinentes sobre o terreo e tamén a obter as primeiras aproximacións sobre a afectación nos montes que tiñamos xa detectado. Deste xeito, en primeiro lugar avalíouse a situación e seguidamente coordináronse as medidas técnicas para levar a cabo. Gran parte da superficie afectada nestes dous espazos protexidos atópase en terreos que son de alta montaña, en terreos que teñen elevada pendente. Por iso estes traballos que vimos realizando na Consellería de Medio Ambiente teñen como finalidade o máis importante, que é evitar o arrastre do chan aos ríos. Estas actuacións, que están sendo coordinadas tamén polo Centro de investigación de Lourizán, teñen tres eixos diferenciados, que son os que acomete esta consellería.

O primeiro de todo: medidas para estabilizar o chan e limitar as escorrentías a través dun acolchado con mantas orgánicas de fibra de coco. Tamén a través dun acolchado de palla de cereal, que é unha técnica coñecida como *mulching*, que é o que se está a facer, en concreto, dende helicópteros.

Tamén estamos facendo retención de sedimentos, para o que se construíron barreiras de mallas biodegradables de coco e tamén de palla e de biomasa forestal, especialmente nas zonas que son curvas, onde se instalaron este tipo de barreiras ancoradas ao chan mediante estacas. E no caso de que fose necesario, tamén se estudou a posibilidade de empregar distintos materiais, como pedras, para evitar as escorrentías.

Por último, medidas para acadar a revexetación de zonas afectadas a través de sementado manual en noiros con risco de desestabilización, e mesmo tamén de hidrosementado en zonas de especial sensibilidade.

Todas estas actuacións son as que vimos realizando nos últimos dous meses —volvo insistir—, con coordinación da Consellería do Medio Rural, que tamén está a traballar nestas mesmas zonas e noutras zonas de Galicia.

A día de hoxe continúa traballando na zona, revisando as barreiras que xa están colocadas, reparando e corrixindo aquelas que puideran verse afectadas tamén polo paso do Ana. En canto á restauración de servizos básicos, dende a Consellería de Medio Ambiente estamos procedendo á limpeza de todos os fosos, canles —incluídos tamén desaugues— e demais.

A nivel de Galicia, a Xunta aprobou inmediatamente un decreto de medidas urxentes; é dicir, mobilizamos preto de 21 millóns de euros para paliar estes danos: 11 millóns de euros foron destinados directamente ás persoas afectadas, 7 millóns de euros están destinados precisamente á reforestación e rehabilitación de solos, pero neste caso por parte da Consellería do Medio Rural, e esta consellería dispón en dous meses dun presuposto extraordinario de 1,1 millóns de euros para facer os labores que antes describín.

Os traballos coordinados pola Consellería do Medio Rural para a estabilización de zonas afectadas polo incendio, teñen un orzamento de 7 millóns de euros dos días que quedan do ano 2017, e esta consellería de 1,1 millón de euros, é dicir 8,1 millóns de euros en dous meses precisamente para contribuír á restauración das zonas queimadas. Como dicía, unha partida extraordinaria. Obviamente, no ano 2018 seguiremos traballando para a rexeneración destas zonas protexidas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Conselleira, Mariano Rajoy hai cinco anos creo que é presidente do Goberno de España, e cando chegou á Presidencia negaba o cambio climático. *(Aplausos.)* Dicía que tiña un primo que era un experto e que o seu primo lle dicía a el que o do cambio climático era unha invención. Cinco anos despois di outra cousa, e parece que vostede coñeceu o cambio climático cando a invitaron ao Cumio de París, e foi alí e lle explicaron en que consistía o cambio climático e os efectos que podía provocar.

É certo que dende ese momento vostede cada vez que vén aquí, cada vez que vai á comisión, fálanos da estratexia de loita contra o cambio climático, pero como non apuren, as municipais son en xuño de 2019, e como non corra, non lle vai dar tempo a rematala, e vaina ter que rematar ou outro compañeiro de goberno de vostede ou calquera que a veña substituír para poder facer esta estratexia. E necesitamos a estratexia xa, conselleira, non podemos esperar máis. O cambio climático non espera nin sequera ao primo de Mariano Rajoy.

Dicir que vostede non coincide coa Sociedade Galega de Historia Natural é dicir moito. Eu non son capaz de dicir semellante cousa, porque a Sociedade Galega de Historia Natural leva vinte e tanto anos, case trinta, encargándose non só do estudo das zonas protexidas de Galicia, senón da biodiversidade de todas as zonas protexidas, do medio ambiente de Galicia. Moitas das persoas que colaboran, a gran maioría de maneira altruísta, son expertos que coñecen a zona. Entón, dicir que non coincidimos e que non é certo que estean abandonados os centros de interpretación... Por certo, non só hai 6, hai máis centros de interpretación, conselleira.

Efectivamente, outubro foi un mes atípico, e iso chámase cambio climático. Iso é consecuencia do cambio climático. Vostedes o que fixeron, polo que nos acaba de contar, é reunir unha Mesa de coordinación postincendio, pero é que a rexeneración das zonas protexidas non só consiste en botar palla de coco dende un helicóptero, é moito máis. Si ás barreiras e pedras, como vostede nos acaba de contar. E logo quedan aí e acabou a rexeneración.

O día que veu vostede á Comisión explicar os seus orzamentos falou dos centros de recuperación de fauna e dixo que se recuperaran tres ou catro animais —eran menos de cinco, se-

guro—. E agora acábanos de dicir que non houbo incremento nos centros de recuperación. ¡Home!, é que están mortos, ¡morreron! ¿E que van facer vostedes nas zonas protexidas para volver ao mesmo número de animais que había antes? Porque algo farán para poder rexeneralos —supoñemos— ou polo menos algo terán previsto.

Máis ou menos nesa mesa de coordinación postincendio vostedes contabilizaron que no Xurés e nos Ancares habería unhas seis mil seiscentas hectáreas queimadas. Se nas zonas protexidas houbo 11.400, ¿onde foi o resto? As outras case cinco mil, conselleira, ¿en que outros sitios de Galicia foron protexidas, que non fose nin nos Ancares nin na serra do Xurés? Gustaríanos que nos dixera cales son.

E dicir vostede que as medidas para a recuperación dos solos... As medidas específicas, evidentemente, son os técnicos os que deciden que medidas son. Pero se se van facer ou non, como, cando e con que cartos, esa é unha medida política. Porque supoño que vostede, conselleira, non será unha técnica, fundamentalmente porque antes estaba nunha consellería que non era esta, que era Política Social; a non ser que vostede sexa técnica das dúas cousas. Pero iso quere dicir que as decisións son políticas, non son decisións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se a señora deputada de Ourense ten ganas de intervir neste debate, pero eu non teño ningún problema en deixarlle a tribuna para que veña aquí e fale. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Eh!, vaíamos con calma. *(Risos.)*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, veña, eu comprendo que estamos todos un pouco cansos, pero imos terminar.

**A señora VILÁN LORENZO:** É que molesta moito que estea por detrás... Máis aquí.

**O señor PRESIDENTE:** Si, niso si que ten vostede toda a razón. Moléstalles a todos.

*(Murmurios.)*

Silencio.

Prosiga, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Dicíalle que supoñemos que as medidas que vostede tomou son medidas políticas, e son decisións políticas para que se adopten determinadas medidas técnicas, para evitar —como di vostede— o arrastre do solo aos ríos. Bueno, pois estas medidas despois de que pasara a borrasca Ana, ¿foron efectivas ou non? Conselleira, ¿cales foron os resultados?, ¿houbo procesos erosivos nas zonas queimadas, si ou non?, ¿desapareceron solos nas zonas queimadas, si ou non?, ¿e están contaminados os acuíferos, os ríos, si ou non?, ¿contamináronse as rías, si ou non? Son preguntas sinxelas. ¿E houbo efectos como consecuencia das cinzas nas rías, si ou non?



É sinxelo e gustaríanos que nos contestara. E, se non, sempre lle pode preguntar a Cristina Romero, que, ao mellor, contesta ela.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

(*Murmurios.*)

Turno de peche, señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Ben, moi boas tardes.

Hai algúns que teñen primos que hai cinco anos falaban do cambio climático; o problema é que hai outros que teñen gobernantes que hai oito anos, ou mesmo nos cinco anos, nin falaban de cambio climático nin falaban daquilo, porque daquela para eles si que non existía, que era cando gobernaban vostedes. (*Aplausos.*) Polo tanto, eu creo que o importante, polo menos, é recoñecer que, efectivamente, o cambio climático está aquí e que ao cambio climático temos dende os gobernos que enfrontarnos a el. Cousa que para a señora Vilán parece que é algo clave e obvio, pero se estivera metida neste mundo daríase conta de que non para todos os políticos é algo claro.

E efectivamente, señora Vilán, as decisións son políticas. Fíxese se será así que este goberno, por unha decisión política expresa do presidente da Xunta de Galicia, en menos dunha semana desviou 20 millóns de euros para paliar os efectos dos lumes para axudar a xente e tamén para rexenerar os montes que estaban queimados. E iso, señora Vilán, é unha decisión política que polo de agora ninguén, nin mesmo o Bipartito —do que vostede non formou parte, pero a súa formación política si—, foi quen de levar a adiante na vaga de lumes do ano 2006.

Polo tanto, eu creo que esta Xunta de Galicia é a que ostenta a maior axilidade nun tempo récord de resposta na atención e posta en marcha do operativo contra incendios —e volvo dicir: un operativo contra incendios recoñecido pola Unión Europea, porque, efectivamente, formamos parte dunha coordinación do Estado— que foi recoñecido xusto no momento en que estaba ardendo Portugal e mesmo tamén Galicia. A pena é que nos teñen que recoñecer dende fóra, e os de aquí dentro non o recoñecen —iso é o primeiro de todo—. E o segundo é que tamén foi a Xunta de Galicia a máis rápida en facer un decreto —que é do que estou a falar agora— de axudas destinadas a paliar os efectos particulares, persoais e mesmo tamén das consecuencias das cinzas.

Polo tanto, eu creo que este goberno traballou arreo dende o minuto un no deseño das accións e da consolidación dos solos e da restauración das zonas queimadas, e, como non pode ser doutro xeito, facéndoo dunha maneira coordinada e baixo a tutela da Consellería do Medio Rural. E dunha maneira inmediata non só na actuación contra os propios incendios, senón tamén nas inspeccións sobre o terreo para ter as primeiras aproximacións da situación na que se atopaba o monte, e mesmo tamén para tomar as medidas específicas.

A vostede preocúpalle e fai unhas preguntas concretas sobre a situación da contaminación dos acuíferos, a situación da contaminación dos ríos e das rías. Pódolle adiantar —que eu tamén o farei nunha pregunta que me van formular dentro dun momento— que no día de hoxe e despois de todas as inspeccións que —volvo insistir— dun xeito coordinado —porque neste goberno todas as consellerías nos falamos e traballamos en conxunto—, da man da Consellería do Medio Rural, da man da Consellería do Mar e mesmo tamén dos técnicos vinculados, por unha banda, á gardería fluvial de Augas de Galicia e tamén dos axentes medioambientais, fixeron un recoñecemento daquela, xa unha vez que se rematan os lumes, e mesmo seguiron facendo recoñecementos despois da borrasca Ana. Precisamente para garantir que a calidade das augas —tanto dos acuíferos como dos ríos e como das rías— é a pertinente e a necesaria para non facer dano, o primeiro de todo, á saúde pública e, o segundo de todo, a aqueles que viven do mar, como son os mariscadores, que están preocupados por que non haxa escorrentías das zonas afectadas polo lume.

Entón, no día de hoxe, aínda non chegou ningunha outra borrasca —de verdade que para a semana que vén se prevé que veña tamén unha borrasca, e aínda está por delimitar a súa intensidade—, as escorrentías das que vostede falaba que saían en vídeos non teñen provocado ningún dano nos acuíferos, nos ríos e nas rías. Iso certifícanos non só as análises feitas nos laboratorios senón tamén, evidentemente, o traballo desenvolvido dende a Consellería do Mar.

E —como dicía— identificáronse as zonas, coñécense as hectáreas afectadas, coñécense as hectáreas afectadas de zona protexida. Respondo eu exclusivamente sobre a pregunta que me fan a min directamente, que é sobre o que está traballando esta Consellería de Medio Ambiente. Esta Consellería de Medio Ambiente, efectivamente, traballa sobre 6.600 hectáreas afectadas en dúas zonas de especial sensibilidade natural, como é o Xurés ou como son Os Ancares —no resto segue a traballar a miña compañeira a conselleira e todo o seu equipo de Medio Rural—, cun investimento —insisto— en menos de dous meses de 7 millóns de euros única e exclusivamente para labores de rexeneración. E, efectivamente, nese traballo seguiremos a avanzar.

A vostede pareceralle que non é a técnica axeitada o falar de acolchados, o falar de *mulching* ou o falar de barreiras. Ben, pois probablemente esa sexa unha técnica que vostede coñeza máis que os corenta técnicos que están traballado nesa mesa.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Se coñece outras técnicas, supoño que terá a ben dicírllelas a estes enxeñeiros de montes para que as poidan avaliar.

En canto ao impacto da borrasca Ana —como lle dicía—, viuse turbidez no río Salas, en concreto, pero o resto dos caudais baixan limpos e sen ningún sinal que poida facer preocupar —como digo— a saúde pública, o primeiro de todo, e tamén o benestar dos mariscadores, dos que depende efectivamente o seu medio de vida.

Polo tanto, destinamos dende esta consellería neste ano 1,1 millóns de euros. Destinaremos no ano 2018 outro millón de euros máis para seguir avanzando na rexeneración.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** E, evidentemente, a Consellería do Medio Rural pola súa parte seguirá tamén atendendo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** ...o resto das hectáreas queimadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Interpelación de D. Marcos Cal Ogando e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a protección do medio ambiente e o lindano**

**O señor PRESIDENTE:** Interpelación de don Marcos Cal, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas. Boa tarde, conselleira.

A recente obra de saneamento realizada no lugar de Torneiros, no concello do Porriño, do Plan concellos da Deputación de Pontevedra, na que se acharon restos de lindano, sacou á luz un problema que xa ten máis de cincuenta anos, ao que ningunha administración quixo facerlle fronte en profundidade, máis alá das medidas superficiais acometidas pola Xunta de Galicia no ano 1999, e que ten que ver coa contaminación da terra e dos acuíferos que deixou a atrás a antiga fábrica de Zeltia, situada no lugar de Torneiros, no Porriño.

Coas actuacións desta obra, despois de escarvar para introducir as tubaxes, a veciñanza comezou a sentir un cheiro a pesticida. E nos seguintes días algunhas veciñas comezaron a sentir distintas reaccións alérxicas e doenzas, que mesmo fixeron que algunhas veciñas acudisen ao centro de saúde, sen ter constancia aínda nese momento do que tiñan debaixo da casa.

Unha vez que se detecta que hai lindano —isto xa no mes de outubro— tómanse medidas dende o Concello de prohibir o consumo de auga dos pozos propios, xa que nalgunhas das casas non contaban, e non contan no día de hoxe aínda, con traída municipal. E a Consellería de Sanidade toma probas de auga e terra para saber o alcance da contaminación. E ata o momento nin nós nin a veciñanza afectada contamos con máis información.

Durante décadas, o lindano foi un composto de éxito na nosa terra; empregábase como insecticida na agricultura, como antiparasitario na gandería e como loción contra os piollos

nos seres humanos. E así foi ata que no ano 1991 se demostrou que se trataba dun elemento tóxico que entrañaba graves riscos para a saúde dos seres humanos e dos animais, así como para o medio natural. E nesa data foi prohibido.

O lindano é un elemento que os seres vivos acumulan con moita facilidade, xa que se asimila por inxestión, respiración e mesmo a través da vía cutánea, ademais de que é bioacumulativo, polo que incluso baixos niveis de lindano poden ser moi prexudiciais pola exposición continua a ese produto, que se vai acumulando na graxa das persoas e dos animais que ou ben entran en contacto directo co produto, ou ben beben auga contaminada, ou ben comen plantas cultivadas sobre os terreos contaminados ou regadas coa auga contaminada.

No ano 2015, a Organización Mundial da Saúde ratificou que o lindano podía provocar ademais tumores canceríxenos, encadrando o lindano no grupo 1, de produtos canceríxenos. É moi importante ter en conta que o lindano é un produto altamente tóxico e que os seus efectos, ao seren bioacumulativos, incrementándose co paso do tempo, supoñen un perigo importante para a saúde humana e para o medio natural.

En Galicia tivemos a mala fortuna de contar cunha industria de lindano durante dezasete anos. Falamos de Zeltia, que sintetizou o composto na súa planta do Porriño entre 1947 e 1964. E neste tempo estímase —segundo o informe de Ecoloxistas en Acción— que máis de mil toneladas de residuos foron vertidas pola lixiviación. Hai algún informe que fala de ata dez mil toneladas. Debido á súa cofundición compactante, estes residuos foron empregados como material para a construción de camiños e estradas, así como en recheos en diversas obras, estendéndose o lindano por toda a comarca, agravando así o problema e dificultando —e canto máis tempo pase será peor— a súa localización para a conseguinte descontaminación.

No propio terreo da fábrica construíronse vivendas de protección oficial once anos máis tarde da fin da fabricación do lindano, en 1975, sen que a zona fora descontaminada. Nos anos noventa atopáronse terras contaminadas no polígono das Gándaras, e a veciñanza de Torneiros denunciaba cheiros a insecticida nas vivendas. Polo que en 1999 a Xunta de Galicia fixo unha actuación parcial de descontaminación, que consistiu na retirada dunha capa superficial de residuos e o seu traslado á planta de residuos industriais das Somozas. E o resto dos residuos localizados foron obxecto dun proceso de impermeabilización e selado, e valáronse algunhas zonas para restrinxir o acceso.

E mesmo se plantexou a posibilidade de trasladar as familias das vivendas sociais, polos riscos da exposición a este composto. Traslado que non se chegou a producir ante a preocupación da veciñanza, que estaba nunha situación de total vulnerabilidade e abandono diante dunha administración tremendamente irresponsable, que non reacciona ante as evidencias, poñendo en risco o medio ambiente e tamén a saúde das familias de baixos recursos que vivían nesas vivendas sociais. E entendemos que isto foi determinante para deixalas abandonadas á súa sorte.

Na actuación do ano 1999, que a Xunta de Galicia levou a cabo co seu parcial plan de descontaminación dos solos, descubriu concentracións moi altas de lindano na superficie e nas

augas subterráneas e de abastecemento. Os datos revelaron así mesmo que a poboación e o medio natural estiveron expostos a altos niveis de contaminación durante anos, co conseguinte dano irreparable debido á natureza deste composto. No mesmo ano 1999 realizouse un estudo no que se analizaron e localizaron zonas contaminadas e outras que potencialmente poderían estar tamén afectadas.

Dezasete anos despois das actuacións superficiais da Xunta de Galicia, o achado de residuos tras as obras de saneamento no lugar do Contrasto amosan que se mantén sen resolver un grave problema de contaminación que xera perigo para a saúde humana e para o medio natural, o que fai imprescindible unha actuación da Xunta de Galicia para procurar unha solución definitiva.

Neste momento, sobre os terreos previsiblemente contaminados atópase un parque coñecido no Porriño como o «parque do lindano», onde xogan nenos e nenas todos os días, ou onde van as veciñas desfrutar do tempo de lecer; atópanse tamén vivendas sociais, as «vivendas do lindano», onde viven preto de cen familias —non lle chamamos nós así, alí no Porriño chámanlle así: as «vivendas do lindano» e o «parque do lindano»—, así como o colexio infantil, o instituto e diversos edificios da administración. E todo isto sen contar co lindano que se espaxou polo Porriño e arredores.

Nas últimas semanas, as análises realizadas pola Consellería de Sanidade arroxaron altos valores de contaminación por lindano no Porriño cen veces superiores ao valor de referencia. Moitas persoas do lugar declararon, ademais, que padecían síntomas evidentes de contaminación. Como medidas preventivas, pediuse que se evitara o consumo de auga procedente dos pozos da zona e evitar o consumo de produtos da horta; dúas medidas que, aínda que son evidentemente necesarias, non contrarrestan a exposición sufrida durante décadas ao lindano.

Esta mesma semana aprobamos na Comisión 2ª, a raíz dunha PNL que presentou o Bloque Nacionalista Galego, unha serie de medidas que nos poden servir como punto de partida:

En primeiro lugar, rematar no máis breve prazo de tempo posible o estudo exhaustivo, que o voceiro do Partido Popular nos informou que estaban a facer e que sairía nos próximos días.

En segundo lugar, unha vez coñecidos os resultados do estudo, localizadas as zonas contaminadas, realizar en colaboración co Concello un proxecto de descontaminación das zonas afectadas. E este proxecto deberá comezar ao longo do ano 2018.

En terceiro lugar, continuar adoptando —esta proposta foi transaccionada; polo tanto, foi unha proposta do Partido Popular, pero aquí isto baséase nunha mentira— en coordinación co Concello do Porriño as medidas preventivas necesarias para evitar riscos para a saúde das persoas. Digo «debe continuar adoptando» porque ata o momento non se coordinaron vostedes co Concello do Porriño.

E, en cuarto lugar, colaborar coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e co Concello do Porriño para garantir o abastecemento inmediato de auga á poboación afectada, o cal parece

ser, pola información que nos trasladan dende O Porriño, que iso xa está indo a bo ritmo e parece que vai estar bastante axiña. A veciñanza que ten pozo conectado a unha traída municipal tamén ten os seus pozos propios contaminados.

Teño unha batería de preguntas, que penso que non é preciso que llas volva ler, supoño que xa as lería. Pero, fundamentalmente, o que queremos hoxe é información ante a opacidade que está habendo con este tema, vendo que non comparece vostede por vontade propia ante unha situación de alarma evidente, como é a crise do lindano no Porriño, da contaminación por lindano. E xa vemos que vostedes están tratando de non xerar alarma, de levar isto o máis calado posible, pero é unha situación coa suficiente gravidade como para que vostede compareza. E como vostede non comparece xa trouxemos unha pregunta urxente no anterior pleno e hoxe traemos tamén esta interpelación. E como lle digo: fundamentalmente, o que queremos é información, para que os distintos grupos teñamos información de que teñen feito e como está a situación, e, sobre todo, para que á veciñanza, ao final, se lle acabe trasladando esta información, xa que non o fan vostedes directamente.

Temos que denunciar a enorme irresponsabilidade da administración durante todos estes anos, tendo coñecemento desta situación, que o tiveran ocultado e que non o tiveran actuado sobre esta situación. E temos que tamén denunciar a irresponsabilidade no día de hoxe de que, dous meses despois de que se soubera desta situación, a Consellería de Medio Ambiente non comparecera en persoa para estar alí coa veciñanza. Neste momento, no camiño que agora se cubriu, que se asfaltou e onde se fixera a zanja, hai restos de lindano polos laterais, e ninguén vai alí facer absolutamente nada. O cal nos parece unha irresponsabilidade enorme e, sobre todo, un abandono enorme.

Por suposto que para a xente que leva décadas vivindo encima do lindano, comendo, bebendo, respirando o lindano, seguramente, os que podían ter algún problema xa o teñen e non se vai resolver por correr un mes máis, dende logo. Pero diante dunha situación que provocou a administración coa súa irresponsabilidade, sabendo que estaba isto aí e non actuando sobre iso, entendemos que o lóxico, por unha cuestión de respaldo e de atención á cidadanía, deberían estar vostedes alí cunha presenza moito maior e, sobre todo, coordinados co Concello do Porriño, que ata o día de hoxe vostedes non teñen ningunha présa e está todo aínda sen coordinar, no Concello non saben que facer e vostedes tampouco están facendo nada.

Polo tanto, máis nada. Na réplica seguirei. E, por favor, déannos toda a información que sexa posible, do que teñen feito ata o de agora, nos anos anteriores, do que teñen feito dende que se abriu esta crise hai dous meses e do que teñen previsto facer de agora en diante.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Señor Cal, unha cousa é non xerar alarma e outra moi distinta é non ser transparente. Eu quero, primeiro de todo, deixar claro que o Goberno está actuando con total e absoluta transparencia e con total e absoluta dilixencia dende o primeiro momento que temos a sospeita verdadeira deste tipo de contaminación.

Teño ademais que ser moi serio para dicir que este tema é o suficientemente grave como para estar vixiantes dende esta consellería ao cen por cento e mesmo tamén, evidentemente, para tomar medidas. Medidas que, como non pode ser doutro xeito, teñen que ser técnicas e que teñen que estar marcadas polos técnicos.

O que non podo é compartir unha serie de aseveracións e afirmacións feitas polo deputado na súa intervención, como pode ser a irresponsabilidade dunha administración, nada máis lonxe. E, por suposto, ningún abandono nin deixar a veciñanza abandonada, posto que a coordinación dende o primeiro momento entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Medio Ambiente, o Concello especificamente e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil é total. E toda esta coordinación é única e exclusivamente para o máis importante, que é preservar por riba de todo a saúde dos veciños e das veciñas do Porriño que están afectados por esta situación.

Vostede explicou moi ben na súa intervención a contaminación dos solos do Porriño neste caso por lindano. É un problema que tamén dixo vostede que data de case máis de medio século. A súa orixe foi dos anos corenta. É unha produción dun insecticida por parte dunha empresa no polígono industrial de Torneiros, que, efectivamente, queda prohibido no noso país a partir do ano 2008, pero que xa dende o ano 1964, ou sexa, hai cincuenta e tres anos, non se fabrica na nosa comunidade.

É verdade que foi na década de finais dos noventa cando se fixo unha actuación; en concreto, unha actuación de encapsulamento dunha zona do polígono de Torneiros. Pero foi durante eses anos cincuenta ou sesenta onde non había perigo, onde ese insecticida non estaba clasificado como altamente contaminante, cando os humanos fixemos uso del para distintas actividades, entre elas para o recheo de camiños e para firmes. Nun destes camiños, de titularidade do Concello do Porriño, foi cando facendo unha obra nel, en concreto no lugar do Contrasto, a empresa adxudicataria, a empresa que está a acometer esa obra, detecta a presenza de lindano no pasado mes de outubro.

O problema é que o Goberno, esta consellería en concreto, xa levaba meses traballando sobre un informe —un informe que, efectivamente, tamén estamos agora mesmo a rematar— da situación do lindano. En setembro deste ano 2017, encárgase un estudo a unha empresa especializada para facer análises de solos, para determinar a posible existencia de contaminación nunhas zonas do Porriño. Neste momento partiamos dunha hipótese, dunha posible contaminación, que logo despois no mes de outubro foi dalgún xeito constatada por ese aviso que fai esa contrata da obra desa estrada do concello do Porriño.

Xa dende o primeiro momento se sospeitou que podería ser lindano, unha substancia que —como xa dixeran— durante anos se usou de recheo e de asfaltado de todas as estradas municipais. Gustaríame salientar que en todo momento houbo un traballo coordinado xunto

coa Consellería de Sanidade e xunto co Concello do Porriño e coa Confederación Hidrográfica. Deste xeito, inmediatamente despois do descubrimento do lindano nesa zona do Contrasto, nesa obra, en outubro procédese ao selado da obra dun xeito preventivo, mentres non se faga a definitiva actuación sobre o tema. E tamén se procede a tomar mostras de solos e de augas, en concreto vinte e sete mostras. E tamén se procede a tomar sesenta analíticas de auga, que foron as que revelaron que en dous terzos das análises non había contaminación. É verdade que constan dezanove pozos en concreto que si que tiñan contaminación, dezanove pozos que no día de hoxe están pechados.

Fixemos un completo traballo de campo a través da mostraxe de pozos e de traídas, e mesmo tamén nunha análise pormenorizada desas mostras que revela a presenza de lindano por riba dos valores de referencia nalgúns puntos.

Actuamos, señor Cal, con absoluta responsabilidade e, por suposto, con total transparencia. O noso primeiro obxectivo é eliminar toda posibilidade de que o lindano chegue ao consumo humano, porque o máis importante sempre é evitar calquera posible risco para a poboación. Así, como medida preventiva de carácter xeral, a Consellería de Sanidade recomenda a quen é competente, é dicir, ao Concello, a clausura de pozos e fontes e non empregar a auga para uso doméstico, e mesmo tamén intentar non consumir alimentos cultivados na zona afectada. Son medidas lóxicas e responsables as que correspondía tomar nestes momentos cando se coñece o alcance do problema. E a Consellería de Sanidade comprométese á realización, e así o está a facer, de análises periodicamente das augas, ata que se habilite por parte de quen é competente, neste caso tamén do Concello, un abastecemento alternativo, ademais de investigar calquera sospeita sobre os efectos da saúde que poidan ter os veciños. E para iso están xa preparados todos os sanitarios e tamén advertidos.

E a cronoloxía caracterízase polo seguinte:

Dende o primeiro momento establecemos contactos co Concello, falo do 10 de outubro, e mantivéronse informados os veciños en canto se confirma a presenza da substancia. A primeira comunicación da posible aparición de lindano por parte da empresa concesionaria foi o 10 de outubro. Só un día despois, o 11 de outubro, realízase unha inspección ambiental na zona sinalada pola empresa, e estes traballos prólonganse en xornadas posteriores. Esas primeiras visitas de inspección e o traballo de campo revelan a posible presenza de lindano, polo que neses mesmos días se toman mostras de solo, que se envían ao Laboratorio de Medio Ambiente. Nesas xornadas mantivéronse xa os primeiros contactos co Concello do Porriño para a coordinación, tamén coa Consellería de Sanidade, que tomou as primeiras mostras de auga.

O 25 de outubro mantense unha reunión entre Medio Ambiente, Sanidade, o Concello e a Confederación Hidrográfica e a empresa.

O 3 de novembro recíbense os primeiros resultados do Laboratorio de Medio Ambiente, que pon de manifesto a contaminación dos solos.

O 7 de novembro mantense un novo contacto co Concello do Porriño.



O 10 de novembro realízase unha reunión con Saúde Pública para valorar os resultados das augas.

O 15 de novembro un novo encontro entre Medio Ambiente, Sanidade e o Concello. Entre outras cuestións, nela abórdase a necesidade de manter as medidas preventivas, a clausura dos pozos e das fontes, que lle corresponden ao Concello, e tamén se acorda a subministración de auga garantida sanitariamente ás vivendas da zona.

Días máis tarde, o 17 de novembro, mantivemos unha reunión co Concello do Porriño, na que estiveron presentes, señor Cal, os veciños afectados e na que se puxo toda a información sobre a mesa; é dicir, non están abandonados. E non é certo que non estean informados. Nese encontro informouse os veciños dos resultados das análises realizadas e insistiuse nas recomendacións sanitarias. Pola nosa parte avanzamos os pasos que estamos dando para a descontaminación dos solos.

Nas últimas semanas, os contactos entre as administracións foron constantes. Tal é así que mañá mesmo volve haber outra xuntanza, neste caso, entre Sanidade, Medio Ambiente e o Concello.

Polo tanto, transparencia toda; ocultación, ningunha. Non houbo ningún tipo de ocultación. É dicir, dende que se ten a constancia certificada polos técnicos do laboratorio de que é lindano, en apenas uns días reunímonos cos veciños tamén para explicalo.

Voulle avanzar que acabamos de rematar este estudo, o estudo preliminar sobre a zona afectada no Contrasto que encargamos a unha empresa especializada. E este informe vainos permitir coñecer a situación real de lindano nesa zona, e daranos tamén as bases para continuar traballando. Este traballo vai ir acompañado dunha investigación en detalle que realizaremos xa nos próximos días, en concreto, en xaneiro, e que incluírá perforacións e apertura de zaxas para comprobar e, sobre todo, cuantificar a cantidade de lindano que existe na zona, así como o seu espesor, porque estes traballos son os que nos permitirán dalgunha maneira, que é o importante, calcular e organizar a planificación e as actuacións e medidas necesarias para a recuperación posterior da zona.

Seguidamente, con estes datos na man, redactaremos un proxecto, o proxecto de retirada dese lindano e do solo afectado, e mesmo tamén o tratamento a través dun xestor que sexa autorizado. Tal e como nos comprometemos co Concello e tamén cos veciños, farémolo todo no primeiro trimestre deste ano.

Estamos traballando dun xeito serio, dun xeito responsable, dun xeito técnico, seguindo os criterios técnicos. E, por suposto, nada máis lonxe da responsabilidade da que vostede fala de deixar abandonados os veciños, porque non é certo, estamos e estaremos en contacto con eles, porque o que máis lle preocupa a este goberno, única e exclusivamente, é garantir a saúde dos veciños do Porriño, en concreto.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Ben, señora conselleira, ¡que pena que a realidade diste tanto do seu discurso! Non me respondeu a unha pregunta que me parece moi importante, que é que medidas tomou dende o descubrimento da súa natureza e toxicidade para os seres humanos, se teñen prevista algunha actuación sobre as vivendas sociais e se ten datos o Goberno de zonas contaminadas fóra das xa detectadas tras a obra. Estas son preguntas moi importantes que non respondeu.

Vostedes din que a saúde dos veciños é o primeiro. Evidentemente, debería ser o primeiro, pero, no día de hoxe, os veciños e as veciñas das zonas afectadas seguen agardando polas analíticas. Vostedes néganlles as analíticas. Precisan unhas analíticas de graxa, que é onde se pode detectar o lindano, e seguen agardando. Entendo que vostedes non pensarán que os veciños e as veciñas teñan que custear nesta situación ir buscar onde poder facer estas analíticas, porque non é doado, e supoño que entenderá que isto deberían facelo vostedes.

A coordinación co Concello. É mentira que vostedes estean coordinados co Concello. Mañá reúnen, por suposto; mañá reúnen por primeira vez, fan a primeira xuntanza sería coordinada dende as distintas áreas. Miren, se están coordinados, teranme que explicar por que segue habendo restos de lindano polo camiño; non sei como se estiveron coordinando que nin sequera son capaces de sacar os restos que hai na zona en que está detectada. Se están coordinados, téñenme que explicar por que as persoas que fixeron esas obras non puxeron os traxes axeitados que se teñen que poñer para poder manipular o lindano, pola súa alta toxicidade. Se estiveran coordinados, tenme que explicar por que onte un técnico do Concello chamou unha persoa da plataforma que se acaba de crear para preguntarlle o que teñen que facer, porque eles non saben onde teñen que ir. ¡Xa me dirá vostede como poden estar coordinados nesta situación! Se están coordinados, evidentemente, non estiveron avanzando absolutamente nada.

E di que non foron vostedes irresponsables, que están actuando dende que teñen constancia desta situación. Iso é mentira, señora conselleira; directamente: iso é mentira. Vostedes teñen constancia, cando menos, desta situación dende o 2012, cando a Confederación Hidrográfica —que non teño aquí o papeliño— os informa de que hai contaminación por lindano. Iso está rexistrado na Consellería de Medio Ambiente, e hai valores que multiplican por douscentos o valor mínimo. Vostedes teñen isto na Consellería de Medio Ambiente dende o 2012. Pero non só é preciso que o saiban a través disto, é que o propio informe de 1999 di que hai zonas que poderían ser investigadas no futuro, e fala dalgunhas zonas. E vostedes levan nove anos agora, nos últimos gobernando, e non fixeron nada.

Pero é que, ademais, hai distintas empresas que están situadas onde estaba a antiga fábrica de Zeltia que dispoñen de rede de piezómetros e que miden os niveis de HC, e que continúan sendo altos. Véñense analizando estes niveis durante todos estes anos, e, evidentemente, vostedes teñen constancia. Pero teñen constancia de maneira oficial, informados pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil dende o 2012, nun informe que lles enviaron e que está

selado e rexistrado na súa consellería. Polo tanto, pediríalles que non mintan e pediríalles que non digan aquí que non foron irresponsables porque, por suposto, diso fórono. Porque ese informe fala de que multiplica por douscentos os niveis mínimos de lindano; cando o lindano é recomendable ao nivel cero, porque é bioacomulativo, e, ao final, ao longo dos anos pode ser moi daniño.

Vostedes están analizando unha zona que é este mapiña (*O señor Cal Ogando mostra á Cámara un mapa nun folio.*), que é onde se atopou o lindano. Esta zona está fóra das zonas que analizaron en 1999, non ten que ver con ningunha destas zonas. Hai que analizar todas estas zonas para ver onde están. (*O señor Cal Ogando mostra á Cámara outro mapa nun folio.*) E se apareceron todos estes rastros de lindano, dezanove pozos contaminados, fóra das zonas detectadas en 1999, evidentemente, hai que ampliar o grao e o mapeo para a localización do lindano. Precísase un mapeo amplo.

Como dixo vostede, este produto utilizouse para facer camiños, para facer firmes, porque compacta moi ben, e está espaxado por moitísimas zonas. O río Louro está dando altos niveis de lindano, o Miño dá niveis de lindano e temos moitísimas zonas —como lle digo— fóra. A propia plataforma está empezando a facer un mapeo. Porque canto máis tardemos será peor, porque hai moitos anos que se utilizou e a xente que recorda pois é maior. Están facendo un mapeo e localizaron na zona de Mos varios puntos, preguntándolle á veciñanza; localizaron puntos fóra da zona do «parque do lindano» e das vivendas. E isto é un traballo que deberían estar facendo vostedes. ¿Vostedes a que están agardando para saír desa zona onde se achou? Vostedes, ¿que pretenden?, ¿tapar iso, solventar iso, manterlles a traída aos veciños e veciñas e volver marchar de volta para a Xunta de Galicia e volver tapar o problema?

Mire, este problema é unha oportunidade, que saíra isto é unha oportunidade para que dunha vez por todas se solvete o problema. O problema non é só onde se abriu a zanja. No informe de 1999 falan vostedes do problema nun quilómetro cadrado. Pero aquí xa estamos fóra, e temos lugares localizados en Mos, é unha zona moito máis ampla. E estamos falando dun produto moi tóxico, moi perigoso para o medio e para a saúde das persoas, e que non se vai poder botar terra enriba, tapar e marchar para a casa.

En Marea vai estar enriba deste problema, non vai permitir que vostedes tapen isto, volvan marchar como fixeron en 1999, e o problema segue aí, porque o problema é un problema moi grave para a veciñanza e moi grave para o medio natural. Afrónteno en profundidade, de maneira seria, e comecen a facer ese mapeo moito máis amplo desta pequeniña zona onde vostedes queren tapar, ocultar e que non se saiba nada do problema real que hai nesta zona.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Turno de peche, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Mire, señor Cal: nin tapar, nin ocultar, nin mentir. Esta conselleira e a consellería

que represento ten unhas competencias claramente delimitadas en materia de contaminación de solos, en materia de contaminación de augas. En augas é a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a que ten as competencias de avaliar a situación de todos os acuíferos, como vostede está a informar. Ben, tampouco é esta consellería a que ten as competencias de dicir que é ou que non é perigoso para a saúde das persoas. Non é esta consellería a que di cando a calidade da auga, neste caso, pode ou non ser perigosa para a saúde das persoas. Polo tanto, señor Cal, cando lle digo que non hai ningún informe, dentro das competencias desta consellería, que neste caso en concreto ten que ver coa contaminación dos solos, que poña en risco a saúde dos veciños, e que, polo tanto, esta consellería actúa no momento en que coñece esa información, que, por suposto, nin foi advertida ao longo dese máis de medio século por quen gobernou no Concello do Porriño, non sei quen gobernou nos últimos sesenta anos, nin tampouco foi advertida nese máis de medio século pola Consellería de Sanidade, quen gobernou ao longo deses últimos anos. Polo tanto, señor Cal, ¡fale polo menos con propiedade!

Pero si xa cando lle dou resposta non me cre, e estoulle a dicir nunha relación que mantiven cinco xuntanzas polo menos entre a Consellería de Medio Ambiente, a Consellería de Sanidade, o Concello do Porriño e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e vostede di aquí que non se falou co Concello do Porriño, pois ¿eu que quere que lle diga? Xa non teño nada máis que dicir. *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)* (Murmurios.)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. ¡Silencio!

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** O máis importante, máis alá de que haxa alguén que o único que está é emperrado en tentar sementar unha alarma onde hai un problema serio, un problema no que esta consellería e a Xunta de Galicia van estar —como dixen na primeira intervención e seguirei a dicir— vixiantes extremadamente e na máxima coordinación con aqueles que temos competencias, que é a Consellería de Sanidade, que é o Concello do Porriño e mesmo tamén a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é que xa estamos actuando.

Poderíamos falar do que se fixo ao longo dos últimos sesenta anos. Se quere, señor Cal, remova as tumbas. Pero do que estou a falar é do que teño eu como competencia. E dende o primeiro momento que fun consciente de que podería haber un risco para a saúde, esta consellería, que non recibiu ningunha advertencia de quen ten as competencias para falar de saúde, neste caso actuamos inmediatamente. E actuamos facendo un estudo —como vostede coñece moi ben— nunha zona concreta, que, efectivamente, é a zona do Contrasto, onde estamos aínda no día de hoxe a perfeccionar ese estudo, porque é importante coñecer a importancia que ten, a presenza que ten e o calado que ten. E, polo tanto, temos que falar de zanzas, temos que falar de facer un estudo en profundidade, para saber cales son as medidas técnicas que temos que levar adiante para poder recuperar esa zona e coordinarnos, evidentemente, co resto das administracións. E —como dicía— ese estudo vainos permitir levar adiante a redacción dun proxecto; un proxecto de carácter técnico, que, evidentemente, tamén precisará dun investimento para a retirada e o tratamento do lindano nesa zona.

E, por suposto, non nos detemos, ofrecendo ademais información tamén e datos reais e non caendo no alarmismo, que é o único que vostede pretende facer, señor Cal. Porque isto o que non pode ser é vir aquí, negar que hai xuntanzas, negar que se están poñendo medidas.

E seguiremos adiante porque isto é o que máis me preocupa e o que máis me ocupa neste momento, que é terminar a redacción deste proxecto para a retirada do lindano dos solos afectados, para o seu traslado e tratamento. Terémolo listo no primeiro trimestre do ano 2018. Pero queremos continuar coas seguintes fases, queremos falar de máis. Polo tanto, elaboraremos un estudo en todo o concello do Porriño para avaliar a presenza do lindano en todo o concello, para o que precisaremos a máxima información e colaboración de todos os veciños que historicamente nos poidan identificar as zonas onde foi espallado ese material, e poidamos analizar con moitísima máis certeza. E, paralelamente, estableceremos tamén un protocolo de actuación para o caso de que no concello do Porriño se fagan obras a posteriori, para que se atopan o lindano, saiban o que teñen que facer e como teñen que facer.

E tamén demandaremos a quen é competente, que é o Concello do Porriño, a planificación dun sistema de abastecemento municipal, porque, efectivamente, hai moitísimos pozos, e algúns deles nin sequera están legalizados. E ao non estar legalizados e non estar en traída, non somos quen, nin esta consellería nin a Consellería de Sanidade, de avaliar a calidade da auga. E, por suposto, tamén nos dirixiremos ao Estado para solicitar a colaboración e o apoio económico non só para a localización de todo o lindano en todo o concello, senón mesmo tamén para a súa retirada.

Estamos actuando dun xeito responsable, dun xeito serio, dun xeito ordenado, seguindo os protocolos, traballando baixo tres eixes. O primeiro de todo é evitar a exposición da poboación a este composto, e para iso se é preciso prohibir o consumo de auga, pois que se faga o consumo de auga por aquel que ten a competencia de prohibir, que é o Concello, despois de recibir un informe da Consellería de Sanidade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** ...Localizar e cuantificar os residuos, que é no que ten competencia directamente esta consellería, que leva aparelado unha serie de estudos; estudos nos que xa estamos traballando, estudos nos que anuncio que seguiremos avanzando. E, por último, ampliar este estudo a todo o conxunto do Porriño.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Se vostede sabe máis de lindano, polo menos contribúa e aporte algo serio. O que non contribúe é xerar unha alarma innecesaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Grazas.

Punto sexto da orde do día, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a realización na actualidade pola Xunta de Galicia dalgunha análise dos niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos e elementos traza nas augas e sedimentos dos encoros nas zonas afectadas pola recente vaga de lumes forestais**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Conselleira, na Comisión de Agricultura, Alimentación e Montes do día 10 de novembro, neste pazo, En Marea levou unha proposición non de lei sobre a elaboración polo Goberno galego de protocolos de actuación para zonas queimadas polos incendios forestais e a creación dun banco de sementes autóctonas para a súa implantación na práctica do *mulching*, do que vostede falou antes, co fin de limitar o risco de erosión. O Partido Popular vota en contra, porque o Partido Popular ten a verdade absoluta e o control de todo, e pasou o que non tiña que pasar: o noso monte, os nosos ríos, as nosas rías e os ecosistemas, todo tinguido de negro.

Di a Sociedade Galega de Historia Natural —que me acabo de enterar de que é unha sociedade non grata dentro das filas do Partido Popular— que unha boa intención non ten por que dar bos resultados. Iso si, precisamos da boa intención e as ganas de todos para obrigar as administracións a que cumpran o seu papel.

Para limitar o risco de erosión postincendio, cómpre tomar un conxunto de decisións, que dende a Xunta de Galicia non tomaron; cómpre realizar unha serie de actuacións no menor tempo posible, antes de que as primeira chuvias desencadeen os peores efectos, que dende a Xunta de Galicia non se tomaron. Traio aquí esta proba gráfica. (*O señor Rodríguez Estévez mostra un ordenador portátil*). Acaba vostede de afirmar, diante da interpelación do PSdeG, que o Xurés non está contaminado, os cauces de ningún río do Xurés, de ningún manancial, de ningún nacente está contaminando. Este vídeo, esta proba gráfica mándama un axente medioambiental da súa Consellería, desolado, porque isto está a ocorrer mentres non se fixo ningún tipo de actuación. Esta é a serra do Xurés.

A recente vaga de lumes que asolou parte do noso país, incluíndo zonas densamente habitadas, calcinou extensas superficies nas cabeceiras ou na contorna de mananciais, captacións de auga, ríos, encoros, tanto hidroeléctricos como de abastecemento de auga ás poboacións, polo que existe o risco de que estas cinzas, carbóns e sedimentos arrastrados polas choivas ocasionen a contaminación dos cursos e masas de auga, incluídas as empregadas para abastecemento humano.

A presenza en praias e sedimento de encoros galegos de hidrocarburos orixinados por incendios xa está comprobada por varios estudos, e non só os nosos montes e os nosos ríos,

tamén son as nosas rías; estamos nunhas datas importantísimas na campaña de marisqueo, a viabilidade económica dunha boa parte do sector depende destas datas.

Dende a vaga de lumes detectáronse nalgunhas rías cinzas en suspensión durante o domingo negro e días posteriores, procedente da atmosfera, cuxo impacto aínda non foi medido. Xa a seca que estabamos a padecer influíu e pon en risco a produción marisqueira, porque moitas especies de alto valor, como o propio berberecho, requiren do caudal de auga doce dos nosos ríos nas desembocaduras.

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** E o que nos preocupa agora é minimizar o impacto deste triste episodio.

E, ante isto, preguntamos se está a Xunta de Galicia analizando os niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos e elementos con trazas nas augas e nos sedimentos dos encoros das zonas afectadas pola recente vaga de lumes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Vaia por diante que en ningún momento eu dixera que a Sociedade Galega de Historia Natural non fora grata para esta consellería, nin moitísimo menos. Iso non significa que estea de acordo con todo o que di, que é o que dixen no primeiro momento.

O segundo, vaia tamén por diante que estou convencida de que vostede coñece que, aínda que a auga vaia turbia, iso non significa que leve un grao de contaminación que poida suñar un perigo ou ben para a saúde pública ou ben para o marisqueo.

Terceiro, tamén vaia por diante que ese vídeo do que vostede estaba falando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Losada, ¿quere intervir? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non entremos niso, por favor. A pregunta é do señor Rodríguez.

Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Vaia tamén por diante —perdón no tempo—, aínda que me presenta vostede un vídeo do Xurés, que estou convencida de que vostede coñece que a competencia para avaliar

a calidade das augas, que lle compete a esta consellería directamente, está estritamente vinculada á conca Galicia-costa, e que, polo tanto, esa calidade desas augas das que vostede estaba ensinando nun vídeo é competencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a cal estou convencida de que está a facer as mesmas análises que eu estou a avaliar nas miñas competencias, pero que, evidentemente, se quere ter unha información moitísimo mellor e máis certa, terá que dirixirse directamente á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

O que lle podó garantir, que dixen na interpelación e volvo repetir a día de hoxe, é que, con todos os traballadores que temos dentro da Consellería e mesmo tamén na Gardería Fluvial que depende de Augas de Galicia, e que avalía a calidade das augas nas nosas competencias, a día de hoxe efectivamente a resposta sería fácil: non hai contaminación, a día de hoxe, 20 de decembro, de contaminación de hidrocarburos aromáticos policíclicos nas augas dos ríos nin tampouco nos sedimentos dos encoros.

Vaia tamén por diante que estamos traballando nesta investigación dende o primeiro momento, dende a vaga de lumes. De feito, esta Gardería Fluvial da que lle falaba, que depende de Augas de Galicia, está xa dende o luns 16 de outubro avaliando nas zonas que dunha maneira entendiamos que eran máis urxentes para facer o seguimento, en concreto o río Miñor, o embalse de Zamáns, en Vigo, o río do embalse de Baíña, río Muíños, en Nigrán, o río Oitavén, fervenza do Xesta, embalse de Eiras, en Ponte Caldelas, en Fornelos, en Pazos de Borbén; tamén estivemos en Boiro, no río Ulla, no afluente do Tambre, no embalse de Barrié de la Maza... En definitiva, estivemos onde nós entendiamos que, pola presenza dos lumes, tiña que estar toda a Gardería Fluvial.

Nese primeiro momento os técnicos da Gardería Fluvial non observaron problemas que foran significativos, pero, evidentemente, tiñamos que seguir e estamos a seguir traballando para confirmar que a situación daquela segue a manterse a día de agora.

E estámolo a facer tamén da man do Centro de Investigación de Lourizán, que identifica unha serie de puntos na nosa demarcación —insisto: na nosa demarcación— nos que se considera necesario analizar a presenza ou non de hidrocarburos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira. Ten outro turno despois.

Réplica, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

O vídeo, como vostede ben di, o que é o cauce do río, é competencia da Confederación Hidrográfica. Agora ben, o arrastre que baixa por toda a ladeira abaixo eu penso que é competencia súa, e que non están a facer o traballo que debían de facer.

O traballo de labor de restauración para evitar que estas partículas cheguen ás nosas augas, e que vostedes non fixeron, require unha planificación que estableza con claridade os puntos esenciais a considerar, as accións a acometer e a súa consecvente execución.



Neste contexto, os protocolos son instrumentos útiles que axudan a organizar estas actuacións, e hai moitos organismos, e incluso moitos técnicos da súa propia consellería, que nos din que non se están a levar a cabo.

A vostedes, que son tan constitucionalistas, lémbrolles unha das súas obrigas, que é cumprir e facer cumprir o artigo número 45, onde todos e todas temos dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenrolo das persoas, así como o deber de conservalo; os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida; e para os que violen o disposto no apartado anterior, nos termos que fixa a lei, estableceranse sancións, ben penais ou ben administrativas, que isto é o que lle tiñan que aplicar a algunha xente que non está a evitar estes danos.

Déixense aconsellar polo mundo científico, universidade, biólogos, investigadores de incendios forestais, propietarios dos montes, ambientalistas, e poñan en marcha de forma urxente actuacións que minimicen os danos producidos, os danos ecolóxicos, danos económicos e danos sociais. Urxe levar adiante traballos que eviten a erosión e os arrastres de cinsas aos acuíferos e aos cursos fluviais. A rexeneración e recuperación dos ecosistemas afectados é vital para a supervivencia do país. E a sinceridade é un principio básico para solucionar estas eivas.

Mire, (*O señor Rodríguez Estévez mostra unha serie de fotografías*) este é o nacente do río Barbaña, na provincia de Ourense, todo negro; non se fixo nada. Este é o río ao seu paso pola vila de Ribadavia, todo negro. Este é o macizo central en zonas de turbeira de alto valor ecolóxico e paisaxístico, e non se fixo nada. Este é O Xurés, e así teríamos para botar toda a tarde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez. Rematou o seu tempo. Grazas.

Peche da pregunta, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas.

É chamativo escoitalle facer mención expresa dun artigo da Constitución, pero a min alégrame, porque a min gústanme todos os artigos da Constitución, e, polo tanto, á parte de gustarme, tamén cumprilos e facelos cumprir.

Como lle dicía, traballamos dun xeito coordinado para precisamente facer esa avaliación e detección das posibles consecuencias a través da Consellería do Medio Rural e mesmo tamén en colaboración coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Volvo repetirle que estou convencida de que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil está a facer a mesma avaliación cos seus técnicos da situación na que se atopa toda a súa conca, e, polo tanto, estou convencida de que están controlando as zonas máis afectadas polos incendios na súa demarcación.

O seu obxectivo tamén é realizar esas análises, análises neste caso polas que vostede preguntaba sobre a situación na que se atopan os hidrocarburos aromáticos policíclicos e outro tipo de compostos que poidan estar presentes nas augas. Evidentemente, estámonos guiando por protocolos que xa están escritos, por protocolos que teñen, que esa é a maneira de traballar, non só a Gardería Fluvial senón tamén os axentes, e, evidentemente, tamén avaliamos os compostos químicos que nos marcan os técnicos, que poden proceder como recomendacións da universidade ou os que, efectivamente, como dicía vostede, poden saber.

Estamos facendo análises en distintas zonas, en puntos diferentes, e, efectivamente, avaliamos distintos parámetros químicos: o antraceno, o bezantraceno, o benzopireno, o benzo(a)fluoroteno; en definitiva, unha lista de todos os compoñentes químicos que entendemos que, dentro dos hidrocarburos aromáticos, poderían ser contaminantes.

E sendo claros, e volvendo falar da competencia, que é desta consellería, que é o máis importante, de todos os resultados, de todas as análises feitas, despois xusto dos lumes, e mesmo despois da borrasca Ana, non se detecta a día de hoxe presenza de hidrocarburos aromáticos policíclicos nas augas, non só dos encoros senón mesmo tamén dos ríos da conca Galicia-costa. Todos estes resultados son os que temos dos parámetros analizados tanto dende daquela, o 16 de outubro, ata o de agora, tamén nos sedimentos e nos encoros.

Seguimos facendo análises, seguimos vixiando, estamos especialmente centrados nunha zona da nosa competencia, que é a que está vencellada á zona de Eiras, Zamáns e Baíña, que é a zona se cabe onde máis afección podería ter a contaminación provocada polo arrastre das cinzas, e nestas inspeccións que realizamos, xa o luns 11, non se observou ningún arrastre nin se colleu ningunha mostra.

Estamos vixiantes e, evidentemente, eu creo que temos moitísima xente con moitísimo talento dentro desta consellería, moitísima, técnicos dentro de Augas de Galicia e dentro do Laboratorio de Medio Ambiente, que eu creo que fan un labor extraordinario, e que, evidentemente, os políticos aquí o único que facemos é deixalos traballar, e están traballando concretamente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Mariña desde a entrada en funcionamento do sistema de Estruturas de Xestión Integrada, EOXI**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Vega Pérez.

**O señor VEGA PÉREZ:** Boas tardes.

Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Hoxe preguntamos —e eu creo que é importante preguntar— sobre a sanidade pública, sanidade pública que defende este grupo parlamentario —e creo e aposto que defende tamén a sanidade pública este goberno—. En consecuencia, nós cremos importante preguntarlle polas EOXI, é dicir, o Plan de estrutura de xestión integrada, que foi vostede e este goberno quen a instaurou, e eu creo que trouxo uns beneficios para unha comarca, en definitiva para unha comunidade autónoma.

Pero nós preguntamos por que, porque hai distintos partidos que están mentindo e están enganando unha comarca, concretamente unha comarca que é A Mariña, que se está a dicir que imos dismantelar o hospital, que imos cerrar o hospital, e eu creo que é positivo que un conselleiro veña aquí render conta ante o pobo galego, e acudir á verdade, e a ver se dunha vez por todas nos afastamos deses demagogos e desas persoas que usan a sanidade pública para utilizala como instrumento electoral.

Polo tanto, nós preguntamos dende a responsabilidade, e preguntámoslle, señor conselleiro, que beneficios trouxo para un hospital e que beneficios trouxo para uns pacientes que acoden todos os días ao hospital e saben perfectamente que a porta do hospital está aberta para todos, e non hai que acudir cunha tarxeta Visa, senón coa tarxeta blindada, que é a tarxeta que blindada a unha persoa acudir á sanidade pública e tela gratuíta. A ver se nos queda claro a todos.

Polo tanto, cando hai un grupo parlamentario que pregunta e que lle fai acudir ao conselleiro ao Parlamento a respostar, outros seguen aguantando a pancarta da mentira, seguen aguantando unha pancarta —é verdade que oito nunha comarca na que hai 80.000 persoas—. Píddolles a eses oito que reflexionen e que fagan unha reflexión interna e que lle digan con claridade ao pobo da Mariña que usan a sanidade pública como instrumento electoral.

Dito isto, señor conselleiro, preguntolle: ¿cales son as melloras que ten experimentado o hospital da comarca da Mariña —hospital, para que lle quede claro a algún, da Mariña— dende a entrada en funcionamento do sistema das estruturas de xestión integrada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vega.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Señor Vega, a verdade é que desde a consellería, desde hai anos xa, se trata sempre —eu creo que é un principio básico— de acercar os servizos sanitarios aos cidadáns. E por iso o Decreto 168/2010 regulou a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, e, concretamente, polo Decreto 55/2013, do 21 de marzo, creouse a EOXI das áreas

de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos. Xa nese momento, como ben dicía, había algúns que dicían que era para pechar hospitais comarcais. Curiosamente, é parecido o discurso ao que fan cinco ou seis anos despois cando queremos reformar a Lei de saúde de Galicia precisamente para adaptala ás circunstancias asistenciais que nos pide a poboación.

Pois, miren, desde entón, desde que se ían pechar os hospitais comarcais naquel 2011-2012, puxemos en marcha o Servizo de Hospitalización a Domicilio, neste momento con dous equipos e coa conseguinte adaptación de espazos de dotación de vehículos oficiais do Servizo Galego de Saúde cun facultativo e enfermeira de HADO. Puxemos en marcha o sistema de triaxe Manchester no Servizo de Urxencias, con obras de reformas de espazos e dotación de enfermería. Reformamos e ampliamos a unidade de endoscopias dixestivas, e dotámola dunha segunda sala de endoscopias e almacén externo, ademais da dotación de equipamento: dúas torres novas de endoscopias, unha delas con magnificación, coa súa dotación de persoal, loxicamente, un especialista de aparello dixestivo e unha enfermeira.

A unidade de rehabilitación dotámola dunha segunda consulta de rehabilitación e no servizo de farmacia fixemos tamén distintas melloras. Renovamos a área de quirófanos e esterilización, o servizo de oftalmoloxía, o servizo de uroloxía e os servizos de anestesia e reanimación, non só no que se refire á infraestrutura e equipamento, senón, como é lóxico, a persoal.

Puxemos en marcha o Hospital de Día Oncohematolóxico, obra completa para a dotación de espazos para 14 postos de tratamento de quimioterapia, con dotación de sillóns e equipos; puxemos en marcha este servizo tan importante para todos os cidadáns.

Ampliamos a plantilla con persoal de enfermería e reformamos a farmacia para que se poidan preparar os tratamentos, ademais de incrementar o orzamento para a cobertura do custo dos medicamentos administrados. E conseguimos, loxicamente, evitar os desprazamentos a Lugo capital.

Esta nova área está atendida por oncólogos adscritos ao Servizo de Oncoloxía do Hospital Universitario Lucus Augusti; un gran servizo de oncoloxía con expertos con xa moitos anos de experiencia que, en vez de trasladar os pacientes, trasladábanse eles para dar esa atención no Hospital da Costa. Un servizo que —como digo— evita desprazamentos. Neste ano 2017 atendéronse 3.600 pacientes que recibiron uns 14.000 tratamentos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Ten outro turno despois.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Seguiremos no seguinte. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Vega.

**O señor VEGA PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, gustoume moito a súa resposta. Espero que a oposición estivera apuntando e escribindo. *(Risos.)* Espero que fixeran o seu traballo como parlamentarios. Non soamente hai que tocar de oído para falar da sanidade pública.

Comprobámolo hoxe pola mañá nas preguntas ao presidente. ¡Grandes expertos sanitarios! O señor Villares falou do Hospital da Mariña. É verdade que tocou de oído. É verdade que acoden soamente ao Hospital da Mariña, á porta, con oito persoas máis, e doutros partidos tamén acoden alí sete e algún máis. *(Murmurios.)* E aos actos que vén, que acode o presidente da Xunta de Galicia e algún cargo orgánico do partido, fanlles as manifestacións. Eu xa o dixen en varios medios de comunicación: en vez de manifestacións, parecen obsesións contra o Goberno galego e o grupo que respalda o Goberno.

Polo tanto, vostede aclarounos moi ben o futuro da sanidade pública e aclarounos moi ben cal vai ser o futuro do Hospital da Mariña; é dicir, 20 millóns de euros de investimento. Iso ten unhas consecuencias positivas para o hospital: 6.000 metros cadrados máis de hospital. A hospitalización a domicilio é un servizo sanitario que non existía. Señores do Bipartito, non existía con anterioridade, e agora existe unha hospitalización a domicilio que está valorada positivamente polos veciños da comarca. Non falen tanto da comarca e escoiten máis a comarca.

Polo tanto, señor conselleiro, se temos esa dotación orzamentaria e se esa dotación orzamentaria ten unhas consecuencias positivas para incrementar en 43 habitacións máis o hospital son datos que aos veciños da Mariña nos congratulan. Son datos que van blindar o Hospital da Mariña...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VEGA PÉREZ:** ...para sempre.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VEGA PÉREZ:** Deixen a pancarta e acudan...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VEGA PÉREZ:** ...á realidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vega.

Peche, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Pois a verdade é que si.

Pero á parte da área oncolóxica, moi importante, tamén na anatomía patolóxica, en cardioloxía e en rehabilitación estamos a mellorar e a incrementar eses servizos.

E quero dicir tamén que os tempos de atención —moi importantes— son dos mellores que temos no sistema público de Galicia. É máis, o Hospital da Mariña atende nunha media de 3 días os pacientes máis graves, os de prioridade 1, loxicamente de especial atención. E reduciu a espera media para intervencións cirúrxicas en xornada ordinaria ata os 40,9 días; 6 días menos que no primeiro semestre do ano 2016.

Ademais, loxicamente, non quedamos aí, e fronte á idea, como di, da pancarta, que sempre se utiliza, e as fotos, utilizando de fondo sempre as infraestruturas sanitarias públicas, nós seguimos traballando. O Plan director deu lugar a unha obra xa iniciada, e a idea é que acabe ou ben no último trimestre de 2018 ou nos primeiros meses de 2019. É esa a fase 1 do Plan director, que leva practicamente aos 12 millóns, e que imos ampliar —como ben di— en unidades de hospitalización, pero tamén nos tratamentos ambulatorios, cada vez máis importantes. Loxicamente, é o que nos pide a poboación: tratar de estar o menos posible nun hospital ingresado, poder ser atendido na comarca, aproximar os servizos ao lugar de residencia dos cidadáns e, loxicamente, pasar o menor tempo —como digo— nesta instalación.

Témolo, como digo, en marcha, pero non quedamos aí. Á parte desta magnífica obra de case 12 millóns de euros, o que seguimos é planificando. Estamos xa tratando de dar forma á segunda fase, esa segunda fase que vai seguir mellorando sobre todo zonas de radioloxía, zonas —como digo— ambulatorias, para que pouco a pouco poidamos incrementar o servizo sanitario —que nunca queda estable e sempre necesita melloras—.

Non podo facer este comentario non estando o protagonista desta mañá; desgraciadamente, sempre que falo eu e contesto a temas de saúde, non está. Si quero dicir que hai cousas que se dixeron e que son auténticas barbaridades, mentiras, ou, desde logo, das non se coñece a realidade. Iso a min paréceme moi grave. Por exemplo, o servizo de uroloxía fai unha patoloxía propia da especialidade, incluída a oncolóxica. Dicir que non fai determinada patoloxía paréceme que é descoñecer absolutamente a realidade. Ou tamén se di que no servizo de oftalmoloxía non se operan cataratas, que, loxicamente, é o primeiro diagnóstico, o primeiro tratamento que se fai nesa área, como en calquera outra. E din tamén que o servizo do otorrino non ten actividade, cando se está realizando a patoloxía propia da especialidade, incluída, loxicamente, a patoloxía oncolóxica máis complexa. E, por suposto, en cardioloxía, desde hai moitos anos, implántanse marcapasos. (*Murmurios.*)

O Hospital da Costa ten unha carteira de servizos máis ampla que calquera hospital comarcal. ¿Por que? Porque desde hai moitos anos, de verdade, ten traballando magníficos profesionais nesa área. E nós, coa reforma da lei e con todas as iniciativas que estamos tendo, imos máis alá, non quedarnos quietos e imos mellorando a calidade do servizo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e o número de servizos que podemos dar alí.

Por iso, concretando, desde logo, estamos encantados do servizo que están facendo os hospitais comarcais, e coa reforma da lei o que buscan, precisamente, é acercar máis servizos aos cidadáns, vivan onde vivan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da infraestrutura e a dotación de persoal de enfermaría no Hospital Comarcal de Monforte**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Permítanme, antes de máis, saudar as compañeiras que nos acompañan hoxe de Monforte e do Saviñao. Son dous dos concellos cuxa veciñanza é usuaria do Hospital Comarcal de Monforte, polo que hoxe nós lle preguntamos, e seguimos manténdonos na mesma EOXI da que se falaba na anterior pregunta.

E preguntámoslle pola situación na que se atopa este hospital comarcal porque son reiteradas as denuncias por parte da xunta de persoal a respecto especialmente —e é nesa cuestión na que nós enfocamos hoxe a nosa pregunta— das condicións de traballo nas que se atopan enfermeiras e auxiliares de enfermería das plantas de Medicina Interna e de Especialidades.

Actualmente, no Hospital de Monforte hai na quenda de noite 1 enfermeira e 1 auxiliar para atender cada planta, o que supón atender 28 pacientes para 1 enfermeira e 1 auxiliar. Imaxinemos por un momento o que se pode dar de maneira habitual nun hospital, como é que se produzan dúas situacións urxentes nunha mesma noite, nunha mesma planta. ¿Que é o que teñen que facer estas traballadoras e traballadores? Porque partirnos en dous até o momento os seres humanos non somos quen de facelo.

O que está a provocar a falta de persoal, que atinxe tamén á categoría de celador, tradúcese nunha sobrecarga de traballo para os profesionais, que se ven abocadas e abocados a priorizar as tarefas pola imposibilidade de prestar a debida atención a todas as persoas hospitalizadas. Eu insisto, 1 enfermeira e 1 auxiliar para 28 pacientes. Iso é o contrario absolutamente a unha boa calidade asistencial.

E xa lle pido de antemán que non nos acuse de pór en cuestión a profesionalidade das traballadoras e dos traballadores, porque o que estamos a cuestionar é, precisamente, a falta de profesionais para facer fronte á carga de traballo que existe no concreto neste hospital comarcal. Unha situación que non é nova, que leva sendo denunciada moito tempo pola xunta de persoal, e á que se suma —porque ao contrario do seu relato a realidade é outra— a perda da especialidade de dixestivo —hai unha praza vacante que non foi cuberta aínda—. No caso de oftalmoloxía, foi cuberta só de maneira provisional. E están á expectativa de ver que acontece no caso de cardioloxía. Vai xubilarse a persoa que ten esta praza no primeiro trimestre de 2018, e, vendo os antecedentes, pois teñen bastantes dúbidas a respecto de que se cubra.

Nós trouxemos esta pregunta diante das denuncias, xa digo, reiteradas do cadro de persoal. E o que nós lle preguntamos hoxe, conselleiro, é se van facerlles caso a esas demandas, a esas reclamacións, de que se aumente o cadro de persoal de enfermería e de auxiliar de enfermería no Hospital Comarcal de Monforte. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Para a contestación ten a palabra o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, en primeiro lugar, vou empezar como rematei a intervención anterior, falando dos magníficos profesionais que temos na sanidade galega, e, por suposto, na área de Monforte, igual que na área de Burela; podemos dicilo sen ningunha discrepancia. Temos magníficos profesionais.

E, desde logo, as demandas de persoal do Hospital de Monforte —igual que as de calquera outro— son analizadas e avaliadas tanto co propio persoal como cos órganos de participación do mesmo. Hai algo fundamental, temos que facer o mesmo nivel de calidade sexa onde sexa, sexa nos hospitais comarcais, nos hospitais de referencia ou nos centros de saúde. Temos que avaliar en todo momento o que imos atender e, loxicamente, a carga asistencial é fundamental.

O Hospital de Monforte conta co persoal necesario e está dimensionado en función da poboación que atende no seu ámbito de cobertura e dos índices de ocupación. Ademais, produciuse unha diminución de case 8.000 cidadáns, persoas, poboación de referencia desta área sanitaria. Desgraciadamente, un dos problemas que temos en Galicia nesta área reflíctese de forma importante, xa que estamos falando de 8.000 persoas menos desde o ano 2003, unha caída importante.

Ademais —como ben coñecen—, no Sergas temos posto en marcha un Plan de estabilidade porque, loxicamente, un tema que procuramos, desde logo, potenciar é a estabilidade de persoal, porque o persoal vai traballar de forma máis adecuada. E imos conseguilo moi por encima do que quere o Ministerio. Nós iremos a un 5 % de persoal eventual; nesta área tamén se vai notar e, desde logo, cremos que con iso imos mellorar.



Pero quero dicirlle unha cousa, o índice de ocupación no pasado mes de outubro —por pór un exemplo, un mes xa con bastante atención porque estamos entrando no inverno— foi de menos do 65 %. Cando vostede di que falamos de 28 pacientes nunha ala, non é certo. Falamos do 65 % dunha ala de 28 pacientes; non son 28 pacientes. E, polo tanto, en caso de que haxa un aumento puntual de cargas de traballo ou de demanda asistencial, o Sergas, o Hospital de Monforte, reforzan o persoal necesario para garantir en todo momento unha atención de calidade, áxil e eficaz.

Isto faise en calquera momento que resulte necesario, porque o obxectivo do Sergas é prestar unha atención coa máxima calidade. Unha proba disto tamén é a posta en marcha da hospitalización a domicilio a finais do ano 2016, a través da que se realizaron máis de 2.200 visitas a arredor de 200 pacientes. Estamos atendendo non só en hospitalización, non só en consulta, non só en urxencias, senón tamén en domicilio.

Outra mellora dos servizos do hospital é o hospital de día oncolóxico, que, ao igual que Burela, permite tratar pacientes oncolóxicos polo mesmo equipo do que falamos no ámbito de Lugo; desta maneira, poden ser tratados no seu lugar de residencia e podemos acercar os servizos a cada unha das localizacións.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** E, como digo, quero insistir en que en todo momento estamos en disposición de escoitar os profesionais e de ter en conta as súas aportacións e poñelas en práctica se con iso conseguimos mellorar a prestación dos servizos sanitarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu, conselleiro, o primeiro, son magníficos profesionais, estamos completamente de acordo con iso, pero a profesionalidade vai ligada directamente tamén aos dereitos laborais, e o que non podemos ter é unha sobrecarga de traballo nun cadro de persoal que está mermado ou que, polo menos, non conta cos recursos humanos suficientes para atender as necesidades das persoas que están hospitalizadas; é dicir, que todo vai ben pero que das 28 prazas que ten a planta non están todas cubertas.

Eu volvo insistirlle na cuestión á que facía referencia na miña primeira intervención. ¿Como, se só temos unha enfermeira, se se producen dous casos de urxencia nunha mesma noite, vai atender esas necesidades das persoas que están alí hospitalizadas? E trasládollo así porque, ademais, foi como se nos trasladou a nós directamente, e facendo moita énfase nesa cuestión de que son abocadas a ter que priorizar sobre as tarefas que cobren, a ter que decidir

sobre atender todas as necesidades das persoas que están hospitalizadas, ademais xerar-quizándoas.

Trasladóuselle, ademais, a través dun escrito, precisamente por parte dos propios profesionais, á xerencia do hospital, advertindo desas necesidades que non foron cubertas; é máis, trouxéronse por parte doutra organización política á Comisión de Sanidade desta Cámara esas reclamacións para instar a Xunta de Galiza a cubrir esas necesidades de persoal, e foron rexeitadas por parte do Partido Popular e da forza política que sustenta o Goberno.

Entón, escoitar, o que se di escoitar, as demandas do cadro de persoal, eu case me atrevo a dicir que non. E, ademais, eu na miña intervención facía referencia a outras cuestións un pouco ao fío da pregunta que se formulaba con anterioridade, poñendo en valor esa reforma sanitaria que fixo o Partido Popular. Non se están achegando servizos sanitarios á poboación das comarcas, o que se está facendo moitas veces é substituíndo uns servizos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...por outros. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Ten o turno de réplica o Goberno, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Señora Rodil, desde logo, eu creo que non é no Parlamento onde se debe dicir que número de persoal ten que ter unha ala de hospitalización; creo que iso é sacar as cousas de contexto. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Para iso están os traballadores e os representantes sindicais dos traballadores e, loxicamente, os xestores de sistema; se non, isto sería ingobernable. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Algún parlamentario do seu grupo xa me dixo nunha ocasión que no tema do calendario vacinal tiñamos que tomar decisións políticas. Eu sempre dixen que non, que temos que respectar os criterios técnicos para que haxa igualdade no trato a todos os pacientes, independentemente de onde vivan.

Mire, dicir que se hai unha urxencia, dúas urxencias ou tres urxencias nunha noite é demagóxico. É demagóxico porque precisamente onde está o persoal moito máis respaldado é nun hospital, que hai cinco áreas de hospitalización co persoal correspondente, co servizo de urxencias. Todo o persoal está preparado para atender o que faga falta. Entón, non me pode pór como exemplo iso.

Tamén me pon o exemplo de que se cubrimos ou non cubrimos un oftalmólogo, un urólogo ou demais. Precisamente o que están combatendo desde a pancarta, desde a foto, é que non se reforme a Lei de saúde de Galicia, e iso creo que é un erro. Deberían pensalo, porque o que busca esa nova distribución é que teñamos servizos de área, non persoais; o que estamos dando é un servizo non asociado a unha persoa, asociado a un servizo, a un equipo profesional de médicos, de enfermeiras, de auxiliares de enfermería, de celadores... Iso é un equipo asistencial; iso é o que queremos que haxa, que non teña ningunha dificultade.

Polo tanto, nós imos seguir escoitando o persoal, escoitando os representantes e, desde logo, atendendo as necesidades dos cidadáns no momento que as necesiten, incrementando en épocas de maior ocupación e, loxicamente, non abrindo, non utilizando camas que non sexan necesarias, porque tamén temos que dar un sentido ao que é a xestión sanitaria.

E mire, quero dicirlle tamén que teño aquí 31 puntos de melloras na área sanitaria de Monforte, no Hospital de Monforte, nos dous últimos anos. Vou intentar ler —non sei se chegarei, se me dará tempo— os 31, pero vou ir un por un.

Adquiríronse novos equipos de rehabilitación; melloras ao acceso do hospital; obras de ampliación do ximnasio e rehabilitación; estase operando incluso a pacientes que non son da súa área sanitaria —traumatoloxía, por exemplo, e zonas limítrofes—; construción do novo hospital de día oncohematolóxico na planta baixa do hospital; implantación de probas de amniocentese —ata entón as mulleres da área de Monforte tiñan que ir a Lugo facer a amniocentese; neste momento fanse alí—; obras na planta de traumatoloxía; arreglos nos baños de todas as habitacións; implantación de novos servizos: oncoloxía, alergoloxía...; reforma do *hall* de entrada do hospital; un novo ecógrafo; unha nova estación de traballo no servizo de cardioloxía; adquisición dun novo mamógrafo dixital...;

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...adquisición dun novo respirador para o servizo de anestesia; incorporación da unidade de saúde mental do hospital comarcal; apertura dunha nova sala de consultas externas nos antigos quirófanos; implantación dunha nova unidade de rehabilitación do solo pélvico... Isto, e, como digo, ata 31 puntos novos nos últimos dous anos. ¿Como poden dicir que non estamos tratando de acercar os servizos ás comarcas, a onde residen os pacientes? ¿Como poden dicir o mesmo? O Hospital Comarcal de Monforte vai seguir medrando: máis servizos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e de maior calidade. E seguiremos traballando, pese a que vostedes non acaben de entendelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da relación existente entre os beneficios e os riscos das vacinas que se usan no Programa galego de vacinación**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

A vacinación, xunto coas melloras na hixiene, o tratamento da auga de abastecemento e os antibióticos son as prácticas médicas que máis vidas salvaron. A erradicación no ano oitenta da varíola —é unha enfermidade que chegaba a causar un 30 % de mortos—, despois da xeneralización en todo o mundo da vacinación contra a mesma, é un exemplo claro da eficacia da inmunización en persoas para diferentes enfermidades infecciosas.

Contra toda evidencia científica existente, as vacinas están tristemente de actualidade nestas datas, non pola súa eficacia e seguridade, senón pola sorprendente e irresponsable pregunta formulada por unha eurodeputada galega á Comisión Europea, na que se dubidada dos beneficios da vacinación, magnificando os efectos adversos das mesmas.

Diante desta grave situación, a Sociedade Española de Inmunoloxía tivo que emitir unha nota, publicada en xornais galegos, facendo chegar a súa preocupación sobre a grave irresponsabilidade que supón poñer en cuestión as vacinas en pleno século XXI, como fixo esta eurodeputada galega do Grupo de En Marea.

A presidenta desta sociedade ten saído aos medios a desmentir afirmacións falaces. A maior parte das vacinas xa non utilizan o mercurio como conservante. E un profesional que publicou un estudo sobre a relación entre vacinas e autismo —por certo, con datos falsos— está absolutamente desacreditado e retiráronlle a licenza no seu país de orixe para exercer diante da grave irresponsabilidade, do grave risco para a saúde pública individual e colectiva, que representaba esta persoa.

Parece increíble que unha responsable pública se converta en defensora dunha tese sen ningún tipo de evidencia científica, apoiada por un pequeno grupo de «conspiranoicos extremistas», afirmando estar en contra das multinacionais farmacéuticas.

Na pregunta da señora Senra fálase de toxicidade e efectos secundarios, citando que poden chegar ata causar a morte, alarmando a poboación. Ou tamén pide que se exixa consentimento informado para a súa administración. Asemade, rexeita a obrigatoriedade da súa aplicación, que vén de implantarse nalgún país europeo diante do aumento da mortalidade infantil en nenos e nenas non vacinados, para rematar afirmando que ninguén puido demostrar a seguridade das vacinas; aseveración gravísima e falsa.

Tristemente, diante do avance dos antivacinas e da toxicidade frecuente das redes sociais, houbo máis de 2.500 casos de sarampelo en Italia, o 90 % non vacinados, recentemente tamén en España un falecemento por difteria dunha nena catalá e ingresos por este tipo de enfermidades. Co interese de refutar afirmacións nada científicas como as expresadas por esta electa da antiga Alternativa Galega de Esquerda, representada hoxe neste Parlamento polo grupo de En Marea, para tranquilizar a poboación e informala dos beneficios das vacinas, co fin de que ningunha persoa poida ter a máis mínima dúbida da seguridade de calquera vacina que se poida administrar en Galicia en calendario ou por indicación dalgún

profesional, o Grupo Parlamentario Popular formúlalle a seguinte pregunta: ¿como valora a Xunta de Galicia a relación entre beneficios e riscos das vacinas que se utilizan no Programa galego de vacinacións tanto infantil como adulto?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Para contestar, ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, en primeiro lugar, creo que é necesario dicir de forma clara e inequívoca que as vacinas e os programas de vacinación son unha das estratexias preventivas máis benéficas en saúde pública. As vacinas adminístranse habitualmente á poboación sa, sobre todo a nenos, polo que as garantías de seguridade que se exixen son máximas.

A seguridade avalíase con gran rigor científico, e as decisións sobre a súa administración á poboación deben basearse nun coñecemento preciso do cociente beneficio-risco. Segundo a OMS, o número estimado de mortes evitables entre o 2011 e o 2020 é de 20-25 millóns, un promedio de 2,5 millóns de mortes evitadas cada ano a causa de enfermidades evitables, como o sarampelo, a hepatite B, o pneumococo *Haemophilus influenzae*, rotavirus, o virus do papiloma, a rubéola, a febre amarela ou a encefalite. Incluso o Premio Nobel de Medicina do ano 2016, o bioquímico Jules Hoffmann, vai máis alá e di: «*Las vacunas han salvado 1.500 millones de vidas. No vacunar es un crimen.*»

En España o impacto da vacinación pode valorarse cando sabemos que o número de casos de sarampelo era en 1983 de 301.319 —¡301.000!—, e foron 302 casos en 2015 —de 300.000 a 300 casos—; de tose ferina eran 60.000 casos en 1985 e 3.439 trinta anos despois; e de poliomielite, que en 1959 afectou 2.132 persoas, en 2015 non houbo ningunha persoa. E se falamos de Galicia, que é sobre o que vostede pregunta, de sarampelo tiñamos 11.000 casos no 1982 e ningún caso en 2016. No caso da tose ferina, pasamos de 1.046 en 1985 a 128 en 2016. E da meninxite C, na que fomos pioneiros na campaña de vacinación, pasamos de 172 casos no 1996 a ningún en 2016; impacto que tamén se traduce non só na diminución da mortalidade, senón tamén da morbilidade.

Tamén hai que dicir que as vacinas, como calquera outro produto biolóxico, poden provocar reaccións adversas, que na súa grande maioría son leves, ben toleradas e aceptables, aínda que en raras ocasións poden producir efectos de maior gravidade.

A aprobación de calquera vacina está condicionada á comprobación exhaustiva por parte das axencias reguladoras da idoneidade dos estudos realizados. Unha vez comercializada, continúa o proceso e seguimento dos efectos adversos poscomercialización, que permitirán completar o coñecemento sobre a súa seguridade.

Polo tanto, señor deputado, son seguras e, sobre todo, son eficaces. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Señor presidente.

Isto aclara, señor conselleiro, a grave irresponsabilidade e lixeireza da eurodeputada da que falamos. Algún voceiro do Grupo de En Marea aínda tivo o valor de defendela ou, polo menos, de non rexeitar taxativamente esas afirmacións, visitándoa, ademais, na sede do Europarlamento, non estando de acordo coas peticións de dimisión que lle fixeron chegar compañeiros e asociacións.

Ese mesmo voceiro tratou hoxe de enganar a poboación na pregunta ao presidente ao poñer en boca da señora Rodríguez-Vispo unhas verbas que eran do presidente de Castela-A Mancha e que ela se limitou a repetir na Comisión de Sanidade en relación coas vacinas.

Nós cremos que a señora Senra debería ter presentado a súa dimisión, e non polo seu transfuguismo, segundo afirmación dalgunha persoa da súa coalición, ou por non pagar as cotas que debería ingresar na caixa do seu partido, segundo outras versións, senón polo grave prexuízo que as súas verbas e afirmacións poden causar na saúde pública de toda Europa pola alarma social. (*Murmurios.*)

Sorprende tamén, señor conselleiro, que persoas do mesmo grupo político que a señora Senra demandaran neste Parlamento a ampliación do calendario vacinal ou administración xeneralizada dalgunha vacina que acababa de chegar ao mercado con investigación científica escasa e cando as cifras de incidencia desa enfermidade estaban e están a ser as máis baixas dende hai moitos anos, ou que se acusara o Goberno da Xunta de Galicia polo desabastecemento dalgunha vacina da que vostedes, dende logo, non eran responsables. Primeiro alertan a poboación pola non administración ou o desabastecemento para a continuación asustala cos perigos ou os efectos secundarios das vacinas.

Pois nós, señorías, dende o grupo maioritario da Cámara, queremos facer unha defensa á vacinación sempre da man dos técnicos, neste caso os epidemiólogos e preventivistas, para que toda a poboación teña a seguridade e a tranquilidade de que pode recibir calquera vacina sen riscos apreciables.

Xa non nos sorprendería que calquera día algún representante público dese partido preguntara sobre zombis ou fantasmas, asuntos con evidencia científica similar aos que teñen os postulados dos antivacinas.

Nesta segunda quenda, señor conselleiro...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:**... gustaríanos que completara a súa exposición.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, a verdade é que hoxe houbo un cambio importante neste Parlamento, porque creo que desde o mesmo grupo que hai unhas semanas se atacou as vacinas, hoxe o portavoz de En Marea repetiu en nove ocasións a palabra vacina; quere dicir que hai un cambio importante en só unha semana. É dicir, que, evidentemente, o problema dos antivacinas é que non teñen ningunha base científica e que poden provocar unha desinformación na poboación, e isto está facendo que en Europa, nalgún país de Europa, haxa un crecemento de, como dicía, enfermidades que ata este momento ían nun claro decrecemento, e iso é unha grave irresponsabilidade. Polo tanto, creo que é importante que este Parlamento teña claro que, desde logo, a vacinación é sempre segura e moi eficaz

O Instituto de Medicina *Institut of Medicine*, de Estados Unidos, desde finais da década do setenta, a través dun comité, levou a cabo máis de sesenta estudos de seguridade das vacinas para dar resposta a estas cuestións, baseados nos sistemas de vixilancia dos sinais de alerta sobre seguridades establecidas polo FDA, así como unha serie de ensaios clínicos complexos comparados con bases de datos de millóns de nenos.

O informe elaborado como conclusión a estes estudos, o máis completo ata estas datas sobre seguridade do calendario vacinal, conclúe que non hai problemas de seguridade asociados ao calendario infantil. Nós últimos tempos véñse constatando un aumento das declaracións contrarias á vacinación baseadas, como digo, en falsos argumentos pseudocientíficos, amplificados pola súa difusión aos medios nas redes sociais. Por iso, quero traer aquí a colación un artigo publicado nun diario nacional por un dos maiores expertos europeos en vacinación, que é o doutor Federico Martín Torres —por certo, xefe do Servizo de Pediatría do Complexo Hospitalario de Santiago—, que di: «*Cuando utilizamos nuestra condición profesional o cargo para argumentar pública y eficazmente una postura, la que sea, estamos asumiendo una responsabilidad y, por ende, deberíamos asumir tambien las consecuencias de nuestra irresponsabilidad*». Creo que resume moi ben o que está pasando e, desde logo, creo que, como dicía ao principio desta mañá, hai un claro xiro na política de vacinación da oposición, que cremos que debe seguir por aí.

As vacinas salvan vidas; non vacinar mata. Isto é así, e temos que seguir dando un discurso de claridade á sociedade. Como digo, en España somos dos países onde este concepto está máis claro.

Imos seguir traballando para iso, para evitar, como digo, o que pasa nalgún país europeo, e é que, desgraciadamente, estes últimos anos houbo un incremento en casos de sarampelo, por exemplo, en Rumanía, en Italia ou en Alemaña, e isto, ao final, leva a mortes, mortes infantís previsibles...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Desde logo, estamos traballando en todos os servizos de saúde de España e, por suposto no galego, para evitar isto.

Moitas grazas.

E creo que a postura debe quedar clara: seguridade e eficacia; sen dúbida, a vacinación.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ás seguintes preguntas, que se acumulan a efectos da súa realización, e son a 6.7, 6.8 e 6.9.

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo**

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os mecanismos de coordinación institucional e de intercambio de información existentes entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para que o Goberno galego continuase anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo**

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando ao sector do mar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten, en primeiro lugar, a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, hai aproximadamente cinco meses preguntabamos os socialistas nesta Cámara polas accións que estaba levando ou que podería levar a Consellería para acoller este laboratorio. Nós falabamos de accións timoratas, de peticións timoratas. Vostede respondeu —certamente molesta por ese cualificativo— que estaban traballando co Ministerio e con argumentos, cítolle: «Así o fixemos dende o minuto un, así o solicitamos tanto á ministra de Agricultura como á ministra de Sanidade».

Chegou setembro e nós plantexamos a esta Cámara, a través da Comisión 8<sup>a</sup>, un acordo cos demais grupos para plantexar que Galicia fora a candidatura de España para ese laboratorio. É certo que o Partido Popular tratou de reducir ese acordo, en colaboración con algún outro



grupo, e aínda así nós, en favor do consenso, plantexamos que era mellor a unanimidade, aínda que fora un acordo reducido, e así o promovemos.

Paralelamente, os socialistas preguntamos por esta cuestión no Congreso dos Deputados e na Unión Europea. En setembro, segundo o Congreso dos Deputados, segundo o Goberno de España, Galicia era unha candidatura perfecta. En outubro era unha candidatura perfecta. Chegou novembro e tiveron que confesar. Esa candidatura nunca foi posible, señora conselleira, e vostedes sabíano; sabíano dende maio. Sabíano porque o Ministerio estaba nas reunións da Unión Europea onde se dixo que ese laboratorio non ía ser destinado a ningún sitio porque desaparecería.

Non contentos con iso, a fuxida para diante foi moito máis interesante, porque vostedes anunciaron —o presidente Feijóo con vostede presente e o conselleiro de Sanidade; toda a plana que era necesaria administrativamente— no Intecmar, en Vilaxoán, en Vilagarcía, que lanzarían a candidatura do Intecmar para acoller ese laboratorio; entre fastos e oropeis, pero patrañas, señora conselleira, era mentira. Porque a Unión Europea vén de desvelar que nunca, nunca, houbo unha petición oficial; nunca. Vostedes pasaron meses anunciando unha candidatura que nunca solicitaron; pasaron meses anunciando que estaban traballando en algo que nunca fixeron, e nós preguntámonos por que.

En realidade, señora conselleira, isto é un ridículo espantoso, pero non a deixa mal soamente a vostede —que, por suposto, tamén—, deixa mal a toda unha administración, a toda unha comunidade; déixanos nun espectáculo vergoñante. O que nos preguntamos é por que nos quixeron tomar por parvos, porque en realidade o que quedou é que a actuación do Goberno da Xunta foi burlesca, señora conselleira.

Nós preguntámonos se vostede mentiu porque en realidade soamente hai dúas opcións: ou foron incompetentes ou foron mentireiros. Calquera das dúas é motivo para sentirse inhabilitado e, polo tanto, vostede ten que dimitir, señora conselleira; vostede ten que dimitir. *(Murmurios.)*

Pero, en todo caso, antes de dimitir, explíquenos por que o fixo, e explíquenos por que foi posible que mantiveran unha candidatura cando sabían que era imposible; por que o presidente, o señor Feijóo, lanzou unha candidatura cando sabían que era imposible; por que vostede dixo aquí que estaban traballando co Ministerio e que estaban solicitando esa candidatura, cando non é certo; e por que vostede veu aquí dicir que nós non sabíamos do que falabamos e que non nos preocupamos ninguén que xa estaban traballando, cando non era certo.

Vostedes poden crer que a mentira é moi interesante para ter titulares de periódico, señor conselleiro, pero non é así.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Vostede ten que dimitir, pero antes explíquenos por que presentaron estes anuncios, cando en realidade sabían que era imposible. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Para formular a pregunta ten agora a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Como teño tan pouco tempo para formular a nosa pregunta, vaime permitir que, como o nome de Laboratorio de referencia da Unión Europea para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos é un nome un pouco longo, este grupo parlamentario se permita chamarlle, para abreviar, «laboratorio farsa», porque o que levan facendo vostedes durante os últimos meses só se pode cualificar de farsa ou de esperpento ou dalgún sinónimo, calote, etc.

E miren, isto é moi grave; é moi grave porque vostede ten responsabilidades de goberno, é moi grave tamén porque Galiza tiña todo para ter neste asunto unha posición forte, e non nos valeu de nada grazas á súa incompetencia.

Nós somos potencia marisqueira, temos os recursos naturais e temos, ademais, un importante capital tamén en materia de investigación, do que somos referencia en moitos aspectos, entre outros, nalgún organismo, como o que se vén de citar, o Intecmar. É dicir, que hai argumentos e puntos a esgalla que se teñen debatido tamén na propia Comisión de Pesca deste Parlamento e neste mesmo pleno. Pero, ¿sabe o que lle faltou a Galiza? A Galiza faltoulle ter tamén un goberno serio, un goberno que traballase esta cuestión e que defendera o seu país, en lugar de estar facendo unha farsa permanente. Porque o que nos demostran os acontecementos das últimas semanas e o que se vén de desvelar é que, efectivamente, Galiza mantén un peso de pluma no Estado español. Esta situación a verdade é que é algo inaudito. Primeiro sabemos agora que a Comisión Europea decidiu chapodar «o laboratorio farsa» e que nin vostedes nin ninguén do Partido Popular en ningunha institución fixo absolutamente nada. Máis aínda, o representante do Ministerio de Sanidade votou a favor.

Desde xullo a decembro vostedes dedicáronse a dicir que Galiza estaba traballando para traer aquí o laboratorio —agora coñecido como «laboratorio farsa»—. Vostede mesmo mentiu abertamente en sede parlamentaria, e agora sabemos que o Goberno central, co que teoricamente vostedes deberían traballar e cruzar algún tipo de chamada telefónica, reunións comúns e demais, sabía desde hai máis de medio ano que este laboratorio ía deixar de existir. Non só o sabían, senón que, insisto, votaron a favor diso.

Sabemos agora incluso que en Bruxelas non recibiron nin a máis mínima solicitude oficial por parte deste goberno —que ten ese vicio de dicir que fai e logo non facer ningún tipo de solicitude—. E xa non é que esta historia sexa truculenta, pareza un guión de ficción e non teña nin pés nin cabeza, senón que é que hai varios días que isto se sabe e aquí ninguén se desculpou, ninguén pediu perdón, ninguén deu a máis mínima explicación de que pode estar acontecendo, de que puido ter acontecido, nin ninguén dimitiu, e a verdade é que, desde a oposición, estamos absolutamente abraizados. Vostedes superaron calquera expectativa posible...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e non sabemos, señora Quintana, se isto é incompetencia ou é aleivosía. En todo caso, calquera destas dúas cuestións é tremendamente grave, e agradeceríamos que dera hoxe algunha resposta...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...algún tipo de responsabilidade política e que nos explique se isto é ao que lle chaman no Partido Popular «estar no bo camiño», porque, desde logo, a nós non nos vale esta farsa de política. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, para formular a pregunta neste caso, a señora Santos Queiruga.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Señora conselleira, a semana pasada destapouse publicamente un novo engano, versus chapuza, da Xunta, da súa consellería e do Goberno do señor Feijóo; unha historieta do estilo *Mortadelo e Filemón* coa que enredaron aos galegos e galegas de novo este ano. Temos que recoñecer que, se non chega a ser algo tan grave e que prexudica seriamente a mariñeiros e mariscadoras, a comunidade investigadora afincada en Galicia e a cidadanía en xeral, ata poderíamos resultarnos chistoso este asunto, porque é algo tan surrealista que nin se lle ocorrería ao mismísimo Ibáñez. Un novo bochorno público do seu goberno, esta vez á conta do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos —este nome tan complicado—. O señor presidente reivindicaba en Vilagarcía o día 24 de novembro a candidatura galega a ese laboratorio, que se atopaba no Reino Unido, e que había que volver buscarlle un lugar tras o *Brexit*.

Unha vez máis, os superaxentes do PP galego, comandados polo señor Feijóo, colleron os seus disfraces de superxestores e lanzáronse a facer o ridículo, pero neste caso por Europa adiante, e desta vez foron ao grande. Temos aquí as noticias: o señor Feijóo anunciou que Galicia optaría ao Laboratorio Europeo de Bivalvos sen facer ningunha petición á Unión Europea. ¡Menudo despiste, señora Quintana! Garantíronlle unha páxina estelar ao presidente da «TIA», señor Feijóo, cando anunciou no Intecmar unha candidatura que nunca se presentou a un organismo e que o Goberno do doutor Bacterio, M. Rajoy, mandou ao Grupo Popular en Europa, ao grupo parlamentario do seu partido, votar disolver meses antes en Bruxelas.

Cando Feijóo fixo pública esta declaración no Intecmar, xa coñecían dende había tres semanas que o Ministerio sabía, a día 17 de maio, a intención da Unión Europea de suprimir este laboratorio. Vostede no mes de xullo —témolo aquí tamén, xa se citou neste Parlamento— anuncia no Parlamento que Galicia aspira a acoller o Laboratorio Europeo de Bivalvos. O día 15 de setembro votamos aquí na Comisión 8ª todos por unanimidade defender a mellor candidatura para este laboratorio. E estamos de acordo en que a mellor candidatura era a candidatura de Galicia. E despois, o día 13 de outubro, en Madrid, os do seu grupo rompen o consenso da maioría da Cámara, en Madrid, porque non estaban para localismos. Entón non se podía apoiar o que se votou nesta Cámara por unanimidade. Despois, o día 24, como dicimos, o señor Feijóo di xusto o contrario e volve apoiar esta candidatura. ¿Quen manda no

Partido Popular, señora Quintana? ¿Os deputados galegos do PP, dese partido grande e unido? ¿M. Rajoy manda máis que A. Feijóo? Porque o único que temos claro é que no que estaban de acordo era en manter unha mentira e enganar a toda a cidadanía e rirse dos galegos e galegas. E como imaxinamos que esta vez non lles vai valer falar de Cataluña para xustificar o que se fai mal en Galicia e a súa falta de capacidade, incompetencia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e de ética política, pois gustaríanos preguntarlle como pode explicar a Xunta de Galicia que durante meses se estivera enganando o sector do mar e a comunidade investigadora cunha promesa que sabían perfectamente que era irrealizable. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra para contestar, por parte do Goberno, a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, señor Torrado, señora Presas e señora Santos, permítanme empezar esta resposta cunha reflexión, que entendo que vostedes entenderán ben, que reside en que a experiencia me fai acreditar nun principio moi básico e antigo que di que non se debe xulgar antes de ter toda a información. Digo isto porque non é a primeira vez que sucede neste Parlamento que se fai así, e que algún dos que acusan e atacan ten que matizar deseguido de forma substancial as súas palabras. Neste caso pódennos crer que esta Consellería tivo sempre dúas condicións en todo este proceso: obramos de boa fe e fixémoslo todo dende a vontade de reforzar a eficiencia no eido dos controis dos moluscos bivalvos. Isto foi así dende que o anunciamos. Alá por outubro do ano 2016 anunciamos a nosa intención de traballar por conseguir ese distintivo para Galicia. Isto acontece e é así, e tamén se recolle así no informe de opinión xurídica sobre a retirada do Reino Unido da Unión Europea e as súas posibles consecuencias para o sector pesqueiro de Galicia, realizado polo profesor Sobrino Heredia, director do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga.

No texto dese informe xa aparecía recollido un capítulo específico sobre o posible traslado do sinalado laboratorio, situado actualmente no Reino Unido. E o profesor Sobrino realizou esa precisión á nosa instancia como base para poder iniciar ese camiño que reforzase a Galicia. E así o fixemos o 9 de maio nesta sede parlamentaria, cando eu mesma comparecín para explicar a nosa postura diante do *Brexit*.

A resultas daquel camiño, chegamos hoxe a un punto no que algúns parecen querer esquecer dous feitos importantes: o primeiro é que a Xunta sempre demandou que ese distintivo de laboratorio comunitario de referencia viñese para Galicia, fuxindo de localismos; o segundo, que hai un ano non tiñamos nada e hoxe sabemos que levaremos a parte fundamental do actual laboratorio, e, sobre todo, a que máis nos interesa, a das actividades relacionadas coa clasificación e o seguimento das zonas de produción de moluscos bivalvos. Polo tanto, temos un avance do que tiñamos hai un ano.

Pero algúns non queren ver ese feito positivo e quedan coa parte da forma e non do fondo, e incumpren as dúas premisas coas que nos traballamos. No fondo, non responden á boa fe e atacan sen saber como é exactamente, parecendo descoñecer que o Estado conseguiu traer para o laboratorio comunitario de referencia de biotoxinas esa parte importante de labor que agora fai o CEFAS. Na forma, non agardan a ter a información e esquecen que o Estado responde diante doutros 27 estados membros e que os argumentos e os procedementos da Comisión Europea tamén entran en xogo.

Nós queremos saber, e por iso demandamos máis información e todas as explicacións pertinentes. Queremos esas explicacións do Goberno, que é quen ten a potestade de intervenir neste asunto en Bruxelas. Queremos —e seguro que se nos dará— que se nos dea traslado desas razóns e argumentos dos outros Estados e da propia Comisión Europea, queremos saber o que fallou na cadea de información, xa que a empregada entendemos que foi a habitual, aínda que queremos entender que desde Aecosán, desde a Reper e desde o Laboratorio Nacional se fixo todo o correcto. Queremos saber que razóns imperaron nesa proposta de eliminación do laboratorio como tal, e confirmar que foi a operatividade, a concentración e a especialización a que fundamentou tal decisión.

Desde logo, o que non vou consentir é que se diga que se engana, que se fale de patrañas e de mentiras, cando vostedes deberían coñecer o procedemento comunitario de decisión. Non enganamos a ninguén, nin por acción nin por omisión, xa que toda a información é pública. E digo isto por varias razóns que vou intentar explicar.

A primeira é que creo que é importante clarexar o procedemento decisorio europeo neste ámbito, porque quizais del saian varias explicacións. Porque vostedes están tomando como feito pechado algo que en maio non o era. Calquera que saiba algo deste procedemento europeo sabe que aquilo non estaba pechado, por dúas razóns: unha, porque o propio comité ao que vostedes aluden non é quen decide ou aproba, e así se reflicte no procedemento feito explícito na Decisión do Consello do 28 de xuño de 1999 pola que se establecen os procedementos para o exercicio das competencias de execución atribuídas á Comisión, como é o caso; dúas, porque naquel momento se trataba dunha proposta, e así se recolle cando se di que a Comisión tamén destacou a súa intención de lanzar un proceso para reemplazar os laboratorios de referencia, actualmente localizados no Reino Unido, sinalando que para o laboratorio de moluscos bivalvos a súa competencia se distribuiría en diferentes laboratorios de referencia da Unión Europea xa existentes. Digo isto porque, se vostedes revisan a orde do día daquel comité, verán que este asunto non figura nin no documento principal nin na addenda, e tan só se recolle no resumo, se ben dentro doutras cuestións e sempre como proposta. Se tal é así, se daquela estaba decidido, ¿que votaron despois en outubro? ¿Votaron dúas veces para o mesmo? ¿Onde está a votación daquel día? ¿Tomáronse as decisións en Bruxelas sen ir na orde do día e de forma trapalleira? Entendo que non.

Por outra banda, no mes de outubro, e como continuidade do procedemento habitual de decisión cando son competencias de execución, vótase o ditame sobre este asunto. E aínda daquela non estaba pechado o asunto. Hai que recordar que este procedemento se leva conforme os artigos 3 e 5 da decisión que citei antes, que regula o procedemento consultivo nestes casos. Pois ben, este ditame é preceptivo pero non vinculante, e nel tiñamos clara-

mente difícil saír airosos coa nosa postura, cando son todos os Estados membros presentes os que votaron a favor da proposta da Comisión para sacar a adiante este regulamento de execución. Hai que lembrar que neste comité permanente de vexetais, animais, alimentos e pensos, na súa formación de seguridade biolóxica da cadea alimentaria, amais do Ministerio, a través da Aecosán, tamén pode participar Cataluña como representante das comunidades autónomas, que é a encargada da transmisión da información ás restantes autonomías.

Polo tanto, este procedemento segue os pasos normais, e son informados posteriormente ao Parlamento, na sesión celebrada o 16 de novembro do 2017. O Coreper, na sesión celebrada o 6 de decembro, analiza o documento. E, por último, o Consello de Ministros de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores aprobou como punto a) non lexislativo este asunto o pasado 7 de decembro.

É certamente importante destacar aquí que esta aprobación é de facto unha mera verificación de que a Comisión non se extralimita nas súas competencias e non invade as atribuídas aos procedementos de codecisión, polo que dificilmente se pode frear este tipo de propostas da propia Comisión. Neste caso hai que facer referencia a dúas cuestións que deben reflectirse neste proceso: unha, que entendemos que esa proposta da Comisión, formulada desde un departamento que dirixe o socialista Vytenis Andriukaitis, non é de doada oposición, e supoñemos que terá os seus fundamentos e razóns para propoñelas; dúas, que Galicia sempre estivo traballando, desde que coñece desa proposta, no grupo de traballo de bivalvos do mes de xuño, e que transmitiu a súa postura de novo en xullo ao Ministerio, dada a importancia deste feito.

Polo tanto, non se imposibilitaba a candidatura, nin nada estaba pechado, nin o día 24 de novembro nin cando vostedes empezaron a pedir responsabilidades por supostos enganos ou cousas parecidas. Como ben dicía, o 17 de maio nada se tratou de forma oficial sobre o asunto, e nada decidira o nomeado comité o 18 de outubro.

O que si lles adianto é que nós seguiremos na intención de ofrecerlle á DG Sante a nosa experiencia e saber facer para, se se reconsidera a proposta de Andriukaitis, estar en disposición de acoller as restantes partes do laboratorio que nestes momentos non veñen para Vigo. Polo tanto, sígolles dicindo que necesitamos máis ca nunca a unidade de todos para seguir dicindo que Galicia pode acoller eternamente este laboratorio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica, ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Señora conselleira, vou intentar ser prudente coas afirmacións, e para iso imos recuperar algúns datos.

Vostede fala de boa fe e de colaboración. Cítolle o noso debate de xullo. Cito o Grupo Socialista: «Imos estar no apoio a esta aposta firme e decidida se de verdade é vontade da Con-

sellería». Cítoa a vostede: «Quede tranquilo. Nós, desde Galicia, faremos unha aposta firme e decidida para que ese laboratorio comunitario de referencia poida vir para Galicia».

O señor Andriukaitis... Vostede xa encontrou un culpable, xa encontrou un culpable. Resposta oficial da Unión Europea, punto 2, o día 8 de decembro: «O 18 de outubro de 2017 presentouse ante o Comité Permanente, bla, bla..., polo que se suprime o laboratorio de referencia da Unión Europea». Punto 1 —e leo en castelán, porque me parece preciso ler exactamente o texto—: «*La Comisión no ha recibido ninguna notificación o petición oficial de ningún Estado miembro respecto de la reubicación del laboratorio de referencia de la Unión Europea para el seguimiento de los componentes virales y bacteriológicos de los moluscos bivalvos*».

Pero é mais, señora conselleira, vostede cítame —a verdade é que, cando se quere ocultar unha mentira tan grande, ás veces escapa algunha cousa—, vostede cítame que a xustificación de que en maio non se sabía nada é que se tivo que votar en outubro. Ben, tívose que votar en outubro, efectivamente, está aquí, eu teño esa acta, onde está o Ministerio, non é Cataluña, está o Ministerio. Vostedes tiveron que falar co Ministerio. Por certo, se se votou e se decidiu en outubro, ¿que fai o señor Feijóo anunciándoo o 24 de novembro? ¿Pero que fai o señor Feijóo anunciándoo o 24 de novembro? (*Aplausos.*)

Vostede o que me está dicindo é que, si, vostede en xullo non tivo ningunha culpa, porque en maio non se sabía nada. Agora, o señor Feijóo, que se libre el, ¿non? ¿Vostede acaba de condenar o señor Feijóo a dicir que o mentireiro é el? ¡Home!, libéreno vostede desa cuestión. Eu o que lle digo é que, se vostede non foi mentireira, foi incompetente. Se o señor Feijóo non foi mentireiro, foi incompetente. E calquera das dúas é un motivo de dimisión. Vostede, señora conselleira, acaba de quedar retratada coas actas da Comisión Europea, coas respostas oficiais e incluso coas súas propias verbas, señora conselleira. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Agora, para o turno de réplica, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señora conselleira, vostede vén aquí e di que vimos acusar e sen información. Menos mal que vimos preguntar. Pero ¿sabe por que nós vimos aquí coa información que temos e non máis? Porque vostedes levan uns días preciosos nos que puideron ter comparecido en rolda de prensa, puideron enviar información ao Parlamento, puideron facer notas de empresa (*Murmurios.*) —de prensa, si, trabuquei unha palabra, reláxense un pouco— (*Risos.*) Ou puideron incluso facer esa cousa exótica, que é comparecer no Parlamento galego por petición propia para dar explicacións cando vostedes meten a pata. (*Aplausos.*)

Puideron facer iso e non o fixeron. E, en todo caso, vostede acaba de volver insistir en que sempre demandaron o laboratorio. A min gustaríame saber como, porque eu, cando presento unha candidatura a un proceso interno, a unhas eleccións, ou cando me presento a un posto de traballo, rexistro algo, poño un documento enriba da mesa. Eu non lle vou volver ler o que vén de ler o señor Torrado, pero, loxicamente, ou mente Bruxelas, ou mente vostede, ou mente alguén aquí. Iso é, a todas luces, evidente.

Despois, coma sempre, o Partido Popular confórmase coas migallas. Entón vén vostede xa co argumento preparado de que non tiñamos nada e agora temos un pouquiño. Pero, dende logo, ao Bloque Nacionalista Galego iso non nos vale. (*Murmurios.*) Porque hai que recordar, hai que recordar, si —os que están aí facendo ruído non sei se o saben—, que o extinto «laboratorio farsa» tiña para este bienio un orzamento de pouco máis de 1,8 millóns, o que é un 0,03 % de todo o orzamento do Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro. É dicir, que, se agora esa migalla a esmigallan en varios cachos, ¿sabe vostede sequera qué parte de contía económica viría para Galiza e qué poderíamos facer con iso? ¿Poderíamos facer algo ou teríamos que conformarnos con ter unha titulite que non nos vale para nada e que non situaría o noso país como unha referencia, como si o podería situar ese laboratorio?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Desde logo, a nós non nos vale o argumento de conformarnos coas migallas, nin o argumento de eludir responsabilidades e simplemente conformarse con estar a ver se alguén nalgún lado por aí adiante reconsidera algo. Teñan un pouco de vergonza, exerzan o seu traballo, e fagan que Galiza teña unha unha posición forte neste asunto.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E, sobre todo, dean explicacións, porque iso é o que deben facer vostedes como goberno.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Porque é moi fácil vir aquí e, por exemplo, nas emendas aos orzamentos dicir que nós deixamos a Consellería sen teléfono e facer mofa das propostas da oposición.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas. Xa rematou o seu tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pero, se precisa un teléfono para chamar a Madrid, déixámosllo desde o BNG. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten a palabra, para o turno de réplica, a señora Santos Queiruga.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Señora Quintana, déixanos sen palabras. Non sei que parte lle temos que volver explicar para que entenda que é incompatible todo o que acaba de explicar con que o señor Feijóo anuncie que Galicia opta a este laboratorio sen facer ningunha petición. Non sabemos que parte non entende de que é incompatible o que está contando, e que se demostra que é unha mentira, con que o seu grupo en Europa vote a favor de suprimir este laboratorio. E é incompatible con toda a argumentación, que é mentira tras mentira, coa que nos quere facer aquí lavado de imaxe, cando é imposible que intente tapar unha mentira tan grande. O señor Feijóo polo menos debería pedirilles a vostedes un pouco de au-



to crítica —a vostedes, señora Quintana—, que son os personaxes que o acompañan nesta historieta de despropósitos na que teñen sumida a Galicia.

E despois fala aquí vostede de localismos. Debería saber que iso foi o que dixo o seu grupo contra a maioría da Cámara, en Madrid, cando somos os maiores produtores de marisco de España e de Europa; e, no caso do mexillón, do mundo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, aí estamos, aí estamos con Chile.

Despropósitos e ocorrencias do seu Goberno que nos abochornan constantemente. Tomen conciencia dunha vez de que as maiorías absolutas non son unha escusa para facer o que lles dá a gana, para mentir, para deixarnos en ridículo por todas partes. Non son un cheque en branco, tomen conciencia de que están prexudicando a Galicia, de están tan obsesionados coa propaganda que se lles olvida gobernar. Olvidan facer propostas, facer o seu traballo, e todo é propaganda, propaganda e propaganda.

Deixen vostedes de agochar a cabeza, coma avestruces, en Madrid. Xa sabemos que lles están dando collejas constantemente. Xa sabemos que vostedes non pintan nada no gran Partido Popular unido. E en realidade o problema que temos en Galicia é un goberno de presuntos superxestores que non soamente non saben o que teñen que facer senón que Madrid se aproveita diso para prexudicar a Galicia en temas que son clave para a nosa economía e para a nosa xente.

Enganáronnos a todos con total falta de respecto, inclusive aos representantes desta Cámara. ¿Como cre que o sector do mar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...a comunidade investigadora e a cidadanía lles van crer algo? ¿Como os van tomar en serio cando van xestionar as cotas? É normal que o sector diga que polo menos aforren a viaxe de avión e non gasten os cartos de todos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...para facer o ridículo na Unión Europea. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Para o turno de réplica por parte do Goberno, ten a palabra a señora conselleira, Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, señor Torrado, señora Presas, señora Santos, a verdade é que Galicia é moi sabia, e hai un dito que di: *Dime de qué presumes y te diré de qué careces*. E a verdade é que veñen vostedes aquí acusarme a min de mentireira, a acusarme a min de enganar, a acusarme a min de... Fagan un pouco de análise interna e miren a ver quen mente e quen engana.

Dixen aquí que Galicia era o mellor lugar para que se ubicara ese laboratorio. Sigo dicindo que Galicia é o mellor lugar para que se ubique ese laboratorio. Sigo dicindo que quen tomou a decisión, que é un comisario da Comisión, da DG Sante, da Unión Europea, terá que dar explicacións de por que, mentres o Reino Unido forma parte da Unión Europea, o laboratorio debe de ser único e, no momento en que o Reino Unido abandone a Unión Europea, o laboratorio hai que dividilo. Eu non lle encontro explicación, pero espero e supoño que ma darán.

Miren, aquí de enganos, enganos..., algúns dos que falaron; algúns dos que falaron, porque mentres estaban gobernando apostaron por un cambio de método de detección de biotoxinas, transformándoo a método químico, á fronte do cal estaba unha persoa que dirixe a Aecosán... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio, por favor!

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Que é a mesma persoa que representa o Goberno de España nestas decisións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Eu teño que defender iso como investigadora, como política e como persoa, porque así o teño acreditado, señora Santos. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

¡Señora Santos, por favor...!

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Así o teño acreditado. *(Fortes murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora conselleira, perdoe un momento.

Pídlle respecto a todo o mundo. Está no uso da palabra un deputado, unha conselleira. Así que escoiten a quen está no uso da palabra. *(Fortes murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Aquí estivo todo o mundo calado nas outras... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes non está no uso da palabra, para empezar. *(Murmurios.)* Non están no uso da palabra. Así que, por favor, silencio todos, todos e todas. *(Murmurios.)* Non, todo o mundo, sempre.

Por favor, continúe.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, continúo.

Eu creo que o que non se pode é confundir, enganar e mentir. Nós nin confundimos nin enganamos nin mentimos. A nosa postura foi, é e será a mesma. E imos seguir traballando nesa liña.

E xa lles adiantei na miña primeira intervención que no mes de xaneiro teño concertada unha cita co director da DG Sante para ir alí e pedir explicacións con ánimo construtivo. Porque nestas cousas hai quen quere facer sempre unha guerra política e ese non é o camiño. E dígollelo e repítollelo, porque aquí neste grupo deféndese hoxe que o Intecmar é un laboratorio magnífico que todo o mundo valora e de recoñecemento internacional. Pero eu teño que recordar aquí que, cada vez que salta unha alerta sanitaria e alguén no exterior pretende dicir que foi por un mal funcionamento do Intecmar, aquí nesta Cámara saen todos os grupos atacando o Intecmar. E esa non é forma de defender Galicia. *(Aplausos.)*

Nós temos que seguir traballando dunha maneira técnica e científica, que é a decisión... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

A explicación estouna dando. Non é denigrante. Déixenme falar, por favor, que eu escoiteinos a todos con respecto. Cando non se deixa falar é cando non se ten a verdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

Señora Pontón, por favor, escoitemos todos.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Déixenme falar e déixenme explicar.

*(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, escoitemos todos e todas. *(Murmurios.)*

Escoitemos todos e todas, por favor. *(Murmurios.)*

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** ¿Estou dicindo algunha mentira cando digo que, cando hai unha alerta sanitaria, o primeiro que se critica é o Intecmar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Hai argumentos en todos os medios de comunicación atacando o Intecmar? O ano pasado, hai dous anos, hai tres anos... Cando o Intecmar tivo que propoñer un grupo de traballo para poder buscar un factor de corrección para determinadas toxinas das latas de conserva, ¿iso tamén foi un fallo do Intecmar ou foi un fallo do método químico, o que vostedes defenderon? *(Aplausos.) (Murmurios.) ¡Home, por favor! ¡Vamos defender o rigor e vamos defender a ciencia! (Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nós non queriamos o laboratorio para o Intecmar, queríámolo para Galicia. *(Aplausos.)* E entendemos que en Galicia hai grupos de investigación profundamente cualificados que teñen a capacidade para facer esta xestión.

Nós o único que pedimos é, pola importancia que teñen os moluscos bivalvos para Galicia, que ese laboratorio que estaba unido no Reino Unido permaneza unido unha vez que o Reino Unido marche da Unión Europea. E iso é o que seguimos demandando.

Entendemos que pode haber algunha xustificación cando nos din que a parte da salmonela vai para un laboratorio que xa hai específico de salmonela, a parte de *escherichia coli* vai para un laboratorio que xa hai específico de *escherichia coli*, a parte de virus vai para un laboratorio que xa está acreditado en viroloxía e a parte de control das zonas de produción vai para o laboratorio comunitario de referencia de biotoxinas, que está ubicado en Galicia, que é o que maior importancia ten.

Vostedes din que nos conformamos coas migallas. Isto non se trata de migallas, non. Trátase da importancia económica que teñen as decisións que toman os científicos cando fan determinados valores para dicir se un produto pode ou non pode ser apto para o consumo humano. E iso é o que nós estamos buscando. E a parte máis importante dese laboratorio, que é precisamente a dos controis oficiais nas zonas de produción, esa é a parte que se conseguiu que viñera para Galicia.

Non tiramos a toalla, seguimos traballando. Se vostedes nos seguen apoiando, podemos acreditar que en Galicia, en todas as universidades, no Campus do Mar e no propio laboratorio comunitario de referencia temos técnicos especialistas que poden facer todas estas funcións. Dende logo, dende o Intecmar, sen perder as funcións especiais que ten o Intecmar, que é ser un laboratorio de control —que facemos máis de cen mil análises diarias e non podemos desviar a nosa atención—, tamén estamos dispostos a seguir apoiándoo para que ese laboratorio, se se reconsidera a postura na Unión Europea, poida vir para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.


Rematados os puntos da orde do día, levantamos a sesión.

E felices festas a todos.

*Remata a sesión ás sete e corenta minutos do serán.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25